

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de MARZO DE 2003**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, día 28 de marzo de 2003, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.-Aprobación das actas anteriores, núm. 2/03 e 3/03, correspondentes ás sesións extraordinaria do 17 de febreiro e ordinaria do 28 de febreiro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 1400 deica a núm. 3.799 do ano 2003.

Cooperación e Asistencia a Municipios

- 3.-Aprobación do proxecto reformado da obra “EDAR en Mogor” do concello de Mañón, incluída no POS 2001. Código 01.2100.0186.0.
- 4.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Centro social en Montouto” do concello de Abegondo, incluída no POS 2002. Código 02.2100.0004.0.
- 5.-Aprobación do proxecto de terminación da obra “Casa de Cultura Caamaño 2-3 fase” do concello de Porto do Son, incluída no Programa operativo local 2001. Código 01.2300.0049.2.
- 6.-Aprobación da modificación do proxecto por cambio da situación da obra “Rehabilitación e ampliación de edificio para conservatorio do concello das Pontes, incluída no Programa operativo local 2001. Código 01.2300.0050.0
- 7.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Ampliación ponte Baxoi E.P. 4803” do concello de Miño incluída no programa da RVL adicional 2/2002.
- 8.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneamento e abastecemento de auga en Brión” do concello de Brión, incluída no Programa operativo local 2002. Código 02.2300.0071.0.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 9.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia aceptando cesión dun local con destino a oficina recadatoria da Excma. Deputación Provincial da Coruña, aprobada polo concello de Narón.

10.-Aprobación do convenio Deputación Provincial da Coruña e o concello de Oleiros para establecer colaboración de ámbalas institucións para o financiamento das obras de reparación das obras de travesías de Bastiagueiro, seto separador.

11.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Piscina descuberta do concello de Monfero”, incluída na anualidade 2001 do Plan 2000 deportes. Código 01.3420.0148.0.

12.-Aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa e aprobación definitiva do expediente de ampliación da cesión de uso á Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP).

13.-Aprobación da 1ª fase da primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación, incluídas no IV convenio de cooperación subscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

14.-Aprobación da 4ª e última fase da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes 1998-2001.

15.-Aprobación da obra “Pavillón polideportivo das Pontes” en substitución da denominada “Pavillón polideportiva nos Chaos” do concello das Pontes, por cambio de parcela, incluída na 1ª fase da anualidade 1999 do Plan 2000 deportes. Código 99.3420.0116.6.

16.-Aprobación do proxecto de terminación da obra “Campo de fútbol en Cortella mod. 2-3” do concello de Coirós, incluído na 3ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes (98.3420.0026.0)

17.-Aprobación de proxecto reformado da obra “Pavillón polideportivo en Brens” do concello de Cee, incluída na 2ª fase da anualidade 2001 do Plan deportes 1998-2001. Código 01.3420.0144.0.

Vías e Obras

18.- Aprobación do proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado treito p.k. 6,100 deica o 9,600 da E.P. 1105 de Noia a Cabo de Cruz, Lousame e Boiro.

19.-Aprobación do programa de actuación na Rede de estradas provinciais (período 2002-2003) para o ano 2003.

20.-Aprobación do Plan de Vías provinciais 2003, 2ª fase.

21.-Aprobación do Programa de actuación para o plan de travesías e outras obras para o ano 2003.

Cultura, Deportes e Xuventude

22.-Bases da convocatoria do Programa de dotación de aulas de informática dirixido ós concellos da provincia para o ano 2003.

23.-Bases da convocatoria dos Programas de apoio veciñal dirixidos ás asociacións de veciños de concello de máis de 50.000 habitantes para o ano 2003.

24.-Modificación do obxecto da subvención nominativa concedida á fundación “Camilo José Cela”, para o ano 2003.

Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

25.-Proposta de aprobación de bases da convocatoria do Plan adicional ó 2000 de recuperación de arquitectura popular.

26.-Proposta de aprobación da 3ª relación da anualidade 2002 do Plan XXI de fomento de turismo da natureza.

27.-Ampliación de prazo de xustificación das obras do Plan XXI, para o fomento de turismo da natureza na provincia da Coruña (Anualidade 2001).

Economía, Facenda e Especial de Contas

28.-Expediente de modificación de créditos núm. 1/03 e Recoñecemento Extraxudicial de Créditos.

Persoal, Réxime Interior e Informática provincial

29.-Aprobación de especificacións do Plan de Pensións denominado “Persoal da Excma. Deputación Provincial da Coruña. Plan de pensións.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE MARZO DE 2003.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de marzo de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPIÑEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP

DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Non asiste o Sr. Cobas García e o Sr. Blanco Rouco entra no punto número cinco.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o Viceinterventor xeral, D. José Manuel Pardellas Ribera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede a ler os asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, NÚM. 2/03 E 3/03, CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIA DO 17 DE FEBREIRO E ORDINARIA DO 28 DE FEBREIRO.

Apróbanse as actas anteriores núm. 2/03 e 3/03, correspondentes ás sesións extraordinaria de 17 de febreiro e ordinaria de 28 de febreiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 1400 DEICA A NÚM. 3.799 DO ANO 2003.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 1.400 á núm. 3.799, do ano 2003.

3.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “EDAR EN MOGOR” DO CONCELLO DE MAÑÓN, INCLUÍDA NO POS 2001. CÓDIGO 01.2100.0186.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Mañón de aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica, incluída no POS 2001 que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 23 de febreiro de 2001.

Aprobar o proxecto reformado para executar a obra que de seguido se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2001 no seu conxunto.

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
01.2100.0186.0	Edar en Mogor (Concello de Mañón)	35.378,7	7.645,38	2.264,42	45.288,5

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CENTRO SOCIAL EN MONTOUTO” DO CONCELLO DE ABEGONDO, INCLUÍDA NO POS 2002. CÓDIGO 02.2100.0004.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Centro social en Montouto" do Concello de Abegondo, incluída no programa de Plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal (POS) 2002 (Código: 02.2100.0004.0) cun orzamento de contrata de **54.081,14 €**, que non representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade ou o obxecto da obra pero si implica unha modificación substancial por afectar a substitución de unidades de obra a máis do 30% do prezo primitivo.”

(Entra o Sr. Blanco Rouco).

5.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN DA OBRA “CASA DE CULTURA CAAMAÑO 2-3 FASE” DO CONCELLO DE PORTO DO SON, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2001. CÓDIGO 01.2300.0049.2.

Por unanimidade apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Tendo en conta que mediante Resolución de Presidencia nº 331 do 16 de xaneiro de 2003 dispúxose declarar a resolución do contrato de execución da obra "Casa de cultura Caamaño, 2-3 fase"do concello de Porto do Son incluída no Programa operativo local, anualidade 2001. Código: 01.2300.0049.0, quedando un resto pendiente de executar.

Visto o proxecto de terminación presentado polo Servicio provincial de Arquitectura encargado da dirección das obras.

E dado que existe consignación suficiente na partida orzamentaria de aplicación para financiar o proxecto de terminación cun orzamento de 60.084,46 €

1º.- Aprobar o proxecto de terminación da obra incluída no Programa Operativo Local, anualidade 2001 cos datos seguintes:

Terminación Casa de cultura Caamaño, 2-3 Fase. Concello de Porto do Son Código 01.2300.0049.2	
Deputación fondos propios	15.130,55
Deputación outros	3.004,22
MAP	6.926,95
FEDER	35.022,74
TOTAL	60.084,46

2º.- O financiamento desta obra realizarase con cargo á partida 0501/519B/60145 do Programa operativo local 2000-2006.

3º.- Dispor a súa publicación no B.O.P. para efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe do Subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos previstos no artº 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

5º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións locais, considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.”

6.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO POR CAMBIO DA SITUACIÓN DA OBRA “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO PARA CONSERVATORIO DO CONCELLO DAS PONTES, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2001. CÓDIGO 01.2300.0050.0

Por unanimidade apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a Resolución de Presidencia nº 505 de 24 de xaneiro de 2003 pola que se declarou a resolución do contrato de execución da obra "Rehabilitación e ampliación edificio para conservatorio", (concello das Pontes de García Rodríguez), incluída no Programa Operativo local 2001. Código: 01.2300.0050.0

Vista a solicitude presentada polo concello das Pontes relativa ó cambio de asentamento do proxecto do conservatorio municipal, que propón como novo emprazamento o edificio das antigas escolas de ENDESA situado no poboado das Veigas do núcleo urbano das Pontes.

Visto o proxecto modificado desta obra que foi presentado polo servizo director das obras e que non representa incremento no seu orzamento de contrata,

1º.- Aprobar a modificación do proxecto por cambio de situación da obra "Rehabilitación e ampliación do edificio para conservatorio", (concello das Pontes de García Rodríguez), incluída no Programa operativo local 2001. Código: 01.2300.0050.0, que foi aprobado mediante acordo plenario adoptado o día 9 de marzo de 2001, de forma que as obras se realizarán no novo emprazamento proposto, mediante a rehabilitación do edificio das antigas escolas de ENDESA do poboado das Veigas do núcleo urbano das Pontes de García Rodríguez.

2º.- O proxecto modificado non supón incremento de orzamento con respecto ó aprobado inicialmente e os seus datos de financiamento desglosando as achegas do MAP, FEDER e DEPUTACIÓN son os seguintes:

Rehabilitación e ampliación do edificio para conservatorio Concello das Pontes Código 01.2300.0050.0	
Deputación fondos propios	76.411,14
Deputación outros	14.825,18
MAP	33.894,79
FEDER	171.372,51
TOTAL	296.503,62

3º.- Dispor a súa publicación no B.O.P. para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do goberno en Galicia para os efectos establecidos no artg. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de Abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

5º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración local de Galicia, debéndose entender emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da solicitude.

7º.- A aprobación definitiva do presente expediente, queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de Créditos 1/2003 aprobado polo Pleno o 28/03/2003 no que se inclúe crédito suficiente na partida 0501/519B/60145.”

7.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “AMPLIACIÓN PONTE BAXOI E.P. 4803” DO CONCELLO DE MIÑO INCLUÍDA NO PROGRAMA DA RVL ADICIONAL 2/2002.

INTERVENCÍONS

Sra. Candocia Pita

É para explicar a posición do BNG nos puntos 7 e 8, que é idéntica. A posición vai ser de abstención, xa que hai un incremento do orzamento e, como tradicionalmente nos vimos posicionando así, en consecuencia é abstención para o 7 e o 8. Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a Resolución de Presidencia nº 19.806 do 10 de decembro de 2002 que declarou deserto o concurso convocado para adxudicar a obra "Ampliación de ponte Baxoi EP 4803", do concello de Miño (Código: 02.2402.0510.0) incluída no Programa da rede viaria local adicional 2/2002.

Visto o proxecto modificado desta obra que foi presentado polo Servicio director das obras e que representa un incremento no seu orzamento de contrata,

1º.- Aprobar por un importe total de 327.246,23 € o proxecto modificado da obra "Ampliación ponte Baxoi EP 4803", do Concello de Miño (Código: 02.2402.0510.0) incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e de Rede viaria local adicional 2/2002, que foi aprobado mediante Resolución da Presidencia nº 13.194 do 30 de agosto de 2002 tocante co acordo plenario do 22 de febreiro de 2002

2º.-Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ó incremento experimentado no orzamento do proxecto modificado. O incremento finánciao integramente a deputación. (código: 02.2402.0510.0)

Con isto os datos de financiamento da obra 02.2402.0510.0 quedan como segue:

	"Ampliación ponte Baxoi EP 4803", do Concello de Miño (Código: 02.2402.0510.0)		
	Financiamento inicial	Financiamento reformado	Diferencia
Deputación	235.507,63	327.246,23	91.738,60
TOTAL	235.507,63	327.246,23	91.738,60

3º.- Dispor a súa publicación no B.O.P. para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artg. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de Abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

5º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de Administración Local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da solicitude.

7º.- A aprobación definitiva do presente expediente, queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2003 aprobado polo Pleno o 28/03/2003 no que se inclúe crédito suficiente na partida 0501/511B/60144.”

8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO DE AUGA EN BRIÓN” DO CONCELLO DE BRIÓN, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2002. CÓDIGO 02.2300.0071.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o proxecto reformado da obra "Saneamento e abastecemento de auga en Brión" do concello de Brión, incluída no POL 2002 co código 02.2300.0071.0 que foi presentado polo servizo director das obras e que representa un incremento no seu orzamento de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 903.790,14 € o proxecto reformado da obra "Saneamento e abastecemento de auga en Brión", do concello de Brión (código: 02.2300.0071.0) incluída na anualidade 2002 do Programa operativo local, que foi aprobado polo Pleno da corporación na sesión celebrada o 22 de febreiro de 2002.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ó incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado. O incremento financeiro integralmente a deputación. (código: 02.2300.0071.1)

Con isto os datos de financiamento da obra 02.2300.0071.0 quedan como segue:

	"Saneamento e abastecemento de auga en Brión"		
	<u>Orzamento inicial</u> 02.2300.0071.0	<u>Orzamento reformado</u>	<u>Diferencia</u> 02.2300.0071.1
Deputación fondos propios	160.833,62	311.369,47	150.535,85
Deputación outros	37.662,71	37.662,71	0
MAP	91.604,49	91.604,49	0
FEDER	463.153,47	463.153,47	0
TOTAL	753.254,29	903.790,14	150.535,85

3º.- Dispor a súa publicación no B.O.P. para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe do Subdelegado do goberno en Galicia para os efectos establecidos no artg. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

5º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde súa recepción.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para efectos da coordinación establecida na Lei de Administración Local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da solicitude.

7º.- A aprobación definitiva do presente expediente, queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2003 aprobado polo Pleno o 28/03/2003 no que se inclúe crédito suficiente na partida 0501/519B/60145."

9.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA ACEPTANDO CESIÓN DUN LOCAL CON DESTINO A OFICINA

RECADATORIA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, APROBADA POLO CONCELLO DE NARÓN.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Aínda que, efectivamente, o tema vén para coñecemento, como houbo unha certa confusión na discusión deste tema na Comisión correspondente, onde ó final se nos aclarou que, efectivamente, era para coñecemento, non queriamos deixar pasar o debate sen que quedara fixada a nosa posición, malia de que a decisión xa está adoptada.

En calquera caso, a nós parécenos que tería sido mellor que non viñera para coñecemento, que houbera un debate, ábrese coa localización, localización ademais que ten uns antecedentes que todos e todas coñecemos, o da oficina de recadación en Narón, que acabou como acabou, en todo caso eu non quero entrar aí, pero si que é certo que hai unha modificación do que é a estrutura que ten neste momento montada a deputación para facerse cargo do servizo de recadación e, polo tanto, a nós parécenos que, nese sentido, máis que para resolución, debería vir para debate, porque a nós quédanos tamén a dúbida de se vai haber unha estratexia de cara ó futuro da localización tamén de novas oficinas.

Pero deixando iso de lado, tamén hai unha cuestión de forma. A nós non nos parece nada ben que os temas se traian, aínda que sexa para coñecemento do Pleno, cando hai uns quince días que saíron nos medios de comunicación, e teño aquí unha copia dun xornal, en concreto da súa edición de Ferrolterra, onde o venres día 14 nos adianta que xa leva días funcionando a oficina de recadación da deputación, daquela non parece moito de recibo que os que somos deputados provinciais, case, case nos enteiramos ó final, é mellor levar as cousas doutra maneira.

En calquera caso, e remato xa esta intervención, agardamos que de cara ó futuro, modificacións, ampliacións, reestruturacións que se produzan, se traten, evidentemente, no seo da Comisión, e que naturalmente poidamos tomar parte nas decisións o conxunto dos grupos políticos, polo menos mentres esteamos aquí.

Sr. Erias Rey

En realidade o que o Sr. Doval nos está dicindo, vostede sabe ben que foi sempre empeño deste grupo de goberno non só desenvolver os compromisos con transparencia, senón aprobadas en todos os casos, cando é necesario, polos órganos competentes.

Está traballando unha Comisión sobre a potenciación dos servizos comarcais de xestión, inspección e recadación, na cal participan os voceiros dos dous grupos, Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista Obreiro Español. Nesa Comisión acordou por unanimidade, pero aínda non se trouxo para dictame e aprobación definitiva, potenciar os servizos. Cando por parte deste deputado recorreu a provincia ofertando ós concellos a posibilidade de prorrogar ou, no seu caso, renovar ou subscribir o novo convenio de xestión, recadación e inspección de tributos, cada un dos concellos actuou coa liberdade que lle é propia, e algúns consideraron que era axeitado continuar dentro do convenio que a deputación xa tiña os dez anos anteriores, e outros consideraron que, probablemente, tal vez era mellor facelo doutro xeito. Nós niso non entramos, pero no que si entramos no seu día foi que se algún dos concellos, -e isto díxose no Pleno xa máis dunha vez, non é necesario que o anuncie ningún medio, senón que se dixo no Pleno, díxose en Comisión, e continuamos traballando con ese empeño-, se algún dos concellos, desde a súa liberdade, decidía desenvolver a prestación de servizos, ben de maneira propia, ou ben a través da prestación por calquera outro tipo de instancia, a deputación non ten nada que dicir diso, pero igual que iso, tamén se sinalou que no caso da comarca de Ferrolterra, a deputación tiña unha oficina en Ferrol, que o Concello de Narón ofrecera sobre a base de que o Concello de Ferrol, libremente, decidira non participar dos servizos de xestión, inspección e recadación que a deputación presta, tamén a deputación estudaría a mellor maneira de prestar ós cidadáns desa comarca os servizos que a deputación se compromete a prestarlle ós concellos e ós veciños deses concellos, que subscribiron o convenio para os próximos dez anos. Nese sentido teño que dicirle, Sr. Doval, que xa anunciamos no seu día que tal vez, tal vez sobre a base de que Ferrol non participaba, sería máis axeitado que os servizos se prestaran desde Narón e na medida de que iso para a deputación non tiña repercusión económica, ofrecíannos o local a custo cero e toda a adecuación que ese local supuña. Como estabamos rematando unha lexislatura, e a este grupo de goberno gústalle facer as cousas entre todos, preferimos actuar prudentemente, deixar que o noso local de Ferrol, con todos os servizos que alí ten, de tipo humano e doutro tipo, e localización física, continuara funcionando e proporcionar adicionalmente a oportunidade que Narón nos daba sobre a base de dispor dunha oficina adxunta para potenciar e, se cabe, atender mellor ós veciños; non acabo de entender que problemas lle presenta ó Sr. deputado, é dicir, Ferrolterra, neste sentido, está discriminado positivamente, estánselle ofrecendo dous lugares e se queremos potenciar a comarcalización, estánselle ofrecendo dous lugares para que se desenvolvan todas as relacións coa administración provincial. É máis, como coñecerá tamén, froito destas reunións e de traballo que tivemos, informativamente, pero claro como vostede o quere explicitar deste modo, por iso o fago, tamén se vai poñer ó dispor de todas as oficinas unha maleta, e entón en tempo real disporase da oportunidade de desenvolver outro tipo de relacións coa propia deputación sobre a base de utilizar as oficinas de xestión e recadación comarcais. Entón, mire, ocultación non hai ningunha; empeño de potenciar as oficinas territoriais, todo; na Comisión estamos traballando e participa vostede e está aberta esta Comisión, non só a escoitalo, senón se entre todos acordamos que iso é o mellor para os próximos dez anos,

porque non é dun grupo de goberno determinado, é dicir, isto é o interese provincial, e aquí este grupo de goberno está defendendo o interese provincial, pensabamos que a deputación debía de continuar prestando o que xa hai dez anos se comprometera, por iso percorremos todos os municipios; o municipio de Ferrol pensou o contrario, alá os que gobernan o municipio de Ferrol, non os cidadáns de Ferrol. Precisamente para evitarlles custos ós cidadáns de Ferrol, dámoslles unha oportunidade adicional e non se ven penalizados por nada.

Por iso que actuamos con prudencia, pensamos que é bo que o Pleno desta deputación se enteira desta decisión, que non lesiona nada senón que fomenta, diríamos que máis oportunidades para todos. Por iso, repito, que non entendo a súa queixa de que sexa necesario xerar un debate porque xa lle dixeran o último Pleno, os anteriores, todos eles, ¿debate?, cando vostede queira, ¿política? a que vostede presente, agora ben, o Partido Popular non ten porque entender que todo o que o Bloque Nacionalista pensa que hai que debater, facelo, nós defendemos clara e transparentemente unha xestión, explicitamos previamente que é o que imos facer e, posteriormente, rendemos contas do que facemos, isto é a política moderna, o resto é entendelo doutra forma e a reivindicación, desde logo, que é unha das etapas que hai que deixar xa para situacións moi límites.

Sr. presidente

Sr. Doval, era toma de coñecemento, é que se non abrimos un debate.

Sr. Rodríguez Doval

Pero agora xa se está debatendo.

Sr. Presidente

Pero ben, era toma de coñecemento e eu facendo unha excepción, dinlle a palabra a vostede...

Sr. Rodríguez Doval

Dígallo a el non mo diga a min.

Sr. presidente

Coido que era toma de coñecemento, que non era debate, fixen unha excepción, por favor non fagamos un debate máis profundo nunha toma de coñecemento.

ACORDO

“1.-Tomar coñecemento da Resolución da Presidencia con data do 19 de marzo de 2003 pola que se acepta a cesión dun local con destino á oficina recadatoria, aprobada polo Pleno do concello de Narón en sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2003 conforme ó seguinte texto:

“5º.-Proposta de cesión dunha parte do antigo concello de Narón ós servicios de Recadación da Deputación Provincial.

Lida a proposta que di así: Examinado o procedemento incoado para ceder gratuitamente á Excma. Deputación Provincial da Coruña o seguinte ben de propiedade municipal: local sito na planta baixa do antigo concello, para adicalo a funcións tributarias, e de conformidade, co art. 110. do RB e tendo en conta que a dita cesión redundaría en beneficio dos veciños de Narón.

Vistos os art. 79.2 do TRRL e 109 e seguintes do Regulamento de bens e evacuado informe polo secretario xeral do concello, e visto o informe favorable por asentimento da Xunta de Portavoces con data do 27 de xaneiro de 2003, esta alcaldía proponlle ó concello pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Cederlle á Excma. Deputación Provincial da Coruña o seguinte ben recollido no inventario de bens do concello con carácter de patrimonial: un local de 111 m² situado na planta baixa do antigo concello en Xuvia.

SEGUNDO.- O uso ó que se destinará o dito local é a oficinas recadatorias da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O cumprimento exacto do fin e destino do local cedido suxéitase á condición resolutoria expresa, polo que en caso de cumprimento abondará a acta notarial da constancia dos feitos acreditándoo, acompañada da mesma escritura de cesión, para volver a inscribir no Rexistro o local a favor do concello por dereito de reversión dimanante do incumprimento da condición expresa.

TERCEIRO.- A entidade beneficiaria unha vez recibida a notificación do acordo plenario, deberá prestar a súa total e absoluta conformidade, comunicándollo expresamente a este concello. Na data de recepción da antedita comunicación entrará en vigor cando se contén no acordo plenario.

CUARTO.- O procedemento someterase a información pública por un prazo de 15 días para que os interesados lexitimados interpoñan as alegacións que consideren oportunas. De non producírense estas, o acordo considerarase elevado a definitivo.

QUINTO.- Deste acordo darase conta ó órgano da comunidade autónoma que teña conferida a competencia.

SEXTO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura de documentos e protocolizacións que sucedan ó presente acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- O concello pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.”

2.-Aceptar a cesión polo Concello de Narón do ben inmovible arriba descrito, co fin de destinalo a oficina recadatoria, nos termos estipulados no acordo de cesión.”

10.-APROBACIÓN DO CONVENIO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS PARA ESTABLECER COLABORACIÓN DE ÁMBALAS INSTITUCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REPARACIÓN DAS OBRAS DE TRAVESÍAS DE BASTIAGUEIRO, SETO SEPARADOR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Oleiros para establecer a colaboración de ámbalas institucións para o financiamento das obras de reparación das obras de Travesía de Bastiagueiro, sebe separador, cunha achega da deputación de 100.783,72 euros. Todo isto condicionado á aprobación do Expediente de modificación de créditos do pleno 1/2003.”

11.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “PISCINA DESCUBERTA DO CONCELLO DE MONFERO”, INCLUÍDA NA ANUALIDADE 2001 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 01.3420.0148.0.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente anunciar a nosa abstención polo aumento do orzamento nesta modificación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a contratación realizada mediante concurso da obra “Piscina descuberta”, do concello de Monfero (01.3420.0148.0), que foi declarada deserta por Resolución da Presidencia núm. 21.377 do 27.12.02 (Bop núm. 239 do 12.12.02).

1º.-Aprobar a modificación do citado proxecto, que non supón variación do obxecto nin finalidade da obra, senón que se trata de modificacións de tipo técnico que implican un incremento de 59.699,73 euros sobre o orzamento de contrata do proxecto aprobado na 3ª fase da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes.

Con esta modificación, o financiamento definitivo do proxecto da obra queda como segue:

Modificación do proxecto “Piscina descuberta” no concello de Monfero (01.3420.0148.0).

	Anualidade 2001
Deputación	434.476,89
Conc. Plan 2000 infraest.	15.025,3
TOTAL	449.502,19

2º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.”

12.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE PARTE DO EDIFICIO DA MILAGROSA E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE AMPLIACIÓN DA CESIÓN DE USO Á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE PENSIONISTAS E XUBILADOS (UDP).

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Tamén moi brevemente para en todo caso reiterar a posición que xa mantivemos na aprobación inicial, que foi unha posición de abstención, fundada, concretamente, no que nós entendemos a falta de interese por abordar dunha maneira conxunta, e seguramente ímonos repetir tamén no Expediente de modificación de créditos a este tema, pero en todo caso quero dicilo aquí, á falta de interese en abordar dunha forma conxunta o que facemos co conxunto dos centros de atención social que neste momento están aínda utilizando a deputación pero que están prestando as súas funcións en competencias que realmente están asignadas a outro tipo de institucións. Aquí do que se trata é dunha cesión de uso dun edificio que teoricamente ten asignadas unhas funcións, e cesión parcial que se dá sen un debate profundo sobre o que se fai con este centro, nin sobre o que se fai tampouco co conxunto dos centros, como dixen antes, de atención social. Neste sentido nós ímonos abster tamén por coherencia e como crítica a que vaíamos rematar esta lexislatura e tampouco consigamos abordar o debate conxunto sobre os centros propiedade da deputación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Considerar aprobado definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa, coa aprobación inicial acordada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 30.12.02 e exposto a información pública mediante anuncio publicado no BOP núm. 13 do 17.01.03 sen que se formularan reclamacións.

A superficie desafectada é de 534 m² en planta baixa e 525,05 m² en planta primeira, figurando a súa descrición no plano realizado polo Servicio de Arquitectura e que consta no expediente.

En consecuencia a parte desafectada queda cualificada como ben patrimonial, consonte co establecido no art. 8 do Regulamento de bens das entidades locais.

2.-Aprobar definitivamente o expediente de ampliación da cesión de uso á UDP da superficie a que se refire o apartado 1º rexendo o mesmo prazo e demais condicións estipuladas no acordo plenario do 11 de xuño de 1999, no convenio con data do 17 de xuño de 1999 (núm. 21/99) e na acta de entrega con data do 26 de abril de 2002.

3.-Facultar ó presidente da corporación para executar o presente acordo.”

13.-APROBACIÓN DA 1ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN, INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Co obxecto de sintetizar o máis que se poida, anuncio que dos puntos 13 ó 17 ímonos abster, indubidablemente por razóns diferentes. O punto 13 e 14 refírense á aprobación de fases ou anualidades sobre determinados plans e os puntos 15, 16 e 17 refírense a modificados con aumento de orzamento. Quero reiterar que tanto no caso do 13 como do 14 o noso desacordo é de base, no sentido da falta de criterios e da forma aleatoria coa que se articulou a elaboración destes plans, agora estamos, xa sei, ante un desenvolvemento e un procedemento que é consecuencia do anterior, pero en calquera caso imos manter a mesma posición de abstención, e xa digo, tanto no punto 13, como no 14, 15, 16 e tamén no 17. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Seguindo o criterio do Sr. Rodríguez Doval imos votar favorablemente os puntos 14, 15, 16 e 17 e ímono abster no punto 13. E ímonos abster no punto número 13 porque cando

a este Pleno ven o texto do convenio de cooperación entre a Xunta e a Deputación provincial, votamos en contra porque dicíamos que deixaba grandes espazos abertos á discrecionalidade, e tamén que non se fixaban criterios para a selección, non se explicitaban criterios para a selección desas obras, e agora vémolos neste punto. Non están ó noso xuízo motivadas nin xustificadas as razóns polas que veñen estas obras e non veñen outras, e nese sentido é o noso voto de abstención. Non queremos co noso voto en contra impedir que estas obras se executen, pero si queremos deixar constancia da nosa posición con respecto a este convenio.

Sr. Varela Rey

Nós en principio temos que non estar totalmente de acordo con ningunha das intervencións, si en todo caso se houbera algunha situación que non tivera un fundamento total, do expediente que estiven vendo, hai outros dous concellos, concretamente as obras destinadas a Muros e Camariñas, efectivamente, que non parecen, ó mellor, ou eu polo menos non o percibín así, ó mellor ofrecen algunha dúbida de se está perfectamente motivada, pero en todo caso parécenos que é unha boa achega a este tema. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os proxectos técnicos e demais documentación das obras que figuran no anexo a este acordo, das establecidas na Primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación incluídas no convenio de cooperación subscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, que foi aprobada polo pleno desta deputación en sesión celebrada o 29.11.02 e publicada no BOP núm. 277, con data do 03.12.2002.

1º) Aprobar a 1ª fase da Primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación incluídas no convenio de cooperación subscrito entre a Xunta de Galicia e a deputación da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, na que se inclúen as obras e demais gastos que conleva a súa execución que figuran no anexo a este acordo.

O resumo de financiamento desta 1ª fase é o seguinte:

	2.003	2.004	2.005	TOTAL
DEPUTACIÓN	2.404.461,24	643.135,99	555.981,57	3.603.578,80
CONCELLO	704.109,90	335.826,81	316.697,04	1.356.633,75
TOTAL	3.108.571,14	978.962,80	872.678,61	4.960.212,55

2º) Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos técnicos.

3º) Modificar expresamente as porcentaxes anuais fixadas no artigo 155.5 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en uso das facultades conferidas ó pleno da corporación no citado artigo.

4º) Remitir este acordo á Xunta e á Comisión Galega de Cooperación local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. En caso de non presentárense alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobada esta fase.”

14.- APROBACIÓN DA 4ª E ÚLTIMA FASE DA ANUALIDADE 2001 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os proxectos técnicos adaptados ás parcelas das instalacións que se indican no anexo a este acordo, incluídas na programación plurianual do Plan 2000 deportes, anualidades 1998-2001, que foi aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 29 de maio de 1998, coas bases reguladoras aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 27.02.1998 e publicadas no BOP núm. 48 do 28.02.1998.

Vista a documentación xustificativa do cambio de parcela solicitado polos concellos de Tordoia e Vedra.

1ª.-Aprobar a cuarta e última fase da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes na que se inclúe a realización das instalacións deportivas que se relacionan no anexo a este acordo, incluídas na programación plurianual deste plan provincial, con execución anual para a anualidade 2001, e co detalle de distribución do financiamento entre deputación e concellos que se detalla.

2ª.-Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídas nesta fase.

3ª.-Aprobar o cambio de parcela para construír o campo de fútbol en Cabaleiros no concello de Tordoia e da piscina descuberta no concello de Vedra.

4ª.-As cifras globais de financiamento desta fase son as seguintes:

Achegas	Anualidade 2001
DEPUTACIÓN	619.701,16
ACHEGA CONCELLOS	45.075,91
CON. PLAN 2000 INFR.	41.740,29
TOTAL EUROS	706.517,36

5ª.-Condicionar a aprobación desta 4ª e última fase da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes á aprobación definitiva do Expediente de modificación de crédito núm. 1/2003, no que se suplementará crédito suficiente na partida 0501/452D/60189 do Plan 2000 deportes para o seu financiamento, e que se someterá á aprobación do pleno da deputación que se ha celebrar con data do 28.03.03, ó que tamén se someterá a aprobación do presente expediente.

6ª.-Someter o presente plan a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.”

15.-APROBACIÓN DA OBRA “PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DAS PONTES” EN SUBSTITUCIÓN DA DENOMINADA “PAVILLÓN POLIDEPORTIVA NOS CHAOS” DO CONCELLO DAS PONTES, POR CAMBIO DE PARCELA,

**INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 1999 DO PLAN 2000 DEPORTES.
CÓDIGO 99.3420.0116.6.**

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude dos concellos das Pontes e demais documentación xustificativa do cambio de asentamento da obra denominada “Pavillón polideportivo nos Chaos”, código 99.3420.0116.0.

Vista a resolución de contrato de execución da obra citada, que por tal motivo foi acordada por R.P. núm.15.180 do 03.10.2002, modificada por R.P. núm. 15.876 do 18.10.2002.

Vista a documentación xustificativa relativa á nova parcela achegada para executar a obra proposta en substitución da anteriormente mencionada, que se denomina “Pavillón polideportivo nas Pontes”:

1º.-Aprobar por un importe total de 610.159,57 euros, sobre o orzamento de contrata, o proxecto técnico da obra “Pavillón polideportivo nas Pontes” do concello das Pontes (código 99.3420.0116.6), por cambio de parcela, en substitución da obra “Pavillón polideportivo nos Chaos” (código 99.3420.0116.0), que fora incluída na 1ª fase da anualidade 1999 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 30.10.98.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento producida por razón do incremento experimentado no orzamento de contrata da nova obra respecto da anterior que ascende a 279.960,89 euros.

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da nova obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

Código: 99.3420.0116.6	Financiamento definitivo (1ª Fase) Anualidade 1999
	Euros
Deputación	530.731,56
Conc. fondos propios	79.428,01
Conc. Plan 2000 Infraest.	
Total....	610.159,57

2º.-Aprobar así mesmo o cambio de destino do equipamento asociado a este novo proxecto técnico da obra “Pavillón polideportivo nas Pontes”, en substitución do anteriormente aprobado, vencellado á obra que se substitúe “Pavillón polideportivo nos Chaos”, por un importe de 8.414,17 euros (anualidade 1999), código 99.3420.0117.0.

3º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.”

16.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN DA OBRA “CAMPO DE FÚTBOL EN CORTELLA MOD. 2-3” DO CONCELLO DE COIRÓS, INCLUÍDO NA 3ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES (98.3420.0026.0)

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o expediente de resolución de contrato da obra “Campo de fútbol en Cortella, módulos 2-3” do concello de Coirós, incluído na 3ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes 1998-2001, co código 98.3420.0026.0.

Visto o proxecto de terminación redactado polo Servicio Provincial de Arquitectura onde se inclúe un incremento en relación coas unidades de obra pendentes de executar do proxecto inicialmente adxudicado.

1º.-Aprobar por un importe total de 246.398,57 euros, sobre o orzamento de contrata, o proxecto de terminación da obra “Campo de fútbol en Cortella-Módulos 2-3” do concello de Coirós, co código 98.3420.0026.6.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto de terminación da obra que ascende a 83.580,54 euros sobre contrata.

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto os datos de financiamento da obra, ofrecen o seguinte resumo:

Proxecto de terminación (código 98.3420.0026.6)		
Achegas	Orzamento de contrata	Incremento (Novo - pdte. do modificado).
Deputación	241.389,99	83.580,54
Concello	5.008,58	
Total....	246.398,57	83.580,54

2º.-Condicionar a aprobación deste proxecto de terminación á aprobación definitiva do Expediente de modificación de créditos 1/2003, no que se suplementará crédito suficiente na partida 0501/452D/60189 do Plan 2000 deportes para o seu financiamento, e que se someterá á aprobación do pleno da deputación que se ha celebrar o 28.03.2003, ó que tamén se someterá a aprobación do presente expediente.

3º.-Dar por terminada a obra do concello de Coirós denominada “Campo de fútbol en Cortella-módulos 2-3”, código núm. 98.3420.0026.0, que foi executada parcialmente na cantidade e 82.378,51 euros por terse resolto o contrato relativo a ela e estar afectada por un proxecto novo de terminación con incremento e asignarlle ó proxecto de terminación polo seu orzamento total de 246.398,57 euros o código 98.3420.0026.0.

4º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

17.-APROBACIÓN DE PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN BRENS” DO CONCELLO DE CEE, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2001 DO PLAN DEPORTES 1998-2001. CÓDIGO 01.3420.0144.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar por un importe total de 561.299,21 € sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra “Pavillón polideportivo en Brens” (código 01.3420.0144.0) que foi incluída na 2ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 26.07.02.

Aprobar así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado por importe de 87.694,15 € sobre contrata, séndolle asignado ó incremento do proxecto reformado o código num. 01.3420.0144.6.

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

	PROXECTO REFORMADO	Prox. inicial Código 01.3420.0144.0	Incremento Código 01.3420.0144.6
Deputación	479.561,56	391.867,41	87.694,15
Conc. F. Propios	81.737,65	81.737,65	0
Total....	561.299,21	473.605,06	87.694,15

2º.-Condicionar a aprobación deste proxecto reformado á aprobación definitiva do Expediente de modificación de crédito 1/2003, no que se suplementará crédito suficiente na partida 0501/452D/60189 do Plan 2000 deportes para o seu financiamento e que se someterá á aprobación do Pleno da deputación que se ha celebrar o 28.03.2003, ó que tamén se someterá a aprobación do presente expediente.

3º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

18.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO TREITO P.K. 6,100 DEICA O 9,600 DA E.P. 1105 DE NOIA A CABO DE CRUZ, LOUSAME E BOIRO.

INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Vou xa explicitar o noso posicionamento, aglutinando todos os puntos desta Comisión, 18, 19, 20 e 21. O posicionamento en todos eles vai ser de abstención.

En todo caso aclarar que no punto 18 é por un aumento de incremento, como vimos facendo en todos os plans, con temas respecto de modificados con incremento de orzamento, e os puntos 19, 20 e 21 si que vou facer unha intervención para xustificar o noso posicionamento de abstención, para os tres xuntos.

Si que é certo, a diferenza do que dixemos noutros plans, nun plan en concreto, si que é certo que nesta ocasión veñen especificados nalgún caso os criterios polos cales foron elixidas estas obras e non outras, pero nós insistimos no que dicimos sempre, non hai un mapa de necesidades provinciais das vías que nos permita dicir a nós, que lle permita á oposición ver se pode ser esas obras as máis correctas ou hai outras que non están incluídas e son máis correctas, porque aínda que todas elas nos poden parecer necesarias, porque por principio todas as obras son necesarias, no mundo da comparación é moi probable que unha obra que é necesaria estea en situación para ser feita con posterioridade con respecto a outra, que ó mellor non vén aquí, e nós non coñecemos, porque non hai un mapa de necesidades, que nós coñezamos, pode estar feito, pero non é público, polo menos para os

membros da oposición. Polo tanto, parécenos difícil posicionarnos nese sentido e por iso o noso posicionamento de abstención, porque non podemos posicionarnos en contra de ningunha obra, porque partimos da premisa de que todas as obras son necesarias, sobre todo no que se refire á rede de estradas da deputación, que moitas delas están bastante necesitadas.

Pero cando se miran algunhas das propostas que veñen a Pleno chama poderosamente a atención varias cuestións. Unha primeira delas é como nunha mesma vía, e refírome en concreto, -disculpen, porque con tantos papeis non me remexo moi ben, non porque os perda, senón porque a mesa non dá para máis-, E.P. 2404, ampliación de plataforma e mellora de trazado E.P. 2404 Laracha A Silva por Golmar, esa vén unha mesma obra, porque é a mesma obra, por moito que me queiran dicir, e como o queiran pintar, parte de punto quilométrico 0 ó punto quilométrico 5,9 unha das obras, a seguinte do 5,9 ó 11,85 e a seguinte do 11,85... entón, isto non ten sentido, é unha mesma obra, se fosen tramos diferentes, e houbera tramos polo medio que non se fixesen, pode ser, o único sentido que pode ter é que non teñan que entrar por determinado procedemento de contratación, só e exclusivamente, e ó grupo provincial do BNG parécenos que iso é unha grande, e que esa obra tiña que estar sacada globalmente, iso por unha parte.

Por outra parte, como todo o que se está facendo na deputación, e moi especialmente na última fase, eu atrévome a dicir que hai electoralismo puro e duro, e que se meten algúns concellos para disimular, ou porque é moi evidente que non se poden deixar fóra, pero que en xeral se facemos a media, vostedes verán cantos son do Partido Popular, para comezar por riba divídenlles as obras en tres, polo tanto xa, cada un deles triplica, a nós parécenos iso un escándalo.

E quero dicir unha última cuestión que xa dixen en varias ocasións e non por ser pesada, pero a min paréceme un insulto que se utilicen denominacións que aquí se están utilizando, non porque estean en galego, senón porque nin sequera existen, e están mal traducidas ó español, entón polo menos se traducen, traduzan ben. E nas estradas é onde máis barbaridades hai a nivel toponímico, xa non lles estou pedindo a utilización de nada, senón que collan o mapa toponímico da provincia da Coruña que está feito ata da microtoponimia, e non é preciso, non é preciso porque son para estradas que pasan por núcleos. Eu quero entender que Puente Don Alfonso refírese a Ponte Nafonso, ¿ou non? pois desde logo Puente Alonso este nin os nativos saben o que é. Entón, un pouco de rigor cando se fan as cousas, e iso xa veu en varias ocasións, xa o dixen eu mesma que son bastante teimuda con estas cousas en varias ocasións neste Pleno, e Valle del Dubra, e outras cousas que aparcan moi a miúdo no mapa de estradas fai dano ós oídos, de verdade que fire os oídos, e que non penso que o digan nin os españois falantes dese concello. Ben, xa sei que levantei moita polémica, que falan vostedes moito entre sí, pero reitero que a nosa posición, por todo o que dixen anteriormente, é polo tanto de abstención. Gracias.

Sr. Fernández Moreda

Para expresar o voto afirmativo ós puntos 18, 19, 20 e 21 e facendo a salvidade de que no punto 19 votamos favorablemente no sentido de que entendemos que podía estar este punto na orde do día, ou podía non estar, podía votar que si ou podía votar que non porque non é máis que unha declaración de intencións que entende o grupo socialista que non condiciona ningunha actuación de futuro en materia de estradas por parte desta Deputación provincial.

Sr. Varela Rey

En principio o que solicita o voceiro do BNG, do mapa, eu penso que ten ó seu dispor permanentemente todo o mapa de estradas da provincia para que poida facer uso conveniente e para que vexa o equilibrio que se está mantendo, ou procurando manter dentro do que é a mellora da rede provincial.

Eu penso que coñece perfectamente os criterios que son fundamentalmente técnicos, dentro do que é a previsión de vías, en función da perigosidade da mesma vía ou a existencia de puntos negros, a necesidade de ampliación de variantes, o estado do firme, a intensidade media do tráfico, eses son os parámetros que se están utilizando para propor as actuacións dentro da rede viaria provincial.

Cando fala dun proxecto concreto en tres fases, e fala de que é un escándalo facelo en tres fases, pois eu por máis que intento ver onde está o escándalo, non o vin. Proxecto en tres fases é unha continuación doutra, que ó final remata nun proxecto único e que, ás veces, por motivos prácticos, e de axilizar, e porque ó mellor a problemática que hai nun tramo non a hai no outro, entón, para axilizar a contratación prodúcese esa situación, pero ¿que pasa? ¿que hai algo escondido entre os tres, ó ser tres debe haber algo no medio que escandaliza?, eu non o acabo de ver.

Se fala de procedemento de contratación, penso que descoñece como se funciona nesta casa, os procedementos de contratación son a través de poxa permanentemente. Hai unha mesa de contratación técnica, fundamentalmente, e hai os informes pertinentes desde a propia deputación, procedemento absolutamente transparente, absolutamente xusto e equilibrado e que reúne todos os requisitos legais. Ó mellor o do escándalo e barbaridade é que non pode pasar por menos que aplicar este tipo de calificativos, pero eu teño que recoñecer que non vexo ningún.

E o de Ponte Alonso, a verdade é que eu non coñecía ese tema; igual alguén mal intencionado fíxoo para que outra persoa se percatase para darlle publicidade á Ponte

Nafonso ou a Val do Dubra, seguramente que esa foi a intención de segundo nivel. Moitas gracias.

Sra. Candocia Pita

Se fose por isto último, entón o que tería que facer en todo caso a deputación era facer un plan serio no que Val do Dubra puidese vender todo o que ten realmente para atraer turismo, porque ten moitas condicións naturais, e non necesariamente por cambiarlle o nome. En calquera caso, eu non dixen que fora un escándalo o de partir as tres obras, dixen que era un escándalo o electoralismo que se vía detrás das propostas. En todo caso o que dixen é que a nós nos parecía que era unha fraude, no sentido de que había que sacalo como unha obra completa.

E sigo dicindo o mesmo, por unha razón moi simple, si que coñezo como é o procedemento desta deputación, pero non coincidir non quere dicir que se descoñeza, en calquera caso hai unha cousa certa e é que, dependendo da magnitude da obra non se poden presentar un tipo de empresas, e doutra, outro tipo de empresas, e ó mellor iso é o que fai que..., non o sei, non sei se é o caso desa obra, pero si que en casos ocorre iso, e en concellos está ocorrendo iso e non sería raro tampouco que ocorrese nesta deputación. Polo tanto, manteño a miña intervención, tal como a dixen, e reitero o noso posicionamento de abstención.

Sr. Varela Rey

Agora xa entendo mellor, agora xa vou entendendo, en canto se clarifica... pero hai algunhas sospeitas que, loxicamente, non son de recibo, e que nós rexeitamos de cheo, e a afirmación que acaba de facer a voceira do BNG, eu sempre pensei que o BNG estaba máis polo reparto do traballo, incluso a modestas empresas ou a pequenas empresas, que ó mellor a unha grandísima empresa. E xustamente, ó mellor, o feito do reparto dun proxecto único en tres, seguramente á gran empresa permítelle, pero tamén lles permitirá ás pequenas, eu non me dera conta diso, pero agora que vostede o di, seguramente que é un tema a ter en conta. En todo caso, esa sospeita é infundada e malintencionada, e nós rexeitámola.

O tema do electoralismo, eu tampouco acabo de ver a diferenza de que lle digan a uns veciños que lle van facer a estrada da Laracha á Silva nun proxecto só a que llo van facer en tres partes, pois non vexo eu carácter electoralista, pero ben, ó mellor é que eu a nivel electoralista entendo moito menos que vostede, teño que confesalo, o de escándalo. E o da afirmación da fraude, penso que é gratuíta. Entendo que se entende que hai algunha fraude nalgún sentido, o que debe facer é denunciálo e se non, o que debe facer é calar, nese sentido, non calar, fale o que queira, pero ó mellor non facer a afirmación de que hai fraude, se non debe acudir onde ten que acudir e punto final. O que pasa é que ata queda ben ás

veces dicir, “non, isto é fraude”, cando non hai absolutamente nada do que vostede di. Moitas grazas.

Sr. presidente

Como lle dicía o Sr. Varela, o de dividir en varias fases un proxecto grande, facilita que a pequena e mediana empresa poida participar, e non só as grandes, ó mellor estamos falando de proxectos, se fosen únicos, de 2.000 millóns de pesetas, por poñer un exemplo, e ó mesmo tempo o dividilo en fases é moito máis fácil e áxil para a expropiación, para a contratación do proxecto e para todo, e polo tanto aí non hai nada máis que iso.

E dicirlle ó Sr. Fernández Moreda que o punto 19 non é un plan de intencións, por suposto, senón que é vontade que toda esa relación se vaia desenvolvendo pouco a pouco, primeiro hai que aprobar esta denominación de estradas e de obras para iniciar a expropiación, que van ter o seu proxecto todos e despois, pouco a pouco, facelas unha realidade.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o proxecto reformado de ampliación e mellora do trazado, treito p.k. 6,100 deica o 9,600 da E.P. 1105 de Noia a Cabo de Cruz, Lousame e Boiro, polo seu orzamento de contrata de 598.204,50 euros, que representa un incremento respecto do primitivo de 97.771,80 euros.

2.-Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo López Cao, Canarga, Casas Noia UTE, co CIF G-15835757, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo prezo de adxudicación de 490.145,63 euros que representa un incremento respecto do primitivo de 80.110,43 euros, que se aboará con cargo á aplicación 0401/511B/60103 do vixente orzamento.

3.-Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 3.204,42 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo

máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 19.605,83 euros.”

19.-APROBACIÓN DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS (PERÍODO 2002-2003) PARA O ANO 2003.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o desenvolvemento do programa de actuación na Rede de estradas provinciais (período 2002-2005) para o ano 2003, do que a relación figura como anexo.

2.-A inclusión das obras na correspondente fase do Plan vías provinciais 2003 estará supeditada ós correspondentes acordos plenarios e á existencia de crédito adecuado e suficiente.”

ANEXO: RELACIÓN DE OBRAS INCLUÍDAS NO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2003 1ª FASE (OBRAS XA APROBADAS E LICITADAS) E PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2003, 2ª FASE (OBRAS EN FASE DE APROBACIÓN).

Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2003 1ª FASE

OBRA	ORZAMENTO	CÓDIGO
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0301		

PARADA A CONGOSTO POR PONTE ARANGA PK 8+300 A 11+570 (ARANGA)	496.450,97	O311100001.0
E.P. 0102 AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO NA E.P. LEMA A ORTO (CAMBRE)	385.646,64	O311100002.0
AFIRMADO E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E.P. 0702 CEILAN A LAÑAS E PROLONGACIÓN ATA A E.P. 0701 EN PARAMOS PK 3+70 A PK 9+55 (A BAÑA)	417.822,51	O311100003.0
REFORZO DO FIRME NA E.P. 5603 NEGREIRA A MARCO DO CORNADO PK 0+00 A PK 14+10 (NEGREIRA)	685.154,2	O311100004.0
ENSANCHE DE BEIRAVÍAS E.P. 1603 PONTE DO PORTO A QUINTANS PK 1+50 A PK 7+00 (VIMIANZO E MUXIA)	106.608,78	O311100005.0
REFORZO DO FIRME NA E.P. 7802 ROXOS REBORIDO PK 0+00 A 3,77 (SANTIAGO)	150.063,06	O311100006.0
TOTAL	2.241.746,16	

PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2003 2ª FASE

OBRAS	ORZAMENTO	CÓDIGO
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 1105 NOIA A CABO DE CRUZ desde o PK 2,1 ata ó PK 6,1	341.903,53	0311100009.0
Ampliación da plataforma e mellor do trazado na E.P. 1909 CARBALLO A CAION E ACCESO Á LAGUNA desde o P.K. 1,7 ata o P.K. 6	1.193.218,07	0311100008.0
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 8401 TABLILLA A AGROMAESTRE POR PONTEPEDRA desde o PK 0 ata o PK 5,64	1.038.735,33	0311100007.0
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.p. 3203 BURRICIOS A PENAMARTIN desde o P.K. 0 ata o P.K. 6,38	1.054.959,95	0311100010.0
Beirarrúa marxe esquerda E.P. 1902 CARBALLO A RAZO desde o P.K. 0,850 ata o P.K. 1,260	119.282,74	0311100011.0
Reformado nº 2 do proxecto de execución dun PASO BAIXO O FF.CC. NO P.K. 2,300 DA E.P. 3501 DE LIMODRE A PENALONGA	280.959,95	0311100012.0
TOTAL	4.029.059,57	0

20.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2003, 2ª FASE.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de Vías provinciais 2003, 2ª fase integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 4.029.059,57 euros, con cargo á partida 0401/511B/601.03:

OBRAS	ORZAMENTO	CÓDIGO	PRAZO EXECUCIÓN
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 1105 NOIA A CABO DE CRUZ desde o PK 2,1 ata ó PK 6,1	341.903,53	0311100009.0	6 MESES
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 1909 CARBALLO A CAION E ACCESO Á LAGOA desde o P.K. 1,7 deica o P.K. 6	1.193.218,07	0311100008.0	6 MESES
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 8401 TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA desde o PK 0 ata o PK 5,64	1.038.735,33	0311100013.0	12 MESES
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.p. 3203 BURRICIOS A PENAMARTIN desde o P.K. 0 ata o P.K. 6,38	1.054.959,95	0311100010.0	12 MESES
Beirarrúa marxe esquerda E.P. 1902 CARBALLO A RAZO desde o P.K. 0,850 ata o P.K. 1,260	119.282,74	0311100011.0	3 MESES
Reformado nº 2 do proxecto de execución dun PASO BAIXO O FF.CC. NO P.K. 2,300 DA E.P. 3501 DE LIMODRE A PENALONGA	280.959,95	0311100012.0	6 MESES
TOTAL	4.029.059,57	0	0

Todo isto condicionado á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos número 1/2003, de Pleno, pendente de aprobación polo Pleno.

2) Expor ó público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

21.- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA O PLAN DE TRAVESÍAS E OUTRAS OBRAS PARA O ANO 2003.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o Programa de actuación do Plan de travesías e outras obras para o ano 2003, coa relación que figura anexa.

2.-A inclusión das obras na correspondente fase do Plan de travesías e outras obras do ano 2003 estará supeditada ós correspondentes acordos plenarios e á existencia de crédito adecuado e suficiente.”

ANEXO I

DENOMINACIÓN DA OBRA	ORZAMENTO	CONCELLO
TRAVESÍA DE STA. IRENE NA E.P. 0605 STA. IRENE Á PONTE DE SAN XUSTO, P.K. 0,625 DEICA O P.K. 0,885	79.213,00	O PINO
TRAVESÍA NA E.P. 0605 DE STA. IRENE Á PONTE DE SAN XUSTO P.K. 2,35 O P.K. 3,8	167.037,18	O PINO
OBRAS COMPLEMENTARIAS Á DE DOTACIÓN DE COLECTORES DE SANEAMENTO E PLUVIAIS E MELLORA DA SEGURIDAD VIAL EN TRAVESÍA DA E.P. 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO, P.K. 5 ATA O P.K. 5,19	69.064,40	BETANZOS
PROXECTO DE REPARACIÓN DE EMPEDRADO E REPARACIÓN. SUBSTITUCIÓN E OBRA NOVA DE SERVICIOS NA E.P. 5601 RÚA DO CARME DE NEGREIRA, P.K. 0 ATA O P.K. 0,49.	360.000,00	NEGREIRA
PROXECTO DE REFORZO DE FIRME E SINALIZACIÓN NA E.P. ACCESO Á PRAIA DE SANTA CRISTINA P.K. 0 ATA O P.K. 0,40	85.374,49	OLEIROS
CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS, AFIRMADO, RECOLLIDA DE PLUVIAIS, SANEAMENTO. FORNECEMENTO DE AUGA EN TREITOS DA E.P. 7309, CASA COMANDANTE A SAIÑAS, P.K. 0 ATA O P.K. 3,2	720.000,00	RIBEIRA
EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS, RECOLLIDA DE PLUVIAIS E RESIDUAIS E ABASTECIMENTO DE AUGA E ILUMINACIÓN PÚBLICA NA E.P. 8402, ACCESO Á IGREXA DE BARDAOS, P.K. 0,14 ATA O P.K. 0,30	64.234,97	TORDOIA
TOTAL	1.544.924,04	0

22.-BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE DOTACIÓN DE AULAS DE INFORMÁTICA DIRIXIDO ÓS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA O ANO 2003.

INTERVENCIÓNS

Sra. Santiago López

Xa en ocasións anteriores, cando se nos presentaba o programa de dotación de aulas informáticas ós concellos, o noso grupo facía unha visión absolutamente diferenciada da do grupo de goberno porque nos parecía que había moitísimos puntos que non quedaban, nin con moito, resolto con esa proposta que se traía.

Nesta nova ocasión, como ó fin e ó cabo non hai variacións, simplemente ábrese a posibilidade de que aqueles concellos que no seu momento non puideron ningún tipo de aula e agora repítense fagan esa solicitude, e unha ampliación para aqueles que teñen módulo, poder ter dous, así como ese apartado de subvención para o funcionamento habitual das aulas, non hai ningún tipo de mellora, por así dicilo, dentro destas novas bases. Nin sequera algunha proposta, que no seu momento xurdira, como é que se aumente o número de ordenadores por módulo, para que poidan ser aulas homologables para os efectos de cursos de capacitación, e preocupábanos ademais outro aspecto, que xa no seu momento se facía ver, que incluso o informe de Secretaría matiza novamente, como é a participación da Comisión Avaliadora. Pero máis alá de que esteamos ou non esteamos presentes nesta Comisión Avaliadora, o que si nos parecía lóxico, antes de entrar nesta fase seguinte do que é o Plan de dotación de aulas, o lóxico, -parecíanos o normal e habitual, e así o fixemos saber na comisión, e así o solicitamos-, era coñecer o informe desta Comisión Avaliadora que, obviamente, se supón que funciona, para saber que grao de funcionamento teñen as aulas, porque supoño que os membros do grupo de goberno coñecerán, como coñecemos os membros do grupo do BNG, que hai aulas que a estas alturas, xa non é que non estean inauguradas, aínda funcionando, como hai algún caso, senón que incluso hai algunhas que acaban de ser reinstaladas en lugares diferentes á primeira que se incluía dentro da solicitude da aula, por non falar doutras situacións que falan de dispersión, etc., etc. Parecíanos que era lóxico, e ademais sensato, facer ese primeiro informe, que se coñeza ese primeiro informe dentro do que son os membros da comisión, que se tome nota de achegas que, ó noso xuízo, pensabamos que podían ser valiosas para o mellor funcionamento e, basicamente, que antes de iniciar esta segunda andaina do programa, que a primeira se avaliasse e se informase á Comisión. A estas alturas, a pesar de telo pedido en Comisión, non se nos pasou este informe, se é que existe tal informe, -supoñemos que si, se é que esa Comisión funciona-, e reclamamos que se nos entregue. En calquera caso, sen esa premisa previa, nós non podemos aprobar esas bases, e o noso voto vai ser negativo.

Sr. Varela Rey

Dando contestación á intervención da Sra. deputada, eu non me atrevería a cualificar, como dicía que había que avaliar, eu como docente vouno facer, sobresaliente e matrícula. Presidente, desde un concello como o meu, ademais onde tivemos a ocasión incluso de estar nunha reunión coa xente que estaba utilizando este tipo de aulas, hai un grao de satisfacción altísimo, un grao de participación fantástico, hai unha motivación permanente sobre este tipo de aulas, ademais desde os nenos de tres ou catro anos xa, participando nestas, ata xente de todas as idades, entón eu quero avaliar como deputado, ou incluso como alcalde, Carballo é un dos concellos que resituou a súa aula, por exemplo, porque en canto que percibimos a importancia que ía ter, tiñamos pensado colocala un pouco lonxe do centro da poboación, entón pensamos “ai, non, isto hai que resitualo e poñelo no centro para que todo o mundo poida acceder”, e a verdade é que é espectacular a rendibilidade, espectacular o grao de interese que toma a xente por este tipo de aulas. Presidente, noraboa, e tamén a Dositeo, que seguramente que tivo moito que ver nesta proposta deste tipo de aulas. Moitas grazas.

Sra. Santiago López

Vou facer eu tamén un exercicio de autocomplacencia e como concelleira de Fene, voulle dicir que desde que leva funcionando a aula, -por certo, sen inaugurar-, desde o mes de novembro pasaron máis de 200 persoas polos cursos que organiza o concello, e que o número de usuarios que participa todos os días na aula, que son dous módulos, é practicamente o cen por cen, a todas horas.

(Abandona o salón o Sr. García Liñares).

Pero mire vostede, a min iso, como concelleira en Fene, alégrame, pero é que como deputada quero coñecer como se utiliza o diñeiro que esta deputación está poñendo nas aulas de informática de todos os concellos, e quero saber como funcionan, e só pido un informe, Sr. Varela, iso non penso que poida parecer sospeitoso, se hai unha Comisión que avalíe o funcionamento dun programa que pon en marcha esta deputación, o lóxico é que os membros desta Corporación coñezan cales son eses informes, porque autocompracentes podemos ser todos, agás aqueles concellos nos que a aula non funciona, nos que non se coñece se hai algún programa que funcione dentro desa aula, ou moitas das situacións que parece que están acontecendo, e iso é o único que queremos saber, cal é ese informe e ter esas mesmas facilidades para a autocompracencia que ten vostede, porque eu en Fene sei como funciona, sei como funciona no concello veciño, en Narón, en Ares, sei como funciona en Ares, por exemplo, ou como non funciona, mellor dito. Daquela, o que queremos desde este grupo é coñecer ese informe, nada máis.

Sr. Varela Rey

Parabéns tamén ó Sr. alcalde de Ares porque en Ares todo funciona moi ben. En todo caso, eu agradezo na súa intervención tamén a felicitación que fai por estas aulas, que vostedes tamén a están utilizando cunha rendibilidade ó cen por cen, non agardabamos menos. ¿E como se utiliza o diñeiro? pois eu penso que o criterio está moi claro, mellor criterio imposible. En todo caso eu penso que tiña unha información equivocada e póñoa de manifesto, se é así, se está equivocada, eu pido desculpas, pero a idea que tiña é que en Fene que a aula que se inaugurara sen ter invitado a ningún membro do goberno da Deputación provincial, pero en todo caso, tampouco pasa nada, debéronme dar mal a información.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: 1 deputado (PSOE - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar as bases da convocatoria do Programa de dotación de aulas de informática dirixido ós concellos da provincia para o ano 2003, coas dotacións orzamentarias iniciais que, de seguido se indican e de conformidade co seguinte texto:

* Programa de creación e ampliación de aulas de informática: Partida 0601/126E/62999: 440.000,00 euros.

* Programa de apoio á alfabetización dixital: Partida 0601/126E/46200: 5.510,00 euros.

Bases da convocatoria do Programa de dotación de aulas de informática dirixido ós concellos da provincia para o ano 2003.

1.- FINALIDADE E OBXECTO.-

A finalidade desta convocatoria é regular a concesión e participación nos distintos programas que a Deputación Provincial da Coruña pon en funcionamento para achegar a todos os cidadáns da provincia a sociedade da información, o coñecemento e a aprendizaxe (SICA).

O acceso ás novas tecnoloxías é a primeira actuación que asenta as bases para a alfabetización dixital da cidadanía da provincia. Para unha implantación con calidade e eficacia, faise necesario a colaboración dos concellos participantes que co apoio decidido da Deputación da Coruña, se acaden os obxectivos do presente programa, e que son:

- * Achegar a SICA a todos os cidadáns da provincia.
- * Realizar Programas de alfabetización dixital.
- * Promover o acceso ás novas tecnoloxías.
- * Crear e promocionar espazos socioeducativos adicados ás novas tecnoloxías.

Para este ano 2003, son obxecto desta convocatoria os seguintes programas:

Programa de creación de aulas de informática (PCAI). Partida 0601/126E/62999

Programa de ampliación de aulas de informática. Partida 0601/126E/62999

Programa de apoio á alfabetización dixital. Partida 0601/126E/46200

Programa de aula aberta.

Programas de formación.

Programas de apoio ó mantemento da aula informática.

2.- PROGRAMA DE CREACIÓN DE AULAS MUNICIPAIS DE INFORMÁTICA.-

2.1.- Obxecto: O presente programa ten por obxecto completar a Rede provincial de aulas de informática.

2.2.- Beneficiarios: Vai dirixido a aqueles concellos que non puideron participar nas convocatorias anteriores e que teñen nesta ocasión a posibilidade de sumarse á Rede provincial de aulas de informática.

2.3.- Condicións para a participación neste programa: Para participar neste programa é imprescindible non estar incluído na Rede provincial de aulas de informática, regulada no BOP núm. 147, de data 28 de xuño de 2001, e na modificación deste publicada no BOP núm. 37 do 14 de febreiro de 2002.

Só poderá solicitarse unha aula por concello; a aula non poderá partirse, aínda no caso de que a aula concedida estivese composta por máis dun módulo.

Para os efectos da presente convocatoria, cada aula informática estará integrada, cando menos por un módulo composto dos seguintes elementos:

- * 5 ordenadores persoais multimedia para o alumnado.
- * 1 ordenador persoal multimedia para o profesorado.
- * 1 impresora láser para o seu uso compartido na aula.
- * Software correspondente.
- * 5 mesas para ordenador para o alumnado e 1 para o profesorado.
- * 5 cadeiras para o alumnado e 1 para o profesorado.
- * 1 mesa para impresora.
- * 1 instalación básica de rede de datos, se o local non dispón dela.
- * 1 equipo de comunicacións para a integración da aula na rede da deputación.
- * 1 posto completo para xestión. (para os concellos menores de 50.000 habitantes).

Con carácter xeral, os módulos concederanse tendo en conta o tamaño dos concellos, segundo a seguinte escala:

- * Concellos de ata 50.000 habitantes: de 1 a 2 módulos.
- * Concellos de máis de 50.000 habitantes: de 2 a 4 módulos.

2.4.- Obrigas da deputación:

- * Adquisición dos equipos informáticos e do mobiliario.
- * Instalación da rede de datos, se o local non dispón dela.
- * Entrega e instalación dos equipos informáticos e do mobiliario.
- * Instalación da conexión a internet, a través da rede telemática da deputación.
- * Realizar, de acordo cos servizos técnicos do concello, o proxecto de instalación da aula.
- * Proporcionar ó persoal do concello destinado na aula programas de formación.

A deputación asumirá a adquisición e instalación dos equipos informáticos, de comunicación e do mobiliario, logo da contratación da correspondente subministración.

2.5.- Obrigas dos concellos:

- * Proporcionar o local axeitado para a instalación da aula informática. Este local deberá estar en edificios destinados a bibliotecas municipais, casa de cultura ou similares de uso municipal. A superficie do local será axeitada ó tamaño da aula solicitada.
- * Instalación das liñas eléctricas e telefónicas necesarias, tal como se definan no proxecto de instalación da aula.
- * Participar activamente nos programas de formación en novas tecnoloxías e alfabetización dixital que organice a deputación, dirixidos ás aulas de informática dos concellos.
- * Mantemento dos equipos e do local e abonamento dos gastos de funcionamento (materiais funxibles, electricidade, teléfono, etcétera).
- * Destinar persoal e recursos necesarios para a atención permanente da aula, fóra das horas nas que se realicen actividades docentes.
- * Subscribir unha póliza de seguros polo uso e valor dos equipos da aula de informática.

* Facer constar en todos os medios de difusión empregados, que a aula está incluída na rede da Deputación da Coruña así como a sinalización desta. A Deputación da Coruña publicará un breve manual de estilo para facilitar o traballo dos concellos.

A cesión do uso do equipamento da aula informática ós concellos realizarase mediante convenio entre a deputación e os concellos nos que se recollerán as condicións da cesión e as obrigacións das partes asinantes.

A participación neste programa será incompatible coa obtención doutras subvencións para a mesma finalidade.

2.6.- Documentación necesaria: Para a participación neste programa é necesario a presentación da seguinte documentación:

A.- Certificación do acordo de participación neste programa e de aceptación das bases da convocatoria.

B.- Certificación do nomeamento do representante do concello na comisión de seguimento deste programa.

C.- Certificación do número de habitantes do termo municipal, segundo a última actualización do Padrón.

D.- Plano do local destinado á aula de informática, con indicación das redes eléctricas e telefónicas coas que conta.

E.- Acreditación do uso municipal do local destinado á aula de informática, mediante documento da cesión, arrendamento ou calquera outro que acredite a utilización do local polo concello.

F.- Programa socioeducativo previsto para a aula de informática, no que constarán as finalidades e obxectivos educativos, as actividades principais, nas que obrigatoriamente figurará a de Aula Aberta, o persoal que executará o programa, os destinatarios previstos, a dispoñibilidade de recursos necesarios así coma o calendario anual deste

As solicitudes formularanse nos modelos normalizados que facilitará a Deputación provincial no seu Rexistro Xeral, no Servicio de Fomento ou ben a través da web www.dicoruna.es

A documentación que se entregue fotocopiada virá debidamente compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire a presente base corrixirase no prazo de dez días hábiles desde a recepción do requirimento.

3.- PROGRAMA DE AMPLIACIÓN DE AULAS DE INFORMÁTICA.-

3.1.- Obxecto: Este programa ten como finalidade completar a dotación das aulas de informática, instaladas ó abeiro da convocatoria do ano 2001.

3.2.- Beneficiarios: Poderán participar deste programa, os concellos que contén unha aula de informática da deputación dun módulo, podendo solicitar un módulo máis.

3.3.- Condicións para a participación neste programa: Para participar neste programa é imprescindible que o concello esté integrado na Rede provincial de aulas de informática.

A ampliación será ata completar o tipo de aula de 2 módulos. A aula non se poderá dividir.

3.4.- Compromisos da deputación:

- * Adquisición dos equipos informáticos e do mobiliario.
- * Ampliación da rede de datos, se o local non dispón dela.
- * Entrega e instalación dos equipos informáticos e do mobiliario.
- * Instalación da conexión a internet, a través da rede telemática da deputación.
- * Realizar, de acordo cos servizos técnicos do concello, o proxecto de instalación da aula.
- * Proporcionar ó persoal do concello destinado na aula programas de formación.

A deputación asumirá a adquisición e instalación dos equipos informáticos, de comunicación e do mobiliario, logo da contratación da correspondente subministración.

3.5.- Obrigacións dos concellos:

- * Adecuar o local da aula de xeito que permita a instalación do novo equipamento.
- * Instalación das liñas eléctricas e telefónicas complementarias que se necesiten para o novo equipamento.
- * Participar activamente nos programas de formación en novas tecnoloxías e alfabetización dixital que organice a deputación, dirixidos ás aulas informáticas dos concellos.
- * Mantemento dos equipos e do local e abonamento dos gastos de funcionamento (materiais funxibles, electricidade, teléfono, etcétera).
- * Destinar persoal e recursos necesarios para a atención permanente da aula, fóra das horas nas que se realicen actividades docentes.
- * Ampliar a póliza de seguros correspondente ó uso e valor dos equipos da aula de informática, incluíndo os novos.
- * Facer constar en todos os medios de difusión empregados, que a aula está incluída na rede da Deputación da Coruña así como a sinalización desta. A Deputación da Coruña publicará un breve manual de estilo para facilitar o traballo dos concellos.

A cesión do uso do equipamento da aula informática ós concellos realizarase mediante convenio entre a deputación e os concellos nos que se recollerán as condicións da cesión e as obrigacións das partes asinantes.

A participación neste programa será incompatible coa obtención doutras subvencións para a mesma finalidade.

3.6.- Documentación necesaria: Para a participación neste programa é necesario a presentación da seguinte documentación:

A.- Certificación do acordo de participación neste programa e de aceptación das bases da convocatoria.

B.- Certificación do nomeamento do representante do concello na comisión de seguimento deste programa.

C.- Certificación do número de habitantes do termo municipal, segundo a última actualización do Padrón.

D.- Programa socioeducativo previsto para a aula de informática, no que constarán as finalidades e obxectivos educativos, as actividades principais, nas que obrigatoriamente figurará a de Aula Aberta, o persoal que executará o programa, os destinatarios previstos así coma o calendario anual deste.

As solicitudes formularanse nos modelos normalizados que facilitará a Deputación provincial no seu Rexistro Xeral, no Servicio de Fomento ou ben a través da web www.dicoruna.es

A documentación que se entregue fotocopiada virá debidamente compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire a presente base corrixirase no prazo de dez días hábiles desde a recepción do requirimento.

4.- PROGRAMAS DE APOIO Á ALFABETIZACIÓN DIXITAL.-

4.1.- Obxecto: Este programa ten por obxecto a dinamización das distintas actuacións socioeducativas dirixidas á alfabetización dixital da poboación, mediante o apoio técnico e a subvención dos programas de actividades que os concellos leven a cabo e a realización do Programa provincial de aula aberta.

A alfabetización dixital ten por finalidade familiarizar á poboación coas novas tecnoloxías incorporándoos á sociedade da información, o coñecemento e a aprendizaxe (SICA).

Para a consecución deste obxectivo os concellos poden e deben utilizar as aulas de informática para a realización de programas formativos dirixidos a todos os cidadáns que por eles pasen e, tamén, poden participar nun programa de ámbito provincial denominado Aula Aberta, que consiste en que en cada aula informática se dispoña dun horario para facilitar o acceso libre e gratuíto ás novas tecnoloxías.

Neste Programa de apoio á alfabetización dixital, subvencionaranse as seguintes actuacións:

a) Programa de aula aberta.- Ten por finalidade o acceso libre e gratuíto de calquera cidadán ás novas tecnoloxías na aula de informática.

O número mínimo de horas de Aula Aberta será de 10 horas á semana, durante 36 semanas ó ano, mínimo.

b) Programas de formación en novas tecnoloxías.- Teñen por finalidade a realización de cursos, seminarios, etcétera, que teñan por destinatarios os cidadáns do concello.

A participación neste programa supón a realización de polo menos un curso por mes, cunha duración mínima de 20 horas.

c) Mantemento da aula de informática.- Ten por finalidade subvencionar parte dos gastos que ocasiona o funcionamento da aula de informática.

Estes poden ser, nun principio, gastos de consumibles (tinta, papel, disquetes, etcétera), gastos de software oficial e con licencia, etcétera.

4.2.- Beneficiarios: Poden participar destes programas todos os concellos da provincia da Coruña que teñan unha aula informática provincial.

4.3.- Condicións para a participación neste programa: Para beneficiarse destes programas os concellos deberán comprometerse á realización dos mínimos esixibles para cada modalidade proposta.

4.4.- Compromisos da deputación:

* A Deputación da Coruña cofinanciará a realización destes programas, a través das seguintes subvencións:

TIPO AULA	AULA ABERTA	PROGRAMAS FORMATIVOS	MATERIAIS FUNXIBEIS	TOTAL MÁXIMO
1 MÓDULO	2.460	2.700	900	6.060
2 MÓDULOS	2.760	3.000	1.700	7.460
4 MÓDULOS	3.360	3.600	3.300	10.260

* A Deputación Provincial porá á disposición dos concellos participantes un alfabetizador dixital que colabore e apoie ós responsables do funcionamento da aula de informática. Esta colaboración é froito dos distintos convenios da deputación coa Xunta de Galicia para o fomento do emprego, principalmente no marco da iniciativa autonómica: LABORA.

A dispoñibilidade de alfabetizadores dependerá das concesións autonómicas para o efecto. Os alfabetizadores dixitais non realizarán cursos.

* A Deputación provincial definirá programas marco de actuación así como unha Guía de uso da aula de informática.

* A Deputación provincial ofrecerá toda cantidade de información necesaria e que mellore a prestación dos servizos propostos.

4.5.- Obrigas dos concellos: A participación neste programa supón o compromiso municipal de apostar pola alfabetización dixital dos cidadáns aos que serven.

* Os concellos comprométese á realización das actividades mínimas propostas: 10 horas semanais de aula aberta, 1 curso de formación ó mes de 20 horas. O Programa de aula aberta é gratuíto e poderá acceder a el calquera cidadán. Os cursos poderán ter unha cota de participación que en ningún caso suporá lucro algún. É responsabilidade do concello regular o cobro dos cursos que oferte.

* Os concellos facilitarán toda cantidade de información e documentación lle sexa requirida pola deputación.

* A aula de informática contará cun responsable municipal que coordine as actuacións socioeducativas que nela se desenvolvan.

* Os concellos cofinanciarán as actividades que proboñan.

* Os concellos publicitarán e farán constar en toda as convocatorias e medios de difusión, a colaboración e promoción que realiza a Deputación provincial. A deputación editará un manual de comunicación deste programa.

4.6.- Documentación necesaria: Para a participación neste programa é necesario a presentación da seguinte documentación:

A.- Certificación do acordo de participación neste programa e de aceptación das bases da convocatoria.

B.- Certificación do nomeamento do representante do concello na comisión de seguimento deste programa.

C.- Certificación do nomeamento do responsable técnico da aula de informática.

D.- Programa socioeducativo previsto para a aula de informática, no que constarán as finalidades e obxectivos educativos, as actividades principais, nas que obrigatoriamente figurará a de Aula Aberta, o persoal que executará o programa, os destinatarios previstos, a dispoñibilidade de recursos necesarios así como o calendario anual deste.

As solicitudes formularanse nos modelos normalizados que facilitará a Deputación provincial no seu Rexistro Xeral, no Servizo de Fomento ou ben a través da web www.dicoruna.es

A documentación que se entregue fotocopiada virá debidamente compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire a presente base corrixiase no prazo de dez días hábiles desde a recepción do requirimento.

4.7.- Pagamento e xustificación das subvencións concedidas: O pagamento realizarase en dous prazos:

* 40% á sinatura do convenio anual de participación nos Programas de alfabetización dixital, en concepto de anticipo prepagable.

* 60% logo da xustificación de gastos por importe, como mínimo, da subvención concedida. A xustificación realizarase mediante certificación detallada dos pagamentos realizados polo funcionamento da aula, segundo os conceptos obxecto da subvención.

O prazo de xustificación será de 9 meses desde a notificación da concesión.

A falla de xustificación no prazo sinalado dará lugar ó reintegro da cantidade percibida como anticipo, xunto cos correspondentes xuros de mora.

5.- PRAZO DE SOLICITUDE.-

O prazo de admisión de solicitudes será de **30 días naturais** desde o día seguinte da publicación destas bases no BOP.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da deputación ou polos procedementos establecidos na lexislación vixente.

A documentación común nos programas solicitados achegarse unha soa vez.

6.- CONCESIÓN DOS PROGRAMAS.-

A resolución dos programas realizarase, despois do informe do Servicio de Fomento, mediante Resolución da Presidencia, por proposta motivada dunha Comisión Avaliadora composta polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Vicepresidente segundo da deputación.

VOCAIS: Tres deputados designados polo presidente da deputación, entre os que figurará o deputado-presidente da Comisión de cultura.

SECRETARIO: Actuará como secretario, sen voto, un funcionario do Servicio de Fomento.

Poderá asistir, sen voto, o director do Proxecto de aulas de informática e alfabetización dixital da deputación.

A selección das peticións determinarase, tralo informe dos servicios provinciais que se sinalen, de acordo cos seguintes criterios de ponderación:

30% : adecuación do programa socioeducativo da aula de informática

Informe do Servicio de Planificación e Control.

Informe da Dirección do proxecto de aulas de informática.

25%: condicións do local destinado para a aula de informática
Informe do Servicio de Arquitectura.
Informe do Servicio de Informática.

45% número de habitantes do termo municipal e persoas destinatarias do programa

Disposición Adicional Primeira.

Con carácter xeral admitiranse fotocopias da documentación requirida sempre que veñan compulsadas: Diante de notario.

Polo Rexistro Xeral da Deputación da Coruña.

Polo secretario/a do concello.

Disposición Adicional Segunda.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral da deputación para o exercicio 2003.”

**23.-BASES DA CONVOCATORIA DOS PROGRAMAS DE APOIO VECIÑAL
DIRIXIDOS ÁS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DE CONCELLO DE MÁIS DE
50.000 HABITANTES PARA O ANO 2003.**

INTERVENCIONES

Sra. Santiago López

Supoño que a ninguén lle sorprenderá que o noso voto para este punto vaia ser negativo tamén e é porque repetirse novamente nunhas bases que este grupo non lle ve obxecto en absoluto, agás, iso si, Sr. Varela, mire vostede, un exemplo de electoralismo puro e duro, descarado, vamos, dirixido a concellos de máis de 50.000 habitantes, ¡que curioso!, só hai tres na provincia e ningún deles gobernado por vostedes. Non sei, máis claro, auga.

Dicía o Sr. presidente da Comisión de Cultura na comisión da semana pasada que qué raro, as asociacións de veciños ás que van dirixidas están encantadas. Non me estraña, supoño que será de ben nacidos ser agradecidos, e neste caso estarán encantadas, pero claro, habería que chamar a todas as outras do resto dos concellos desta provincia que non poden entrar dentro destas bases, e que reiteradamente ano tras ano, están vendo, non unha, non un aspecto de subvención ó que non poden acollerse, senón tres, caramba, e iso non é electoralista, pois mire vostede, non sei, neste caso eu penso que pode quedar manifestamente demostrado, demostración visible dun caso de electoralismo.

Nalgún momento xustificaron vostedes este tipo de bases, ou este tipo de proposta con que en anos sucesivos irían ampliando as entidades que poderían participar, acolléndose concellos, ben, baixando o número de veciños dos concellos, -un pouco mal expresado-, pero ben, quero dicir que poderían ampliarse as entidades veciñais que poderían participar dentro deste programa, cousa que non existe. Claro que estaba cantado que este último ano tampouco ía facerse así porque se non, ese efecto tampouco sería o desexado, ¿non, Sr. Varela?

Pero ben, basicamente, e no que queremos volver outra vez a incidir é que estas bases non nos parecen nin oportunas, nin necesarias, retomen vostedes aquela idea que se lanzaba desde, eu penso que xa desde o inicio da lexislatura, de que se realmente este programa, que se quere xustificar de moi diferentes maneiras, é tan supernecesario, que sexan os propios concellos que en colaboración coas entidades traballen en todos estes aspectos que, supostamente, as bases preséntanse como xustificación para darlles esta subvención.

(Sae o Sr. Quiñoy Taboada).

Desde logo o noso grupo non quere participar en absoluto neste tipo de bases, rectifiquen, retomen novamente esta idea, aínda que claro, por non dicilo que non quede. Estas bases non teñen sentido e o noso grupo non as vai aprobar, polo tanto, o noso voto vai seguir sendo un voto negativo.

Sr. Fernández Moreda

O noso voto vai ser negativo tamén neste punto, penso que xa é coñecida a nosa opinión sobre este programa de apoio veciñal en concellos de máis de 50.000 habitantes, denunciámos desde o primeiro momento o que pensabamos nós que era unha clara intencionalidade política neste programa, intencionalidade política que se converteu, polo que se prevé, é un auténtico fracaso, posto que desas posibles intencionalidades políticas os logros conseguidos van ser nulos.

En calquera caso tamén como dicía a Sra. voceira do Bloque, dixérasenos, por instancia do Bloque e do Partido Socialista, que en anos posteriores estas bases íanse ampliar a outro tipo de asociacións e tamén a concellos de menos de 50.000 habitantes, e non vemos que isto se dixera, senón que teiman en manter ano tras ano este programa. E hai algo nos obxectivos que se buscan con este programa, que é unha obviedade, porque penso que debe ser un comportamento que debe de caracterizar todos os ámbitos da actividade política, que é o promover os estilos democráticos, e a min gústame, ó grupo socialista gústalle, que o Partido Popular, os gobernos do Partido Popular, promovan os estilos

democráticos, pero gustaríanos tamén que despois se atendese ó clamor democrático que existe na sociedade sobre determinados temas, sei que isto pode saír moi rebuscado, pero estamos vivindo situacións moi delicadas, e moi complicadas, e moi conflictivas, e cando se educa para a democracia, debemos despois de respectar ós cidadáns cando queren exercer libremente eses dereitos democráticos.

Sr. Varela Rey

Non percibimos desde o grupo de goberno ese clamor democrático do que fala o voceiro do PSOE, teño a impresión de que é máis un desexo que unha realidade, en todo caso.

A situación de ampliar este tipo de programas, xa se están ampliando, pareceume escoitar unha frase que me parece ofensiva, en todo caso, eu son bastante respectuoso con calquera deputado, eu penso que non se mirou ó espello esta mañá o Sr. deputado. Cando o voceiro do BNG falaba de que era un tema electoralista, de que estaba sendo interesante, que estaban moi contentas as entidades e que se participaba, se fose tan electoralista seguramente que ampliaríamos a oferta, pero a todos non podemos, e temos que ter un criterio de redistribución, e polo tanto, non podemos ir aí. Non actuamos con ese tipo de estilo, e dáme a impresión de que hai un tic demasiado pronunciado a estas alturas nos grupos da oposición.

O que pretende facer o goberno, evidentemente, é darlle maior servizo a unha área que consideramos e que pensamos que agora mesmo é importante para o desenvolvemento, como son todos os procesos informáticos, e dotar ás agrupacións de veciños deste tipo de melloras, e loxicamente tamén promovemos o estilo democrático respectando as opinións dos demais, e non ter que faltar nin insultar a ninguén que estea nesta institución. Moitas grazas..

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 12 deputados (8 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: 1 deputado (PSOE - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Aprobar as bases da convocatoria dos Programas de apoio veciñal dirixidos ás asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes para o ano 2003, coas dotacións orzamentarias iniciais que, de seguido se indican e de conformidade co seguinte texto:

* Programa de actividades e Programa de formación en novas tecnoloxías: 403.350,00 euros.

* Programa de investimentos: 403.350,00 euros.

* Programa de acceso ás novas tecnoloxías: 150.250,00 euros

Convocatoria para a participación nos programas do Plan de apoio veciñal, dirixidos ás asociacións de veciños dos concellos de máis de 50.000 habitantes para o ano 2003

1.-FINALIDADE E OBXECTO.

O Plan de apoio veciñal é un programa que desenvolve a Deputación da Coruña coa finalidade de fomentar a participación veciñal na mellora da súa propia realidade sociocultural. As asociacións veciñais teñen no Plan de apoio veciñal un instrumento de mellora e desenvolvemento da súa propia realidade, obtendo así os medios necesarios para implicar ós seus veciños no fortalecemento dos lazos cidadáns, fomentando a participación real e activa da cidadanía para procurar que cada comunidade atope maiores cotas de benestar, especialmente para os nosos maiores e para os mozos e mozas que queiran atopar un emprego.

A participación neste Plan de apoio veciñal implica a aceptación libre do compromiso por parte da asociación de veciños na consecución dos seguintes obxectivos:

1.- Promover estilos democráticos que aumenten a participación veciñal nos asuntos que lle son propios.

2.- Facilitar a inserción de toda a veciñanza na sociedade da información e do coñecemento.

3.- Implicarse na inserción laboral dos veciños e veciñas, especialmente da mocidade.

5.- Involucrarse na mellora da calidade de vida dos nosos maiores.

4.- Mellorar a xestión e organización da asociación de veciños.

5.- Cooperar lealmente coas institucións que promoven e participan no Plan de apoioveciñal.

6.- Facilitar a integración da veciñanza na vida local.

7. Aumentar a participación veciñal nas actividades socioculturais que as asociacións programen.

8.- Con carácter xeral, fortalecer a participación cidadá cun estilo democrático e activo.

A participación no Plan de apoio veciñal 2003 concrétese nos seguintes programas-objeto desta convocatoria:

Programas de actividades veciñais, dirixido a subvencionar programas de actividades que realicen as asociacións veciñais.

Programas de investimentos veciñais, orientado a mellorar as instalacións, acondicionar os espazos e dotar de equipamentos necesarios para a realización das actividades que executan as asociacións veciñais.

Programas de acceso ás novas tecnoloxías, dirixido á creación de aulas informáticas e á realización de programas formativos, nas propias sedes das asociacións veciñais, para que os cidadáns dos barrios e parroquias poidan acceder á sociedade da información, do coñecemento e a aprendizaxe.

Programas de servizos asociativos, destinado a ofertar servizos especializados dirixidos á mellora e desenvolvemento das asociacións veciñais co asesoramento continuo e personalizado de técnicos veciñais.

A finalidade dos programas orzamentarios sinalados anteriormente e o apoio ás asociacións de veciños na creación ou no mantemento de actividades, na mellora dos seus equipamentos e infraestruturas, na facilitación do achegamento da sociedade do coñecemento e a aprendizaxe á veciñanza, así como unha serie de servizos asociativos que asesoren nas programacións que desenvolvan en materia de cultura, deporte, inserción no mundo do traballo e loita contra a drogodependencia, en función do disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local; no Regulamento de servizos das corporacións locais; na Lei 4/1993, de servizos sociais de Galicia, e no Decreto 240/1995, que a desenvolve; na Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e con cargo ó orzamento da deputación para o ano 2003, por considerar que estas asociacións cumpren unha función fundamental de integración social, solidariedade, axuda mutua e elevación do nivel cultural especialmente importante nos barrios das grandes cidades, convócanse, para o período que vai comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2003, as subvencións e apoios que de seguido se detallan.

En cada programa obxecto desta convocatoria establecemos a seguinte tipoloxía para facilitar a planificación das actuacións que se propoñan.

A.- PROGRAMAS DE ACTIVIDADES VECIÑAIS.

Aplicación orzamentaria 0601/469B/48999.

Este programa persegue apoiar decididamente ás asociacións veciñais no desenvolvemento dos seus programas para que se fomente a participación veciñal e se mellore cualitativa e cuantitativamente as actividades que estas realizan.

Os tipos de actividades socioculturais e programas ós que se pode optar neste programa-objeto son:

A.1.- Actividades de interese veciñal: conferencias, cursos e seminarios de temas de actualidade, etc.

A.2.- Actividades socioculturais: actividades de difusión cultural, de creación e manualidades, de cultura popular, actividades artísticas, etc.

A.3.- Actividades ao aire libre: excursións, acampadas e campamentos, sendeirismo, etc.

A.4.- Actividades deportivas: deporte para todos, deporte de base, etc.

A.5.- Actividades sociolaborais: programas de formación de habilidades para o emprego, programas de promoción de mozos emprendedores, etc.

A.6.- Actividades sociosanitarias: programas de prevención das drogodependencias, programas de educación para a sexualidade, programas de bos hábitos de alimentación, programas de coidado de persoas con minusvalías, atención á terceira idade, etc.

B.- PROGRAMA DE INVESTIMENTOS VECIÑAIS.

Aplicación orzamentaria 0601/469B/78999.

Este programa ten por finalidade facilitar a adquisición de diversos materiais, equipos e todos aqueles investimentos así como as obras necesarias para mellorar a calidade das instalacións, servicios e programas que realicen as asociacións veciñais participantes do Plan de apoio veciñal.

Os tipos de programas de investimentos ós que se pode optar neste programa-objeto son:

B.1.- Programa de obras e mellora das infraestructuras veciñais: mellora da calefacción, instalación eléctrica, liñas de teléfono, pequenas reparacións de albanelería, ventás, pinturas, etc.

B.2.- Programa de dotación de equipos, mobiliario e equipamento para as actividades veciñais: para facilitar a adquisición de mobiliario diverso, de equipos de todo tipo, material de oficina e/ou equipamentos necesarios para realizar as actividades veciñais previstas.

C.- PROGRAMAS DE ACCESO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS.

Na actualidade, o acceso ós novos sistemas de información e comunicación é unha necesidade fundamental para o normal desenvolvemento das entidades que prestan servizos ós cidadáns; é por isto polo que a Deputación provincial pretende, nun horizonte plurianual, dotar ás asociacións de veciños que o precisen dun soporte informático axeitado para o pleno desenvolvemento das súas actividades.

Co ánimo de facilitar o acceso ás novas tecnoloxías a Deputación da Coruña continuará neste ano no marco do seu programa BÁSICO, coa creación e ampliación da rede de aulas informáticas veciñais, introducindo as melloras que se consideren oportunas en íntima colaboración coas asociacións veciñais comprometidas co Plan de apoio veciñal.

Será obxecto do presente programa as seguintes liñas de acción:

C.1.- Programa de creación e ampliación das "Aulas Informáticas". **Aplicación orzamentaria 0601/469B/62999.**

Consistirá na adquisición, instalación e cesión de postos informáticos conectados ás principais redes de información, por parte da deputación. As adquisicións faranse a través da fórmula xurídica correspondente, cedéndose ás asociacións o seu uso por un período de dez anos prorrogables, en función das condicións que no convenio correspondente se estipulen.

Con cargo a este programa, a Deputación da Coruña prestará a través da oportuna contratación o seu programa de formación en novas tecnoloxías.

O conxunto das Aulas Informáticas Veciñais funcionará baixo os criterios da alfabetización dixital que defina a Deputación da Coruña, a través dos programas correspondentes.

C.2.- Programa de apoio á alfabetización dixital **Aplicación orzamentaria 0601/469B/48999.**

Orientado á realización de actividades socioeducativas que teñan por obxectivo o achegamento da sociedade da información, o coñecemento e a aprendizaxe.

Pódense imputar a este programa os gastos derivados do uso das aulas, tales como consumibles (cartuchos de tinta, disquetes ...), así como a realización de programas formativos complementarios ó programa formativo da deputación.

A participación neste programa estará vinculada á participación do programa formativo en novas tecnoloxías da Deputación da Coruña.

As asociacións veciñais cunha Aula Informática da Deputación da Coruña quedan obrigadas á realización polo menos do Programa de aula aberta en condicións e horarios que faciliten o acceso de todos os cidadáns á aula. Os servizos técnicos do Plan de apoio veciñal facilitarán un programa marco que oriente e axude á realización deste programa, así como asesoramento técnico para a mellor utilización da aula informática.

D.- PROGRAMAS DE SERVICIOS ASOCIATIVOS.

Recollida e analizada a experiencia anterior do programa denominado *Rede de Animadores Veciñais*, e atendendo as múltiples demandas das asociacións veciñais de implicalas nun proceso de mellora, este ano 2003 a Deputación da Coruña no marco dos obxectivos do Plan de apoio veciñal propón un Programa de servizos asociativos orientados a provocar, dinamizar e asesorar a mellora e desenvolvemento integral das asociacións de veciños.

Para iso a deputación contará cun equipo multidisciplinar que se encargará dos aspectos técnicos da execución dos distintos servizos que se porán en funcionamento neste ano 2003.

Os obxectivos específicos deste Programa de servizos asociativos son:

- * Asesorar ás asociacións veciñais na mellora e desenvolvemento da súa entidade.
- * Establecer canles periódicas de achegamento de información sobre os programas administrativos.
- * Realizar un seguimento activo do Programa de aulas informáticas, asesorando no desenvolvemento dos Programas de alfabetización dixital.

Establecemos así os seguintes programas:

D.1.-Programa de desenvolvemento asociativo.

Dirixido á análise das melloras que se poidan realizar nas asociacións e ó acompañamento e asesoramento na execución dos plans de mellora de cada asociación veciñal. As metodoloxías e técnicas socioeducativas empregadas procurarán en todo momento a participación activa dos implicados na mellora.

Este programa consta de dúas fases diferenciadas. A primeira será unha fase de **DIAGNÓSTICO ASOCIATIVO** para detectar os puntos fortes e débiles, para conxuntamente os técnicos especializados e as propias entidades deseñar propostas de mellora. Como resultado espérase chegar a cada asociación veciñal que necesiten deste servizo, un Plan de desenvolvemento personalizado.

A segunda fase, denominada de **EXECUCIÓN**, consistirá basicamente no asesoramento e dinamización por profesionais, os animadores veciñais, no desenvolvemento do Plan de desenvolvemento por parte de cada asociación veciñal.

Os compromisos de apoio, dinamización e asesoramento na execución das propostas poderán concretarse a través dunha **CARTA DE SERVICIO**.

D.2.- Programa de información administrativa.

Consiste no establecemento de canles de comunicación e información entres as distintas administracións presentes no territorio e as asociacións e veciños dun barrio o parroquia determinada.

A Deputación da Coruña establecerá os convenios necesarios coas administracións correspondentes. A execución deste programa realizarase en colaboración cos animadores veciñais.

D.3.- Programa de alfabetización dixital.

O achegamento da sociedade do coñecemento a todos os cidadáns a través da rede de aulas informáticas da deputación é hoxe unha realidade. Ademais da posta en marcha do Programa de novas tecnoloxías, poñeremos en funcionamento un servizo de asesoramento dirixido a todas as asociacións que teñan unha aula informática da deputación para que se apoie na execución de programas de alfabetización e se proceda a un seguimento do funcionamento das aulas.

A implicación nestes programas de servizos asociativos supón a aplicación das seguintes premisas:

* A función do animador veciñal, é a dun especialista que asesore e apoie na execución dos servizos anteriormente descritos. En ningún caso substitúe ós membros da asociación e tampouco realizará funcións administrativas na propia entidade.

* A concreción e duración dos servizos puntualizarase na CARTA DE SERVICIO, non podendo ser inferior a unha xornada laboral nin superior a dúas. Os casos de especial excepcionalidade serán resolto pola Coordinación xeral do plan.

2.-SOLICITANTES.

Poderán optar ós presentes programas as asociacións de veciños que cumpran os seguintes requisitos:

* Estar legalmente constituídas.

* Ter ámbito local segundo o seu título constitutivo e o seu domicilio social en concellos de máis de 50.000 habitantes na provincia da Coruña.

* Carecer de fins de lucro.

* Ter como fins institucionais primordiais a defensa e representación dos intereses dos veciños dun barrio, parroquia ou distrito determinado.

* Estar rexistradas actualmente como asociación de veciños nos correspondentes rexistros municipais e no Rexistro de Asociacións de Galicia.

* Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

* Estar ó día nas súas obrigas tributarias coa Deputación provincial.

3.-CONDICIÓNES.

3.1.- Condicións comúns para todos os programas:

O importe das axudas non superará o **90%**, do *orçamento estimativo de gastos* presentado.

Non poderán ser obxecto de axudas na presente convocatoria os programas subvencionados no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou de planos provinciais da deputación.

3.2.- Condicións para os programas de subvencións para actividades e investimentos veciñais:

Nos programas de subvencións para actividades e investimentos para a concesión, primarase o maior esforzo económico que a realización das actividades ou investimentos supón para a entidade solicitante; a cuantificación deste esforzo económico virá determinada polo ***coeficiente de financiamento*** fixado polo solicitante, tal como vén definido nesta convocatoria.

3.3.- Condicións para os programas de acceso ás novas tecnoloxías:

A deputación adquirirá e instalará os equipos informáticos para a súa cesión de uso en precario ás asociacións, tendo en conta o número de asociados e o grao de precariedade dos medios cos que contan na actualidade.

Cada un dos equipos informáticos estará integrado polos elementos que determinen os servizos técnicos da deputación.

A deputación asumirá a adquisición e instalación dos equipos informáticos, logo da contratación da correspondente subministración.

A cesión do uso dos equipos informáticos ás asociacións de veciños realizarase mediante convenio entre a deputación e as asociacións, no que se recollerán polo menos as seguintes **condicións da cesión:**

- * As asociacións asumirán o compromiso de dedicar os equipos informáticos a actividades propias do seu obxecto social e á realización de actividades docentes para os veciños. Se incumprise calquera destas condicións, a deputación deixará sen efecto a cesión.

- * As asociacións subscribirán unha póliza de responsabilidade civil que aseguren os equipos e o uso deles.

- * A cesión de uso en precario terá un prazo de 10 anos. Este prazo poderase prorrogar por períodos

de cinco anos, ata un máximo de 30; a prórroga requirirá acordo expreso da deputación. Non obstante, a deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a cesión de uso, cun preaviso de seis meses, sen que dea lugar a dereito de indemnización ningunha á asociación.

* As asociacións comprométense a manter axeitadamente os equipos informáticos, sendo estes gastos de mantemento por conta das asociacións, exceptuando os gastos que se cubran no período de garantía do equipamento.

* Cada ano publicarán os servizos técnicos do Plan de apoio veciñal, unha Guía de uso das aulas nas que se recollerán estas e outras indicacións para o mellor uso delas.

* As asociacións beneficiarias quedarán comprometidas a difundir nos seus programas e comunicacións que a aula informática pertence á Rede de aulas da Deputación da Coruña.

* As asociacións beneficiarias comprométense á realización do Programa de aula aberta seguindo os criterios do programa marco que definan os servizos técnicos do Plan de apoio veciñal.

No caso de disolución das asociacións, a deputación deixará sen efecto a cesión e o equipamento reverterá á deputación.

No caso de fusión con outra asociación que tivese a mesma finalidade, será preciso a autorización previa da deputación, que tramitará a cesión dos equipos informáticos á nova asociación, nas mesmas condicións que a cesión inicial.

3.4.- Condicións para o programa de solicitude de servizos asociativos:

A participación neste programa implica a participación dos membros da asociación na mellora e desenvolvemento da súa propia realidade.

A deputación obrígase a facilitar información e formación veraz durante todo o proceso de mellora.

En ningún caso a posta á disposición de persoal cualificado implicará a reasignación de tarefas que non lle sexan propias por parte das asociacións beneficiarias.

Os servizos relacionados co Programa de alfabetización dixital asignaranse de oficio pola propia deputación a todas aquelas aulas informáticas xa instaladas.

4.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA.

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro Xeral da deputación, no Servizo de Fomento e a través da web da deputación (www.dicoruna.es).

4.1.- Documentación xeral:

No caso de ter presentada en convocatorias anteriores algunha da documentación referida nos puntos A, B e E, e non ter sufrido nelas modificación algunha, non será preciso entregala de novo de acordo coa Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

A.-Fotocopia compulsada dos estatutos.

B.-Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da asociación e do NIF do representante.

C.-Certificación actual da inscrición no rexistro municipal correspondente e no Rexistro Xeral de Asociacións.

D.-Acreditación, na forma establecida nas ordes do Ministerio de Economía e Facenda, do 28 de abril de 1986, e do 25 de novembro de 1987, de que se atopan ó día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E.-Certificación dos datos bancarios da asociación, segundo modelo aprobado pola deputación.
(Anexo 1 impresos de solicitude).

F.-Certificación do acordo polo órgano asociativo correspondente no que se aproba participar nestes programas e do nomeamento do representante para as súas relacións coa deputación. (Impresos de solicitude).

G.-Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria. (Impresos de solicitude).

H.-Certificación da composición da actual xunta directiva, especificando a duración do seu mandato. (Impresos de solicitude).

I.-Certificación do número de socios activos. (Impresos de solicitude).

K.-Memoria das actividades desenvolvidas no ano 2002. (Anexo 2 dos impresos de solicitude).

4.2.- Documentación específica que se acompañará cos programas de subvencións para actividades:

L.-Programa das actividades que se van realizar, que fará mención ás persoas beneficiarias directa ou indirectamente pola axuda e o calendario fixado. (Anexo 3 dos impresos de solicitude).

M.-Orzamento estimativo dos programas. (Anexo 3 dos impresos de solicitude).

N.-Importe da subvención solicitada que, con carácter xeral, non poderá superar o 90% do presuposto estimativo de gastos. (Anexo 3 dos impresos de solicitude).

Ñ.-Persoal que executa as actividades. (Anexo 3 dos impresos de solicitude).

4.3.- Documentación específica que se acompañará cos programas de subvencións para investimentos:

O.-Programa de investimentos que se van realizar. (Anexo 4 dos impresos de solicitude).

P.-Orzamento estimativo de gastos. (Anexo 4 dos impresos de solicitude).

Q.-No caso de solicitude de realización de obras: memoria estimada ou proxecto de técnico competente.

R.-Importe da subvención solicitada que, con carácter xeral, non poderá superar o 90% do presuposto estimativo de gastos.

S.-Para a realización de obras ou dotación de equipamentos inmoables: documento que engada a autorización para a realización das obras, da administración ou organismo propietario do local e acreditación da propiedade ou documento que acredite o seu uso por parte da asociación de veciños.

4.4.- Documentación específica que se acompañará co programa de acceso ás novas tecnoloxías:

T.- Esbozo da aula de informática onde se instalarán os equipos solicitados, no caso de ser unha aula de nova creación.

A documentación que se entregue en fotocopia virá debidamente compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4 deberá ser emendado no prazo de dez días hábiles desde a recepción do requirimento.

5.-LUGAR, PRAZO DE PRESENTACIÓN E ASESORAMENTO.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da deputación e na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ó de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Non se aceptarán solicitudes fóra de prazo.

O Plan de apoio veciñal pon á disposición dos solicitantes un servizo especializado de asesoramento técnico nas sedes do PAV. O horario xeral deste servizo será de luns a venres de 17:00 a 20:00 horas nas seguintes sedes:

SEDE	ENDEREZO	RESPONSABLES	TELÉF.	CORREO ELECTRÓNICO
A CORUÑA	Colexio da Milagrosa r/ A Milagrosa 1	Dña. Beatriz Cabanas Lozano D. José Ramón González López	981 169140	rav.coruna@dicoruna.es
SANTIAGO DE COMPOSTELA (sede provisional)	r/ Alfredo Brañas nº 9, Galerías Local 13.	Dña Mª Carmen García Godoy Dña. Yolanda Gómez Gómez	981 954069	rav.santiago@dicoruna.es
FERROL	Fogar Infantil Provincial r/ Sánchez Barcaiztegui, 35	Dña. Begoña Rodríguez Martínez Dña. Soraya González Moreno	981 369205	rav.ferrol@dicoruna.es

Para calquera información de carácter administrativo sobre o Plan de apoio veciñal, habilitase o seguinte servizo de 10:00 a 14:00 horas de luns a venres en:

SEDE	ENDEREZO	RESPONSABLES	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA	Servicio de Fomento r/Alfárez Provisional s/n	Dña. Matilde Pérez Fernández Dña. Sonia López Carballido	981.183.319	matilde.perez@dicoruna.es

6.-RESOLUCIÓN DOS PROGRAMAS.

A concesión das subvencións realizarase mediante Resolución da Presidencia, á proposta motivada dunha Comisión avaliadora composta polos seguintes membros e requirirá informe-proposta do Servizo de Fomento:

Presidente: Vicepresidente segundo da deputación.

Vocais: Presidente da Comisión de Cultura e 2 deputados designados polo presidente da deputación.

Na Comisión actuará como secretario, sen voto, un funcionario do Servicio de Fomento.

6.1.- A selección das peticións dos programas para actividades e investimentos veciñais, determinarase unha vez consideradas as actividades e investimentos que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

- * Programa de actuacións e adecuación ós intereses provinciais: 50%.
- * Número de socios activos e persoas beneficiadas polo programa: 20%.
- * Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: 10%.
- * Persoal voluntario que participa na execución das actividades: 20%.

Unha vez resolta a concesión, que deberá ser notificada ó interesado de forma fidedigna, poderase asinar un convenio marco entre a deputación e a asociación no que se recollan os compromisos entre as partes, que se formalizará, en todo caso, con anterioridade ó aboamento do primeiro prazo.

A falta de Resolución expresa das solicitudes, por parte da deputación, producirá efectos desestimatorios transcorridos nove meses, a partir da entrada en vigor do orzamento da deputación para 2003. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

6.2.- A selección das peticións para o programa de acceso ás novas tecnoloxías, determinarase de acordo cos seguintes criterios de ponderación:

- * Adecuación do programa de utilización da aula de informática ós fins do Plan de apoio veciñal e complementariedade cos outros programas dirixidos ás asociacións de veciños: 50%.
- * Número de socios activos e persoas destinatarias do programa: 20%.
- * Persoal voluntario que participa na execución das actividades e interese da asociación en contar con animadores veciñais (programa E): 20%.
- * Adecuación dos programas formativos presentados coas finalidades do programa: 10%.

Unha vez realizada a selección, a deputación realizará os trámites correspondentes para a adquisición e instalación dos equipos informáticos segundo o disposto nas bases da presente convocatoria.

7.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

7.1.- Prazo de xustificación dos programas de subvención de actividades e investimentos veciñais, e apoio á alfabetización dixital.

O prazo para a xustificación das subvencións será de nove meses contados a partir da data de notificación da concesión da subvención, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da Unidade Xestora.

Se non se presentase a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), por Resolución da Presidencia iniciárase o expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final será notificada á cantidade e á Intervención provincial para o seu reflexo contable.

En calquera caso, a data límite para a xustificación non poderá exceder da fixada nas bases de execución do presuposto da deputación para o ano 2003.

7.2.- Consideracións xerais.

1.- A xustificación realizarase de xeito individualizado por cada programa subvencionado.

2.- Para os efectos de xustificación das subvencións, defínese o **coeficiente de financiamento** como o cociente entre o importe de subvención solicitado e o importe do orzamento estimativo de gastos.

A aplicación deste coeficiente ó importe da subvención concedida dará lugar ao orzamento subvencionado que será o que se teña que xustificar para poder cobrar a subvención; é dicir:

Orzamento subvencionado por xustificar = Importe subvención concedida / Cf

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do orzamento subvencionado por xustificar ou a suma das subvencións para o mesmo obxecto, obtidas de administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que esta suma sexa superior ó orzamento subvencionado.

3.- As subvencións aboaranse do xeito seguinte:

Opción A:

Poderá realizarse un pagamento parcial se a asociación xustifica a realización de actividades ou investimentos que acaden, polo menos, o 50% do orzamento subvencionado por xustificar de cada programa subvencionado.

Para o cálculo do importe de subvención que se vai aboar aplicarase a porcentaxe de xustificación.

Opción B:

A totalidade da subvención, logo da xustificación das actividades ou investimentos realizados.

4.-Os gastos xustificadas deberán axustarse ós conceptos incluídos no orzamento inicial.

5.- No caso dos programas de subvención económica e despois de solicitude razoada do beneficiario da subvención, poderase autorizar **o cambio de obxecto** sempre que se manteña a finalidade da subvención.

Esta solicitude deberá presentarse no prazo máximo de **seis meses** dende a notificación da concesión da subvención. Haberá un modelo oficial para realizar esta solicitude.

Esta autorización requirirá a proposta da correspondente Comisión Avaliadora, que deberá pronunciarse sobre o mantemento do importe da subvención, do orzamento subvencionado por xustificar e do prazo de xustificación e será obxecto de Resolución da Presidencia.

6.-Para o cobramento da subvención as entidades deberán estar ó día nas súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña (art. 170.2, Lei 39/1988, reguladora das facendas locais), situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servicio Provincial de Recadación.

7.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

De conformidade co artigo 81.8 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, recollido na base 51.^a - 4.º das de execución do orzamento provincial, o importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

8.-O beneficiario queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola deputación e polo Tribunal de Contas e sométese ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral orzamentaria e, no seu caso, ó disposto no Código Penal.

7.3.- Documentación xustificativa:

Para o ***cobramento da subvención concedida***, as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

1.-Declaración de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades ou investimentos para as que foi concedida.

2.-Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

3.-Acreditación da realización de gastos, da forma seguinte:

A) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren **gastos correntes** xustificaranse mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

No caso de gastos de persoal contratado, poderán achegarse como xustificante, as nóminas acreditativas do pagamento e os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

B) As subvencións que teñan por finalidade a realización de proxectos que xeren **gastos de investimento**, xustificaranse axuntando os seguintes documentos:

* Adquisición de bens de equipo: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

* Execución de obras:

- Se as obras se executan por administración: certificación subscrita por técnico colexiado competente e relación estimada polo importe da execución material ou facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores.

- Se as obras se executan por contrata: certificación e relación estimada subscrita por técnico colexiado competente, que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE e factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

O gasto xustificado mediante a documentación sinalada deberá acadar, polo menos, o importe do presuposto subvencionado ou a suma das subvencións obtidas de administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que esta suma sexa superior ao orzamento subvencionado.

Así mesmo, no caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración concedente, na que se detallan os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ó que se refiren os gastos.

7.4.- Tramitación da xustificación:

1.-Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e se a documentación é correcta, procederase ó pagamento da subvención.

2.-No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de **dez días hábiles** para a súa corrección.

De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos xustificados correctamente, aplicando o coeficiente de financiamento.

3.-O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Disposición adicional primeira.

Con carácter xeral admitiranse fotocopias da documentación presentada sempre que veñan compulsadas:

* Diante de notario.

* Polo Rexistro Xeral da Deputación da Coruña.

* Polo órgano administrativo que teña no seu poder os documentos orixinais.

Disposición adicional segunda.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2003 e as directrices emanadas da coordinación do Plan de apoio veciñal.”

24.-MODIFICACIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA Á FUNDACIÓN “CAMILO JOSÉ CELA”, PARA O ANO 2003.

INTERVENCIÓNS

Sra. Santiago López

Xa en ocasións anteriores, o noso grupo cuestionaba en gran medida as subvencións nominativas que esta deputación ten dentro dos seus orzamentos. A maioría delas parecíanos que tiñan fácil cabida dentro do que son os plans habituais de subvencións ás entidades que todos os anos saca esta deputación. Algunhas delas, como comentaba, teñen difícil a explicación desa finalidade extraordinaria, ou a singularidade das súas propostas, pero máis sorprendente resulta que unha vez concedida esa subvención, resulte que a finalidade para a que está concedida esa subvención, se solicite un cambio, cando para calquera entidade desta provincia facer simplemente unha xustificación dunha subvención anual, parece, case, case, un viacrucis.

Nos nos parece de recibo que a estas alturas a Fundación Camilo José Cela veña solicitar un cambio de destino para esta subvención, e polo tanto o noso grupo, sen entrar xa noutras consideracións, que penso que quedaron bastante ben subliñadas en ocasións anteriores que este tema veu a este Pleno, vai votar en contra deste cambio de finalidade.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (16 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa concedida á Fundación "Camilo José Cela", no sentido de que a subvención, por importe de 30.050,00 euros vai destinada ó financiamento do programa de exposicións que se van realizar na sede da Fundación no ano 2003.”

25.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA DO PLAN ADICIONAL Ó 2000 DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Para xustificar a nosa posición neste punto non me queda máis remedio que retrotraerme ó que foi a aprobación no ano 1998 das bases que regularon o Plan de recuperación da arquitectura popular da provincia da Coruña. Naquela ocasión, o grupo provincial do BNG presentaba un voto particular á aprobación das bases, onde sinteticamente se sinalaba outro camiño polo que se podía incidir, a través dos fondos da deputación, para a recuperación que todos nós consideramos necesaria, do noso patrimonio histórico e artístico. De feito, no voto particular comentabamos que había un paso previo que sería demandar da Consellería de Cultura, entidade ou institución que ten, efectivamente, as prerrogativas neste tipo de actuacións, para que fixera un inventario real de como estaba o patrimonio histórico-artístico da provincia, e a raíz deste inventario, que houbese unha colaboración entre a Xunta de Galicia e as deputacións das catro provincias galegas respecto da recuperación do patrimonio cultural de Galicia.

(Abandona o salón o Sr. González Garcés).

Ben, non se aceptou este voto particular e si se aprobaron as bases polas que se rexeron todos os proxectos que ata o momento foron aprobados para a recuperación en distintos concellos de distintos aspectos de patrimonio.

¿Cal é o problema que lle vemos nese momento ó Plan adicional que vén á aprobación do Pleno?, pois evidentemente que non é un plan adicional, nin moito menos, do que son aquelas bases aprobadas no ano 1998, porque desvirtúa absolutamente aquelas bases que este Pleno aprobou e polo que se rexeron todos os concellos da Coruña. Naquel momento o que se facía era un baremo para aprobar os proxectos que viñan solicitados dos concellos, e á diferenza doutros plans, non había unha cantidade específica dedicada a cada concello, había unha cantidade máxima, que era de 10 millóns de pesetas, pero en todo caso o que primaba para avaliar a posibilidade de que a deputación interviñese nestes proxectos era, fundamentalmente, uns puntos que se dedicaban a outro tipo de aspectos.

Neste sentido, a nós parécenos que o Plan adicional que vén á aprobación deste Pleno non ten absolutamente nada que ver, e non ten absolutamente ningún sentido, é dicir, as bases ó que van dirixidas é a aqueles concellos que non puideron efectivizar estes proxectos por un tema que para nós é fundamental e é que non conseguiron o permiso da

Delegación Xeral de Patrimonio da Xunta, ou ben das comisións territoriais da Consellería de Cultura, para intervir, evidentemente, en algo que é moi sensible e que ten que ter unha especial protección, como é o patrimonio histórico-artístico.

Neste sentido non entendemos como o goberno provincial neste momento premia, entre comiñas, a estes concellos que, en todo caso, presentaron uns proxectos que se recoñecen inviables e que lles abre, como ben di o informe da Secretaría Xeral da deputación, unha liña de crédito, unha especie de obriga efectiva por parte dos concellos para esta deputación cando incumpren estas bases, é dicir, non ten en absoluto sentido algún, e única e exclusivamente para nós o que significa é naqueles concellos que incumpren bases, dáselles como premio que cambien os proxectos, cando realmente aí o que se está é discriminando, en todo caso, a aqueles concellos que si cumpriron as bases e que, seguramente, terían máis proxectos para presentar. Neste sentido nós entendemos que este non é en absoluto un Plan adicional de arquitectura popular que naceu no ano 98, que en todo caso é un premio a este quince concellos, totalmente incomprensible e, polo tanto, imos votar en contra.

Sr. Varela Rey

O Plan de arquitectura popular foi concebido no seu momento, xustamente para ter en conta a mellora á protección do que é un valor inesquecible da nosa historia. Aqueles concellos que foron tramitando este plan tiveron que facelo perante a administración autonómica, en Patrimonio, nalgúns casos tiveron con algunha obra algunha dificultade.

(Saen os Sres. Porto Serantes e Domínguez García).

O que se está proponendo hoxe neste salón e nesta institución, é que aqueles concellos que tiveron dificultades para efectuar algunha obra, que puideran cambiala por outra obra dentro do seu concello, para que non perderan a cantidade económica. Polo tanto, había unha cantidade económica asignada a cada concello e nós, primeiro, quen propuxo as obras foi cada concello, dentro da súa autonomía municipal; esas obras deben pasar un trámite que é, loxicamente, a supervisión da Comisión de Patrimonio; aquelas que non pasaron esa tramitación, que ademais parécenos moi ben que haxa unha intervención nese sentido, para que calquera acutación que se faga nese campo, sexa o máis axeitada posible, loxicamente, e que sexa supervisada por técnicos e por especialistas, e a partir de aí, aquelas que non se poden levar a efecto, aquí os concellos poderán levar outra, que nós ademais, se lemos a relación dos concellos que temos aquí, igual que se lemos as propostas das obras, que nos parecen moi importantes, e polo tanto, parécenos que é de xustiza atender as demandas dos concellos e que teñan esa economía para poder levar a efecto esas obras. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 21 deputados (15 do PP e 6 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: 3 deputados (1 do PP e 2 do PSOE por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

"1.- Aprobar as bases do Plan adicional ó 2000 de recuperación de arquitectura popular

BASES DA CONVOCATORIA DO PLAN ADICIONAL Ó 2000 DE RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR DA PROVINCIA DA CORUÑA

1.-Denominación e aplicación orzamentaria.

O presente Plan adicional ó 2000 de recuperación da arquitectura popular da provincia da Coruña ten carácter complementario ó convocado no ano 1998 mediante acordo plenario da deputación de 29.09.1998. O obxecto do Plan é o de permitir ós concellos promotores de obras ou servicios programados no Plan 2000 de recuperación da arquitectura popular, convocado pola Deputación da coruña no ano 1998, e que resultaron inviables por non terse autorizado a súa execución pola Consellería de Cultura, a proposta de obras ou servicios alternativos daqueles, nas condicións previstas nas presentes Bases.

O financiamento dos investimentos incorporados ó Plan será realizado a través de achegas da Deputación Provincial e máis as que voluntariamente aporten os concellos participantes no Plan. As contribucións totais que lles corresponde a cada uno dos concellos é a que figura incorporada como anexo destas Bases.

A achega provincial, que ascende a 519.316,05 euros poderá financiarse con cargo ó crédito habilitado na partida 0305/ 469.A/762.31 do vixente orzamento da Corporación.

2.-Obxecto.

2.1.-Natureza do Plan.

O obxecto do presente Plan é o de recuperar a arquitectura popular na provincia da Coruña, promovendo o acondicionamento de bens, estruturas e áreas de interese etnográfico, arqueolóxico, artístico ou histórico, tanto de titularidade pública como da igrexa, situadas en calquera termo municipal da provincia.

A intención da deputación ó convocar o presente Plan é a de promover a recuperación e adecuación de estruturas de carácter etnográfico radicadas en pequenas construcións tradicionais que tanto caracterizan a provincia da Coruña e que, dada a súa situación actual, corren o risco de perderse para sempre, coa perda que elo implicaría para o patrimonio cultural, e por ende, turístico, da provincia.

Os investimentos que se van realizar terán, en principio, carácter de obras de limpeza, consolidación, conservación e rehabilitación das construcións, instalacións e do seu contorno, e articularán unha política de promoción da cultura e da paisaxe de todas as comarcas da provincia.

Os bens e instalacións sobre os que se realizarán os investimentos deberán quedar en condicións de uso público coas limitacións e condicionamentos que , no seu caso, se establezan. Para tal efecto, entre a documentación que se achegará nas solicitudes de participación no Plan, os concellos deberán incorporar os oportunos compromisos de entregar os bens sobre os que se pretenda actuar ó uso público coas limitacións que procedan. Estes compromisos formalizaranse, no modelo normalizado incorporado ás presentes Bases, polos concellos ou pola igrexa.

2.2.-Destino dos investimentos.

As solicitudes que se van realizar deberán ser destinadas á recuperación, rehabilitación, mellora e adecuación de bens, instalacións, zonas ou áreas de interese etnográfico, histórico, antropológico, artístico, ou cultural , coas condicións e requisitos establecidos nas presentes Bases

2.3.-Tipoloxía dos bens que se han protexer.

A título de exemplo, os bens e instalacións sobre os que se poderá actuar no desenvolvemento dos investimentos, son os seguintes:

- Arquitectura dos camiños: vellas vías de comunicación ou camiños, pontes, cruceiros, "petos de ánimas"...
- Arquitectura parroquial: adros, santuarios, casas rectorais, camposantos...
- Arquitectura do pan: hórreos, eiras, muíños, fornos...
- Arquitectura do artesanado: ferrerías, batáns, fornos de oleiros, curtidoiros...
- Arquitectura da navegación: faros, garitas de vixilancia...

- Arquitectura da pesca: portos, lonxas, antigas fábricas de salmoira, secadoiros de redes e peixe, asteleiros antigos...
- Arquitectura agrícola e gandeira: adegas, prensas, curros...
- Arquitectura de feiras e festas: campos de feira e romaría, prazas, palcos de música, alpendres...
- Arquitectura da auga: fontes, lavadoiros, pozos, canais, sistemas hidráulicos...

En xeral poderá ter cabida no Plan toda obra de mellora e conservación do patrimonio tradicional popular, que aínda que non apareza na relación anterior, supoña unha protección do patrimonio cultural da provincia, como por exemplo:

- Patrimonio arqueolóxico: limpeza e mantemento de áreas escavadas con anterioridade.
- Patrimonio artístico: restauración e consolidación, fundamentalmente de igrexas, pazos, museos e outros monumentos de interese.
- Patrimonio histórico: estruturas que sen ter un valor artístico poidan telo sentimental, vinculadas a feitos ou a figuras históricas.

2.4.-Memorias e proxectos técnicos.

Os concellos que formulen solicitude de participación no Plan, deberán achegar a estas as memorias ou proxectos técnicos nos que quede definida o investimento que se vai realizar con indicación detallada das unidades e prezos unitarios, porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (13 e 6 %, respectivamente), e o correspondente ó IVE.

As memorias orzamentadas poderán ser redactadas respecto dos investimentos que supoñan ata un total de 30.000 € de investimento. Os investimentos de máis de 30.001 € deberán ser reflectidas no oportuno proxecto técnico.

As memorias ou proxectos técnicos deberán ser subscritos por técnicos competentes por razón da materia á que vaian dirixidos e deberán ser aprobados polo órgano competente da Corporación municipal. En calquera caso as memorias ou proxectos deberán contar coa documentación de carácter histórico, arqueolóxico e etnográfico adecuada. A supervisión técnica será acreditada, en todo caso, pola colaboración de tipo técnico que achegue a deputación.

2.5.-Posta a disposición dos terreos.

Se os bens foran de titularidade da igrexa, o seu titular deberá realizar a acreditación da súa titularidade e posta a disposición, a través do concello respectivo

Se os bens e instalacións ós que pretenda aplicarse a axuda son de titularidade municipal, a acreditación da dispoñibilidade deles será realizada mediante calquera procedemento válido en dereito.

Todos os bens deberán estar libres de cargas e ser aptos desde o punto de vista urbanístico para a execución das obras.

Todos os extremos ós que se fixo mención deberán quedar acreditados na solicitude mediante as oportunas certificacións e informes emitidos polos servizos técnicos e administrativos do concello.

3.-Destinatarios.

As solicitudes de participación no Plan poderán ser formuladas polos concellos da provincia da Coruña que aparecen relacionados no anexo das presentes bases e son aqueles que promoveron investimentos no Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular que non poden ser executadas por non ser aprobadas pola Consellería de Cultura.

Unha vez executadas as obras serán entregadas ós seus titulares que asumen, polo feito de ter participado no Plan, a posta a disposición dos bens e instalacións ó uso xeral coas condicións e requisitos que, no seu caso, se establezan.

4.-Financiamento.

O financiamento dos investimentos incorporados ó Plan realizarase con achegas da Deputación da Coruña, nos termos e condicións que establezan os acordos plenarios de aprobación do Plan, e con achegas dos concellos que así o soliciten nos acordos plenarios de solicitude.

5.-Forma e prazos de solicitude.

Os concellos que desexen participar no presente Plan, solicitando a execución dos proxectos correspondentes, deberán presentar no Rexistro Xeral da Deputación, ou en calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes que se contará logo da publicación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia, a documentación seguinte:

Á solicitude deberá axuntarse a seguinte documentación:

- Certificación do acordo plenario municipal no que se acorde aprobar a solicitude de incorporación ó Plan e se acepten expresamente as Bases do Plan. No caso de solicitarse varias instalacións, deberán priorizarse.

Igualmente deberá incorporar o acordo que se vai adoptar, o compromiso firme do concello de que realizará todos os trámites que sexan precisos en orde á obtención de cantas autorizacións, concesións, permisos e licencias sexan necesarios para a correcta execución dos investimentos.

Todo isto conforme ó modelo de acordo que se achega.

- Certificación de titularidade Se os bens sobre os que se propón actuar son de titularidade municipal, deberá remitirse a documentación xustificativa do dito.

Se os bens e instalacións sobre os que se pretende actuar foran de titularidade da igrexa, o concello deberá achegar escrito, formalizado no impreso normalizado que se achega ás presentes Bases, no que o titular do ben compromete a súa achega para a execución do investimento e asume a dispoñibilidade deste nos termos establecidos no modelo.

- Memoria xustificativa na que se acredite a conveniencia de executar o investimento solicitado, as condicións de accesibilidade, poboación afectada, potencial turístico e previsións de utilización.

- Certificación do acordo ou resolución de aprobación das memorias ou proxectos técnicos.

- Memorias orzamentadas ou proxectos técnicos ós que vaia referida a solicitude.

- Se é o caso, certificación expedida pola Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia relativa á cualificación do ben como de interese cultural, ou indicación da norma na que este apareza cualificado como tal.

6.-Aprobación do Plan

Á vista do informe emitido polo Servicio de Fomento, elaborárase a proposta de selección por unha comisión avaliadora composta polos seguintes membros:

Presidente:

O presidente da Comisión do Medio Natural, Pesca, Agricultura e Benestar Social.

Vocais:

O xefe do Servicio de Fomento.
O técnico de Xestión Cultural.
O xefe da Sección de Promoción Económica, quen ademais actuará como secretario.

A Comisión elaborará unha proposta de actuación integrada por todas os investimentos que se han realizar.

A proposta formulada pola Comisión avaliadora será elevada á Presidencia para a súa toma en consideración, previa ó dictame da Comisión informativa e acordo plenario preceptivo. O acordo plenario de aprobación conterá a relación dos investimentos que se van realizar cos seus respectivos proxectos.

Unha vez aprobado o Plan someterase á exposición pública por un prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, entendéndose aprobado definitivamente no caso de que non se presenten alegacións a este.

7.-Contratación e execución das obras.

A contratación e execución das obras incorporadas no plano será realizada, por delegación da deputación, polos concellos respectivos.

Os concellos deberán garantir en todo momento a tramitación perante a Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia das autorizacións e permisos oportunos, cando isto resultase necesario dadas a natureza e especial protección dos bens ós que as obras se refiran.

Modelo de certificación de acordo plenario

D., secretario/a do Concello de

CERTIFICA:

Que o pleno do concello, en sesión celebrada o, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1.º .-Solicitar a participación no "Plan adicional ó 2000 de recuperación da arquitectura popular da provincia da Coruña" convocado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña. As súas Bases coñécense e acéptanse na súa totalidade e solicítase a execución das seguintes memorias e/ou proxectos técnicos seleccionados neste municipio, e que son aprobados na presente sesión (ou xá foron aprobados polo órgano municipal competente) conforme á seguinte orde de prelación:

	Denominación do proxecto	Importe	Achega Prov.	Achega Munic.
n.º 1				
n.º 2				
n.º 3				

As obras ou servizos relacionados promóvense en substitución dos solicitados no Plan 2000 de recuperación da arquitectura popular convocado pola deputación no ano 1998 que resultaron de imposible execución e que son os que de seguido se relacionan:

nº 1.....

nº 2.....

2.º .-Comprometerse o concello a facilitar e permitir as inspeccións previas e no seu caso á tramitación dos permisos, autorizacións e licencias precisos para a correcta execución das obras.

3.º .-Facultar ó alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4º Aprobar os proxectos ou memorias relacionados no punto primeiro do presente acordo

	Denominación do proxecto	Importe
n.º 1		
n.º 2		
n.º 3		

(No seu caso, o Pleno municipal deberá acreditar a dispoñibilidade dos bens ou dereitos sobre os que se pretende executar as actuacións previstas no acordo de solicitude, mediante a correlativa declaración que se incluírá no acordo)

Modelo de compromiso de achega

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ENTIDADE QUE CEDE O BEN:

- Nome e dous apelidos (no caso de entidades con personalidade xurídica do representante da entidade):

- Número de identificación fiscal (no caso de entidades CIF)

- En calidade de propietario (o titular do dereito real de que se trate)

- En nome e representación de (ou en nome propio) cede o seguinte ben en uso ó concello de co fin de executar a obra de e ata que finalice a execución desta e sexa recepcionada, como trámite previo a permitir o acceso libre ó ben citado

durante vinte horas, polo menos, á semana, distribuídas nos tres días que se fixen conforme ó horario que marque o concello no oportuno expediente no que terá audiencia o cedente e no que se constituirá a conseguinte servidume de acceso público.

- Así mesmo, comprométese a solicitar, e no seu caso, tramitar ou facilitar a tramitación de cantas licencias, permisos e autorizacións sexan precisos para a correcta execución do investimento solicitado para a rehabilitación/ conservación/ mantemento/ restauración/ mellora/ e /ou protección do ben citado.

Lugar e data:

Sinatura:

Asinado:

A Coruña, de 2002.

O Presidente,

O Secretario

Asdo.: José Luís Torres ColomeAsdo. José luís Almau Supervía

2.-A relación de obras programadas no Plan 2000 de recuperación da arquitectura popular que non puideron ser aprobadas por falta de autorización da Consellería de Cultura é a que se detalla no anexo I do presente acordo.

3.-Expor ó público as Bases da convocatoria do Plan adicional ó 2000 de recuperación de arquitectura popular, mediante a publicación dun anuncio no BOP para efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

4.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación local e á Comisión Provincial de Patrimonio, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

5.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.

6.-A achega provincial ó presente Plan adicional ó 2000 de recuperación de arquitectura popular, que ascende a 519.316,05 euros será financiada con cargo á partida 305/469A/762.31 do orzamento da Corporación.”

PAP - PLAN ADICIONAL

ARZÚA

REHABILITACIÓN CASA RECTORAL	60.068,75
RESTAURACIÓN IGREXA PARROQUIAL DE VIÑOS	<u>29.991,51</u>
TOTAL...	90.060,26

BOIRO

RECUPERACIÓN DOS CRUCEIROS VELLO E FREÁN	9.735,83
PAVIMENTACIÓN DO ADRO DA IGREXA DE LAMPÓN	<u>30.032,86</u>
TOTAL...	39.768,69

CERCEDA

HÓRREO EN PAO DO LOBO	<u>5.499,26</u>
TOTAL...	5.499,26

CORISTANCO

ACONDICIONAMENTO DAS TORRES DE NOGUEIRA	<u>60.101,21</u>
TOTAL...	60.101,21

FRADES

OBRAS E MELLORAS NA IGREXA PARROQUIAL DE SAN <u>XOAN DE VITRE</u>	<u>4.246,75</u>
TOTAL...	4.246,75

MIÑO

CRUCEIRO DE CALLOBRE	<u>4.579,96</u>
TOTAL...	4.579,96

MUXÍA

ARRANXO DA PEDRA DE ABALAR	29.870,30
RECUPERACIÓN CAMIÑOS E CRUCEIROS DE DISTINTOS LUGARES	24.826,79
RESTAURACIÓN DE RETABLOS LATERAIS E CASA RECTORAL DO <u>SANTUARIO DO NO</u>	<u>30.004,37</u>
TOTAL....	84.701,46

OZA DOS RÍOS

RECUPERACIÓN DO ADRO DA IGREXA DE SAN NICOLÁS <u>DE CINES</u>	<u>14.760,62</u>
TOTAL...	14.760,62

PADRÓN

ACONDICIONAMENTO DO ADRO DA IGREXA DE HERBÓN	8.711,19
TOTAL....	8.711,19

PONTECESO

RECUPERACIÓN DO CONTORNO DO CRUCEIRO DA PEDRA DA SERPE	59.478,20
RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO CONTORNO DA ALDEA DE RONCUDO	59.705,40
TOTAL...	119.183,60

ROIS

REHABILITACIÓN HÓRREO, PEDROUZOS-AUGASANTAS	
2.455,13	
RESTAURACIÓN DUN HÓRREO EN A CALLE (URDILDE)	17.113,28
ACONDICIONAMENTO HÓRREO EN SAMIL	3.851,29
RESTAURACIÓN DUN HÓRREO EN BEADE-AGUASANTAS	4.005,51
TOTAL...	27.425,21

SANTA COMBA

ADECENTAMENTO PRAZA DE XALLAS-CASTRIZ	14.129,20
TOTAL...	14.129,20

SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESTAURACIÓN FACHADAS E ADRO CAPELA SAN SILVESTRE	9.586,14
TOTAL...	9.586,14

TEO

ACONDICIONAMENTO DA CAPELA DE SANTA MARTA	30.049,85
TOTAL...	30.049,85

TOURO

REHABILITACIÓN DO TELLADO DA IGREXA DE SAN XOAN DE FONTES ROSAS	6.512,65
TOTAL...	6.512,65
TOTAL XERAL	519.316,05

26.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA 3ª RELACIÓN DA ANUALIDADE 2002 DO PLAN XXI DE FOMENTO DE TURISMO DA NATUREZA.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Para anunciar a abstención nos puntos 26 e 27, e o 26 referido á terceira relación da anualidade 2002 do Plan XXI de fomento do turismo da natureza, conforme ó que sempre facemos no Pleno referido a obras concretas de bases coas que o BNG non estivo de acordo, e no punto número 27, porque non nos parece de recibo que se amplíe máis dunha vez o prazo de xustificación do Plan de fomento de turismo da natureza na frioleira de 17 meses. Pensamos que, en todo caso, ou ben a deputación nas súas bases acompaña con prazos de execución e xustificación que sexan realmente reais, ou se non, o que non ten sentido é que aqueles concellos que continuamente son incapaces de cumprir os prazos e as bases, pois evidentemente terán que reformularse a súa xestión e facer outro tipo de propostas. Polo tanto, nós ímonos abster neste punto tamén.

(Entra o Sr. Domínguez García).

VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados (16 do PP e 6 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-.- Aprobar a terceira relación de obras, subministracións e servicios do Plan XXI para o fomento do turismo da natureza na provincia da Coruña, anualidade 2002. As obras, subministracións e servicios desta terceira relación, que se vai contratar en cada concello, quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

2.-O financiamento das obras, subministracións e servicios incorporados nesta terceira relación do plan quedará establecida nos termos que figuran na presente proposta:

Os importes totais que se van conceder son: Orzamento total 861.750,04 euros, dos cales a deputación financiará 859.553,96 euros con cargo á partida orzamentaria 0305/751.A/762.99 e 2.196,08 euros que serán financiados polos concellos integrados nesta terceira relación de investimentos e subministracións, segundo se detalla de seguido:

CODIGO	CONCELLO	OBRA	Achega concello	Achega Deputación	TOTAL
02.4300.0170.0	ARANGA	ÁREA RECREATIVA PONTE-ARANGA		18.091,96	18.091,96
02.4300.0171.0	ARANGA	MELLORA ZONAS NATURAIS E OCIO	1,21	8.106,79	8.108
02.4300.0172.0	CARRAL	REHABILITACIÓN DE MUIÑO EN TEIXOEIRAS STA. MARIÑA DE BEIRA		9.510,75	9.510,75
02.4300.0173.0	CARRAL	REHABILITACIÓN DE APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO NO RÍO ABELLEIRA		25.319,3	25.319,3
02.4300.0174.0	CERDIDO	PROXECTO DE REHABILITACIÓN DA CASA RURAL 1º FASE EN VILADONIGA - CERDIDO		38.065,8	38.065,8
02.4300.0175.0	MIÑO	PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE APARCAMENTOS E BEIRARRÚAS AXARDINADAS NOS ARREDORES DA PRAIA MIÑO		11.363,7	11.363,7
02.4300.0176.0	MIÑO	PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE VARANDAS E SENDEIRO AXARDINADO NO ARREDOR DA PRAIA DE MIÑO		16.628,21	16.628,21
02.4300.0177.0	MIÑO	PROXECTO DE MARQUESIÑAS PARA PARADAS DE SERVICIOS DE TRANSPORTE DE PASAXEIROS NO MUNICIPIO DE MIÑO		42.127,26	42.127,26
02.4300.0178.0	NOIA	MATERIAL URBANO PARA O CASCO HISTÓRICO DA VILA DE NOIA	7,67	24.354,41	24.362,08
02.4300.0179.0	NOIA	ESTUDIO DE CONSERVACIÓN E POST EN VALOR DO DOLMEN DA COVA DA MOURA		17.951	17.951
02.4300.0180.0	NOIA	POSTA EN VALOR DOS RESTOS DA ANTIGA MURALLA DE NOIA		23.307	23.307
02.4300.0181.0	TORDOIA	MELLORA CONTORNO EN PONTEPEDRA		31.068	31.068
02.4300.0182.0	TORDOIA	SINALIZACIÓN TURÍSTICA NO MUNICIPIO 2ª FASE		20.650	20.650
02.4300.0183.0	TORDOIA	GUIA DO CONCELLO		10.588,54	10.588,54
02.4300.0184.0	TRAZO	ÁREAS DE OCIO E ESPARCIMENTO: MELLORA ARREDORES E ACCESOS NAS ÁREAS DE CHAIÁN, SAN MATEO E CONTORNO PISCINA MUNICIPAL	2.187,19	39.883,81	42.071

02.4300.0185.0	VALDOVIÑO	URBANIZACIÓN ACCESO VIVENDAS SOCIAIS 2ª FASE		81.444,3	81.444,3
02.4300.0186.0	VALDOVIÑO	PAVIMENTACIÓN PISTA POLIDEPORTIVA DE PANTÍN, PAVIMENTACIÓN R/ PAVIMENTACIÓN R/ PERPENDICULAR A R/ IMELDO CORRAL E APERTURA E AFIRMADO D PISTA DA P.		32.883,66	32.883,66
02.4300.0187.0	ABEGONDO	SINALIZACIÓN E COLOCACIÓN DE MARQUESIÑAS EN LUGARES E ESPACIOS DE INTERESE PÚBLICO DE ABEGONDO	0,01	73.016,76	73.016,77
02.4300.0188.0	TEO	ACONDICIONAMENTO NA BURGA		24.962,03	24.962,03
02.4300.0189.0	TEO	ACONDICIONAMENTO EN XIRIMBAO		37.317,41	37.317,41
02.4300.0190.0	CARNOTA	ADECUACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO PARA MIRADOIRO EN LOUREDO		12.000	12.000
02.4300.0191.0	CARNOTA	2ª FASE DE MIRADOIRO EN CALDEBARCOS		12.034,87	12.034,87
02.4300.0192.0	CARNOTA	RECUPERACIÓN, ESTUDIO, CONSERVACIÓN E RENDIBILIDADE DALGÚNS GRAVADOS RUPESTRES DO CONCELLO DE CARNOTA		9.009,33	9.009,33
02.4300.0193.0	NEGREIRA	INSTALACIÓN PARQUES INFANTÍS NO PARQUE DO COTO, COLEXIO PÚBLICO E EN DIVERSAS PARROQUIAS DE NEGREIRA		49.484,04	49.484,04
02.4300.0194.0	NEGREIRA	COMPRA DUNHA ROZADOIRA PARA O TRACTOR		12.774,52	12.774,52
02.4300.0195.0	NEGREIRA	COMPRA DUN PALCO MÓBIL		8.785,6	8.785,6
02.4300.0196.0	NEGREIRA	ADQUISICIÓN BOLARDOS ÁREA RECREATIVA DE COBAS		6.010,13	6.010,13
02.4300.0197.0	ORDES	PROXECTO REFORMADO ACONDICIONAMENTO E PASEO NO RÍ CABRÓN 1ª FASE		52.179,01	52.179,01
02.4300.0198.0	ORDES	REHABILITACIÓN DO MUIÑO DA SILVA EN ORDES		9.622,26	9.622,26
02.4300.0199.0	CARNOTA	MIRADOIRO EN LARIÑO		13.858,53	13.858,53
02.4300.0200.0	CARNOTA	1ª FASE CREACIÓN DE MIRADOIRO E ELIMINACIÓN DE VERTEDOIRO INCONTROLADO EN CABANA-LIRA		12.000	12.000
02.4300.0201.0	CARNOTA	2ª FASE ADECUACIÓN CONTORNO DA FERVENZA PEDRAFIGUEIRA		12.000	12.000
02.4300.0202.0	SADA	CANALIZACIÓNS DE PLUVIAIS, AUGA E ILUMINACIÓN, REXENERACIÓN DO CHAN, SANEAMENTO E REPLANTADO DA ARBOREDA NO CURRUNCHO DA RÚA DA PRAIA, SADA		63.154,98	63.154,98
TOTAL			2.196,08	859.553,96	861.750,04

O importe correspondente á partida 0305/751.A/462.00, financiará os servizos solicitados ascendendo a un total de 20.794,19 euros financiados integramente pola deputación, segundo o seguinte detalle.

CODIGO	CONCELLO	OBRA	Achega concello	Achega Deputación	TOTAL
02.4300.0502.0	ARANGA	SERVICIO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA		10.500,27	10.500,27
02.4300.0503.0	NOIA	FEIRA EXPOTURIS-PORTUGAL		1.293,92	1.293,92
02.4300.0504.0	CARNOTA	CONTRATACIÓN TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE		9.000	9.000
TOTAL				20.794,19	20.794,19

Os importes totais detállanse no seguinte cadro.

Programa	Ptos	Achega Deputación	Achega Concello
Obras /subministracións	861.750,04	859.553,96	2.196,08
Servizos	20.794,19	20.794,19	

Facéndose constar que a aprobación desta terceira fase queda condicionada á aprobación do próximo expediente de modificación de créditos.

3.- A contratación das obras subministracións e servizos, dacordo co establecido nas bases da convocatoria do plan, delégase nos concellos respectivos conforme ós seguintes criterios:

"1.- As obras contrataranse os respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación. O Concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, adxuntándoo ao

prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarase o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello con arreglo ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no presuposto, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

5.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente. En todo caso os concellos deberán remitirle á Deputación:

1º.- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.
- Se a adxudicación se realizamediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".
- No caso de concurso ademais da "Acta de apertura de plicas", deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación de recepcións:

Os concellos deberán comunicarlle á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizara o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da Deputación á ela, se así considerase oportuno

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable".

4.- Dispoñer a exposición pública da terceira relación de obras, subministracións e servizos do plan, anualidade 2002 aprobada no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP. para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

5.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia.

6.- Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo".

27.-AMPLIACIÓN DE PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS OBRAS DO PLAN XXI, PARA O FOMENTO DE TURISMO DA NATUREZA NA PROVINCIA DA CORUÑA (ANUALIDADE 2001).

VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados (16 do PP e 6 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Modificar o teor literal da base 8 da convocatoria do Plan XXI para o fomento do turismo de natureza na provincia da Coruña, aprobadas polo Pleno da Corporación de 16 de maio 2001, (publicadas no BOP de 22 de maio de 2002) no sentido de ampliar o prazo de xustificación das obras, servizos e subministracións incorporadas na primeira anualidade do plan correspondente ó exercicio de 2001, no de conceder un novo prazo que remataría o 30.09.2003. O teor literal da base modificada quedaría establecido nos seguintes termos:

“...Todos os investimentos da anualidade do ano 2001 deberán estar executados e debidamente xustificados perante a deputación con anterioridade ó día 30 de setembro do ano 2003...”

2.-Dispoñer a exposición pública da presente modificación das bases da convocatoria mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentar ningunha.

3.-O presente acordo queda condicionado á definitiva entrada en vigor do expediente modificativo de créditos no que se incorpora crédito suplementario, por importe de 9.950,53 €, na partida 0305/751A/462.00 do vixente orzamento da Corporación, para facer fronte ó financiamento das dúas actuacións do plan pendentes de financiar no día da data.

4.-Facultar ó presidente para todo canto resulte necesario para a correcta execución do presente acordo.”

28.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 1/03 E RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Doval

Non había ningunha dúbida máis que ver como quedaba a liquidación do orzamento do ano 2002, para darse conta que o remanente de Tesourería que intencionadamente se acumulou á hora da liquidación dese orzamento, íase converter, con toda seguridade, no Expediente de modificación de créditos preelectoral e cuns tintes marcadamente electorais.

Preséntase hoxe aquí unha proposta de aprobación dun Expediente de modificación de créditos de máis de 27.000 millóns de euros, ben 27.427 euros, máis de 4.500 millóns de pesetas, traizóanos o subconsciente aínda, en todo caso esa cantidade que aínda seguimos manexando con dificultade, pensamos nós que, efectivamente é diñeiro suficiente como para pensar que os proxectos que se van gastar son do día a día. É evidente que o proxecto de Expediente de modificación, e proxecto, mecanismo que nós en ningún caso chegamos a debater, nós pensamos que os expedientes de modificación de créditos son recursos normais, e ademais lícitos e lóxicos, que ten a Corporación, pero é evidente que a forma e o fondo de documento que hoxe se trae aquí, ten claramente unha visión completamente diferente.

Nós pensamos, Sr. presidente, que efectivamente, o contido, incluso a dimensión, non só no diñeiro, -no diñeiro no que eu me equivoquei-, senón no propio contido, eu penso que evidencian claramente que as eleccións están a dous meses vista e que, efectivamente, esta institución ten moitas necesidades que cubrir, cousa que a nós non nos parecía mal se, efectivamente, se estivese tratando de cubrir as necesidades e de atender as necesidades das competencias que ten atribuídas esta deputación e, sobre todo, das necesidades básicas dos concellos e do conxunto dos cidadáns e cidadás da nosa provincia, pero é evidente que o contido deste expediente é outra cousa diferente. O contido deste expediente é unha especie de liquidación de restos antes do peche por traspaso. E non é unha frase que soe ben, senón que vou, efectivamente, intentar xustificar de por qué nós entendemos que é así.

Eu dividiría este Expediente de modificación en tres partes completamente diferenciadas, os investimentos que vostedes decidiron incluír aí en obras que teñen un carácter eminentemente mediático ou publicitario, por exemplo, edición de revistas para entidades que son moi novidosas, porque se chaman novas; convenios de formación con certas cooperativas agrarias, ou subvencións nominativas a outras entidades agrarias, e digo con certas porque a ver por que non con todas; achegas a algunha cámara de comercio, e digo algunha, e pregunto por que non con todas, ou cunha subvención de carácter aberta e transparente; ou apoios a algún programa europeo referido a estratexias locais de emprego, e digo algúns, e pregunto por que non a todos. Ese sería o primeiro gran apartado deste Expediente de modificación de créditos. En segundo lugar, as achegas, na maioría dos casos, vía subvención nominativa, aquí temos un vello debate con respecto ó das subvencións nominativas, que sempre eran recursos con carácter excepcional, é dicir, recorrer á subvención nominativa, recorreriase cando non houbo unha saída para algo que era necesario, pero vostedes converteron o que era excepcional en normal, e as subvencións nominativas, desde logo neste expediente de modificación de créditos, é evidente que case son a estrela do conxunto do documento. Temos aquí as achegas á Fundación Arao, non imos debater máis sobre o tema da Fundación Arao, e non imos debater máis que seguir repreguntando o que dixemos hai un mes, que xa nos gustaría a estas alturas empezar a saber en que se van gastar os fondos da Fundación Arao.

Os apoios tamén a algunha outra Fundación, Galicia Moderna, paréceme, non sei, é que eu hai algunhas cousa que non coñezo e aproveito que estou aquí e pregunto. Suplemento, por exemplo, de 450.000 euros para actividades nas denominadas Comunidades Galegas, que habería que preguntar, á marxe de saber, evidentemente para que son, cal vai ser o criterio de distribución. Algunha subvención moi nominativa e moi importante para equipamento dalgún Club Náutico que nin sequera rematou as súas instalacións, xa se equipa antes de rematalo, é dicir, que é evidente que esta deputación é moi rápida, subvención moi nominativa e, por certo, moi contante e moi soante. E despois a ampliación, como non podía ser menos, efectivamente, das partidas para concesión de subvención a concellos, de cultura e deportes, a través do mecanismo que vostedes teñen de

concesión de subvención, que aínda, desde logo dunha forma completa, segue sendo unha gran incógnita para nós, por máis que saibamos que o podemos consultar nalgunha oficina, pero seguimos sen saber cales son os criterios e, desde logo, o que si sabemos é que os grupos da oposición non conseguimos aínda ter participación nesas comisións avaliadoras.

E despois temos o gran grupo, ou o gran apartado dese Expediente de modificación, que é aquel que, efectivamente, si afecta a competencias que ten atribuídas a deputación, pero do que se descoñecen na maioría dos casos cales son as razóns que provocan a aparición dalgunhas partidas e, en concreto, cales van ser os seus contidos. A implantación de determinados sistemas de xestión municipal, 781.619 euros; as asistencia técnicas externas, 200.000 euros, seguimos sen saber para que van ser, seguimos sen saber por que ese interese en non atribuír, non utilizar os recursos humanos e técnicos poderosos e grandes e capacitados que ten esta casa para facer cousas que despois se lle dá ás empresas de fóra, porque como corre moita prisa, parece que aquí non se poden facer; a adaptación, por exemplo, de determinado tipo de centros, que seguen sendo propiedade da deputación e que teñen funcións atribuídas que non se cambiaron neste Pleno, como é o caso do Fogar Infantil de Ferrol, pois unha adaptación de 212.738 euros para converter un apartado, non sabemos cal, para oficina de información xuvenil, non sabemos se é tan xuvenil que case, case pode ser infantil, entón pódese incluír no apartado que é Fogar Infantil de Ferrol, igual é que é iso, e posiblemente a confusión sexa nosa, vostedes xa pasan dos 3 anos e convértenos en mozos, pero no penso que vaian por aí os tiros. E despois, indubidablemente, tamén a contratación de laborais e eventuais, que nós facemos unha gran pregunta, e situamos esa gran incógnita de cales son, como se vai contratar e para que son, nada máis que 500.000 euros.

Pero claro, o programa estrela, ou o apartado estrela desta parte do Expediente de modificación de créditos é o que se denomina reestructuración/s de servicio/s, digo reestructuración porque son varias reestructuracións singulares que dan lugar a vinte reestructuracións de servicio, cada un moi singular, que suman a nada despreziable cifra de 628.674 euros, en pesetas máis de 1.047 millóns de pesetas; vinte partidas diferentes que se denominan todas da mesma maneira, e sobre as cales temos a mesma incógnita, e iso no ámbito de non pararnos en cada unha delas, parece que vostedes nos facilitan que opinemos sobre vinte cousas ó mesmo tempo. Curiosa a denominación de reestructuración de diversos servicios nun momento en que, practicamente, esta Corporación está liquidada, enténdese que, desde logo a reestructuración de servicios, cando un está ó fronte dunha Corporación, faina desde o momento en que chega e fai balance dos seus resultados no momento en que se vai, pero aquí aparece reestructuración de determinados servicios, que antes sei que se chamaba doutra maneira, e seguramente que eu tamén estou confundido, aparece xustamente cando quedan dous meses, menos de dous meses, para que se celebren as eleccións municipais que levará emparellado, naturalmente, tamén un cambio dentro desta deputación, e se produza como se produza un cambio, vai haber un cambio, prodúzase como se

produza, non se preocupen vostedes que eu non estou sendo Aramis Fuster, estou dicindo que vai haber un cambio, xa falarán os votos.

Pero en calquera caso, é evidente que é penoso e verdadeiramente lamentable, que se inclúan nun Expediente de modificación de créditos unha cantidade tan elevada na súa cifra, de investimentos, para un plan do que se descoñece como se vai materializar. Segundo as miñas informacións parece que hai certas negociacións coa parte social desta deputación, cos traballadores e traballadoras, por certo parece ser que incluso algunha delas celebrada hai poucas horas, e segundo as miñas informacións, podo estar equivoicado, aprazada nas súas conclusións, aprazada nos seus resultados, e isto agrándame moito máis a incógnita de como é posible que vaíamos aprobar un Expediente de modificación de créditos que contén partidas económicas para unha cousa que se denomina reestructuración de diversos servicios, sen que iso estea, primeiro, negociado coa parte social, e menos debatido dentro do seo da Corporación, desde logo, do que nós sabemos, aquí non houbo debate algún, nin do resultado desas negociacións que está habendo coa parte social, nin moito menos do contido desas vinte partidas que se denominan cada unha, singularmente, reestructuración de diversos servicios. E, naturalmente, dá moita máis mágoa, e eu penso que é moito máis abraiante, que isto veña aquí cando vai afectar seriamente á situación actual e ó futuro de determinados servicios desta deputación. É certo que a información que vostedes teñen dentro do expediente que vén ó Pleno non é moi grande, pero calquera minimamente espilido, que non fai falta que sexa nin sequera estudante de Económicas, como son eu, sabe que aquí do que se está falando é de modificacións trascendentais dentro de determinados servicios desta casa. Entón claro, que iso se dea cando remate a lexislatura, que se dea sen negociación coa parte social e que se dea sen coñecemento e debate na propia Corporación, é unha cousa un pouco chamativa. Eu, a verdade, que case, case, esperaba que cando comezase o debate deste punto, alguén nos anunciara que do Expediente de modificación de créditos caen as vinte partidas de reestructuración dos diversos servicios, porque era o máis lóxico, porque miren vostedes que nós imos votar, se se nos pide que lle deamos o voto favorable ó Expediente de modificación de créditos, imos darlle un cheque en branco para que o goberno desta deputación teña as mans libresa para despois facer cunhas partidas que teñen números e que teñen cifras, o que lle dea a gana, porque o proceso está invertido, no lugar de negociar, reestructurar e saber o que nos custa e incluír as partidas económicas, vostedes xa o están facendo ó revés, eu xa sei que vostedes saben o que queren facer, ollo, esas cifras que están aí claro que non son produto da imaxinación de ninguén, nin unhas contas que se fixeron para que deran os números, son produto dunha proposta que ten o grupo de goberno, pero é só do grupo do goberno, non é, nin consecuencia dunha negociación coa parte social, nin moito menos froito dun debate que, eu penso que por unha certa deferencia, e polo momento en que se fai isto, vostedes deberían ter cos grupos da oposición, é dicir, vostedes o que non poden é marchar e deixar o paquete aquí, iso non é serio, iso non é serio facer isto a dous meses do remate dunha lexislatura. E, polo tanto, esas vinte partidas, canto menos eses vinte que figuran aí, deberían caer automaticamente do

Expediente de modificación de créditos, non sei se van caer, e vostedes van propor unha emenda e retírase, pero cousa que sería difícil, porque despois, efectivamente, é certo que non van dar as contas. En síntese, Sr. presidente, e remato, eu penso que é evidente que, excepto algunhas cousas que vostedes fixeron figurar neste Expediente, e é evidente que nós non estamos facendo un xuízo sumarísimo ó contido do Expediente, nós centrámonos nas críticas naquelas cousas que o Bloque Nacionalista discrepa, eu xa sei que van cousas aí, por certo algunhas cousas que proceden ó incordio e permítaseme a expresión, que démos desde o Bloque Nacionalista Galego, que vostedes en lugar de querer recoñecer pola vía directa, como son concretamente a situación deficiente de servicios no Polígono Industrial de Sabón-Arteixo, despois dun ano, que aquí debatemos, e que acordamos reunirnos e que acordamos tamén outras cousas que non se cumpriron, vostedes vense obrigados a empezar a facer pequenos investimentos para o tema de saneamento ou da auga no Polígono de Sabón-Arteixo, está moi ben todo iso, pero o Expediente é un conxunto e malo sería que vostedes, metendo tres ou catro cousas das cales podemos coincidir intentarían pasarnos isto, pero xa digo, consideramos especialmente grave o contido que se fai nalgún dos apartados do expediente e, polo tanto, Sr. presidente, nós non podemos votar a favor deste documento que se nos presenta hoxe aquí, sobre todo pola inconcreción, pola falta de claridade, pola falta de debate e nós non lle podemos dar un cheque en branco para que incluso, e dígoos con toda rotundidade, vostedes pretendan, á última hora, deixar marcada unha liña de actuación para a próxima Corporación que é unha responsabilidade que a vostedes lles competía cando entraron aquí e non xustamente cando van marchar. Nada máis.

Sr. Lagares Pérez

Imos debater hoxe aquí, neste punto da orde do día, o Expediente de modificación de créditos número un do 2003, nós máis ben lle chamariamos a isto un presuposto número dous, non un Expediente de modificación de créditos. E un presuposto número dous pola forma e un pouco polo fondo.

O total do Expediente son arredor de 27 millóns e medio de euros, o que equivale a 4.575 millóns de pesetas e parécenos isto unhas cifras elevadas que, indubidablemente, ou se vén traballando para determinadas datas ou nun mes desde que liquidamos o presuposto que tivo lugar, curiosamente o 28 de febreiro, déronse uns avances de maneira portentosa e cunha celeridade tremenda.

Neste Expediente de modificación de créditos o financiamento provén, na súa maioría, do remanente de Tesourería, un remanente de Tesourería que, indubidablemente, vén ser practicamente o cen por cen deste Expediente no seu financiamento, cunhas pequenas baixas por anulación e que, insisto, que foi rapidísimo, parece como se estivesemos esperando liquidar o presuposto para iniciar este Expediente xa dunha forma

vertixinosa. E claro, isto dálle a razón ó grupo provincial socialista, e dálle a razón, e non lla quita; ¿que pasou aquí?, aquí pasou que xestionamos mal no ano 2002, e ¿por que xestionamos mal?, porque posiblemente hai unha data aí máxima, ou unha data importante, que é o 25 de maio, e que o grupo popular estase a preparar para iso. Nós non queremos ser mal pensados, pero non nos queda máis remedio que sacar ó inicio estas conclusións.

E se dicimos isto, vén motivado porque a xestión presupostaria non foi a axeitada. O grupo provincial socialista vai facer unha serie de reflexións concretas sobre o contido deste Expediente de modificación de créditos. E a primeira ten que ser por algo, indubidablemente, que vimos reclamando desde hai sete anos e que neste sete anos tivo responsabilidades de goberno o grupo popular, refírome a distintos programas e plans que aínda estamos retomando e completando. Parece unha cousa incongruente que se nos diga, moi ben, que faltan moitas veces os informes de Patrimonio, ou os informes de Auga de Galicia, ou os informes dalgún organismo sectorial e concreto, que moitas veces se atrasa, pero o que non podemos é estar remendando constantemente e o Plan de turismo da natureza que vai incluído neste Expediente; o Plan de arquitectura popular, que vai incluído neste Expediente; o Plan de bombeiros e protección civil que, por certo, aproveito para dicir que vai considerablemente atrasado nalgunhas comarcas, concretamente na comarca de Betanzos, e xa estamos emendando o Programa operativo local, isto eu penso que é unha cousa que debemos reflexionar amplamente nesta institución. Temos unha serie de plans que levan un conxunto de anos con atraso, eses atrasos hai que intentar corrixilos dalgunha maneira, pero é que non teñen a culpa os concellos, é que aquí, nesta institución, chegaronse a facer plans e programas e proxectos concretos para dicir: no Concello de Boqueixón, no Concello de Corcubión, no Concello de Camariñas, teñen que ser igual todos estes proxectos, claro agora as realidades son estas, seguimos emendando, seguimos de maneira formal, completando reformados que moitas veces chegan o 18,98%, hoxe pasounos unha cousa nesta cámara, claro, porque se chega ó 20 temos que sacalo do acordo coa lei de contratacións públicas ou unha nova poxa.

(Entran os Sres. Porto Serantes e Quiñoy Taboada).

A segunda reflexión que quere facer o grupo socialista trátase de algo que nos chama a atención e que nos preocupa, aínda que moitas veces as cantidades non son elevadas, as formas de retirar determinadas cantidades teñen un amplo valor, refírome a un conxunto de transferencias correntes a concellos por unha cantidade de 385.000 euros, e que se trasladan para establecer un convenio coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Nós queremos chamar a atención sobre isto, porque aquí vemos de novo unha subvención encuberta, unha subvención ó revés, e que seguimos materializando o contrario do que predicamos. Cando falamos de que a deputación ten que ser o concello de concellos, aquí estamos facendo á inversa, estamos trasladando economías que lle correspondían presupostariamente ós concellos, no capítulo IV, transferencias correntes, á Consellería de Cultura. Non sabemos

cales son os motivos, sabemos que hai algo irregular, sabemos que a descentralización ten que partir doutra forma, sabemos que a subvención é un mecanismo axeitado, pero que vaian onde teñen que ir, e que non vaian onde non teñen que ir. Estas subvencións, indubidablemente, dános que pensar que esta institución provincial camiña cara atrás e intenta subvencionar pequenas cantidades que as Consellerías, -non é este caso só, vostede sabe que son outros que neste momento non son obxecto de debate-, as Consellerías teñen que acometer, a Consellería de Agricultura é responsabilidade da loita contra os incendios forestais, e outros fenómenos que se producen nesta deputación e que entre todos debemos de reflexionar e que temos que corrixir.

Outro aspecto importante dentro deste Expediente de modificación de créditos, ou case como dicía un auténtico presuposto segundo, é a política industrial do Polígono de Sabón, e digo a política industrial, porque o Polígono de Sabón é un polígono industrial. É evidente que é necesario reforzar as infraestruturas elementais do Polígono de Sabón, pero señores do Partido Popular, hai que facer un estudio global do Polígono de Sabón, hai que facer unha auditoría, e non vale con dicir que aquí que estamos presidindo unha Comisión e que estamos nunha Mesa negociando o Polígono de Sabón. O Polígono de Sabón, que leva unha cantidade considerable, concretamente, en investimentos para infraestruturas, 1.600.000 euros, e da estación de bombeo número tres, para gastos de mantemento en parte de saneamento deste, 360.000 euros. É necesario auditar o Polígono de Sabón, é necesario saber que pasa no Polígono de Sabón e cales son os requisitos urbanísticos necesarios para este Polígono, trasladar onde haxa que trasladar, ó Concello de Arteixo, facer un concerto, un convenio, detallar as infraestruturas e os equipamentos e os servizos necesarios que lle corresponden á deputación, e de seguido entrar nunha negociación co Concello de Arteixo, e facer o transvasamento. O que non podemos estar é co contagotas, facendo unha serie de estudos detallados, cando hai que ir a unha política global como corresponde.

Este é un aspecto profundo, que se obviou, coma outros aspectos. Aquí, este goberno, vímonos reiterando nas nosas intervencións falando que se pensa facer cos centros educativos, cos centros sociais, onde está ese programa coordinador de estradas, son cousas que quedaron etereamente volatilizadas e están aí no aire en abstracto, ou de forma virtual.

E dentro do plan estrela, baixo o noso punto de vista, está o Plan de vías provinciais, que aparece reflectido practicamente con un quinto do total deste Expediente modificativo de créditos, onde o grupo socialista tamén ve cousas favorables, indubidablemente, e acabamos de facer dous votos favorables nos puntos 20 e 21 deste Pleno, onde ían a maior parte das economías do punto ó que me vou referir, é dicir, non quero dicir que todo sexa malo, catastrófico, non, non, hai algunhas cousas indubidablemente importantes, pero é que aquí hai que facer algo máis que poñer números nun expediente, señores, hai que facer política, e

unha política global, unha política global que nos ten que levar a pensar onde están as negociacións que tiñamos que facer cos distintos organismos, Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento, concellos, e algún organismo máis, e deputación, para ver esas vías de comunicación, esas infraestructuras, e regularizalas. Eses 2.300 quilómetros que temos de estradas provinciais necesitan unha atención de investimento, e aquí vai recollida, vai recollida dunha forma importante, cunha circunstancia, que un millón e medio de euros longo vai para o Polígono de Sabón, como xa explicamos con anterioridade, pero é que aquí esquecémonos de algo importante, é que nas estradas provinciais non só hai que investir, hai que manter e hai que conservar, xa non existen lagoeiros como antigamente, hai que limpar as gábeas, hai que limpar a maleza, hai que facer conservación de sinalización, dos sinais tanto horizontais como verticais, e é que temos unha cantidade mínima no orzamento preventivo, e aquí non recollemos practicamente nada. Esperemos, como se me dixo por parte dun deputado, que o avance no proxecto de mantemento e conservación, vaia máis forzado, vaia máis adiantado, porque neste momento temo que aínda está sen complementar o Plan de conservación e mantemento do ano 2002, temo que está sen completar na súa totalidade. Polo tanto, reflexionemos sobre outra reflexión, sobre a necesidade desa coordinación onde temos que ocuparnos de exemplos concretos, eu sempre poño o exemplo do Concello de Miño. No Concello de Miño nun metro cadrado temos, por un lado unha estrada do Ministerio de Fomento, baixando cara a praia atopámonos cunha vía que pertence á COTOP, Xunta de Galicia; de alí empeza unha vía provincial, ós douscentos metros hai unha bifurcación onde está a autoestrada do Atlántico, que é AUDASA, que de momento non está privatizada, e despois están as vías municipais. Nun quilómetro cadrado atopámonos con cinco vías de distintos sentido, hai que coordinar iso, temos que comezar dando o primeiro paso. Di un proverbio indio que unha gran camiñata empeza por un paso, empecemos dando os pasos, ¿que pasos se deron?

Outro aspecto ó cal se fixo referencia aquí é a parte de persoal, para reestructuración de servizos. Parécenos precipitado que neste momento se faga unha reestructuración do Servizo, a dous meses duns comicios municipais, ademais non vemos nada da Comisión de Persoal, non pasou nada pola Comisión de Persoal, sabemos que se están en distintas negociacións, pero non hai acordos concretos. Pois ben, pedimos que estas reestructuracións dos Servizos de Vías e Obras, de Informática, a creación de novos postos de traballo nos Servizos de Fomento e Patrimonio e Asistencia a Municipios, por valor total de 629.000 euros, que se leve con coidado, que eu digo que hai que negociar, hai que negociar coa Xunta de Persoal e hai que negociar tamén cos grupos da oposición, como se vén facendo noutros aspectos de persoal. Hai que empezar a negociar cos grupos da oposición temas de persoal, non negocíalos unilateralmente, as unilateralidades xa vimos o que deron de si e o que están dando de si noutros lugares, dos cales non é momento de falar, pero isto tampouco dá bo resultado. Eu recomendo que neste tema se cheguen a acordos, como se está facendo en persoal de Recadación, se chegue a acordos, pero polo menos sentar nunha mesa, debater e expolas, presentar cada un dos principios o que considera que

ten que ser unha política de persoal. E ¿por que o digo agora?, dígoo porque despois do día 25 igual se produce unha maioría distinta nesta Cámara, estamos facendo unha reestructuración do Servicio. As reestructuracións de servicios acostúmanse facer no comezo do mandato, no comezo do que un equipo de goberno, que ten a maioría absoluta, vén facer unha reestructuración do persoal na última fase, isto non parece moi lóxico, parecería lóxico que se fixera cando se tiña que facer.

Por certo, que aparece medio millón de euros para contratos laborais temporais, que tamén nos prestaría saber cales van ser os mecanismos, cales van ser os obxectivos e que se pretende facer. Eu preguntei na Comisión se isto tiña que ver algo co Prestige, díxoseme que non. E, indubidablemente, a política de persoal estase levando dunha forma, como digo, unilateral, e hai que contar coa Xunta de Persoal e cos grupos da oposición, que iso daralle bo resultado ó equipo de goberno, que se todos opinamos, faremos unha solución concreta, moito máis realista, e non chegaremos a solucións virtuais.

Estamos debatendo o reforzo das áreas de Recadación, dado que hai uns días se asinou o convenio de xestión catastral perante a Dirección Xeral do Catastro, e o presidente da deputación. Parécenos acertado, atinado, temos que dicilo, pero aquí non aparece nada recollido..., -si, é que me está distraendo...-, volvo recoller o tino do tema de persoal. Fagamos consensos moi amplos, vaíamos a filosofías de traballo concretas e precisas.

Ben, unha das estrelas que se nos falaba polo voceiro do equipo de goberno no debate do presuposto preventivo, alá polo mes de novembro era a contención do gasto corrente; isto tira por terra todas as previsións e todas as profecías que se nos facían naquel momento. Que conste que o gasto corrente nós estamos de acordo en distintos aspectos, como digo, respecto do gasto coas comunidades galegas no exterior, por pór un exemplo, parécenos importante. As comunidades galegas, sobre todo en Arxentina, acaba de comprobar unha delegación encabezada polo presidente, que están pasando malos momentos, e é momento de tirar do carro e axudalos, e parécenos ben esta partida, pero hai outras que non nos parecen tan ben.

Pero indubidablemente analicemos o gasto corrente e veremos que se produce un desfase concreto no Capítulo II. As previsións que se fixeron aquí, nós xa esperabamos que fose así, intentando reducir a conservación de estradas que vai no Capítulo II e que o grupo socialista lles dixo, miren, incrementen o gasto de estradas, poñan a conservación no Capítulo II, saquemos de aí, retirémolo do gasto corrente, non contabilicemos iso no gasto corrente, teñámolo como un gasto anexo, considerémolo practicamente como se fose un investimento, aínda que non o sexa desde o punto de vista técnico. E seguimos, ofrecendo, seguimos tendendo a man nese aspecto. E xa vou ir rematando, pero este gasto corrente, para publicidade e propaganda, para traballos con outras empresas, para subvencións encubertas á Consellería de Cultura, etc., etc.; son algúns dos puntos que, indubidablemente,

hai que criticar e hai que dicir a ver onde imos gastar tanto diñeiro en publicación de expropiacións, miren as cantidades, non vou dar as cantidades, vou intentar dar o menor número posible de cantidades, imos falar máis de filosofía.

E xa teño que deixar para o final a achega á Fundación Arao, á que o grupo socialista votou a favor no Pleno do 28 de febreiro pasado. E quero lembrar, primeiro, que naquel Pleno falabamos de que se prestase atención ó Capítulo onde ía reflectido, que vai no Capítulo VII, transferencias de capital, o que vai ter unha obriga de facer investimentos, ten que ir, directamente a investimentos. Non sei se a Fundación Arao terá unha capacidade concreta nos seus principios e nos seus obxectivos como Fundación para facer investimentos, non o sei, que se nos diga, que se nos diga aquí se é certo. Pero tamén temos que chamar a atención, coma fixemos no pasado Pleno, na falta de axilidade do problema que foi un accidente e que o Partido Popular, a través dos seus dirixentes, transformou nunha catástrofe, que é o Prestige. E sigo insistindo que imos con atraso, imos con atraso nas tres partidas monográficas que aparecen no presuposto. Non me vou volver a referir á emenda in voce que presentamos o grupo socialista ó propio orzamento, pero o que si pido é que se saquen as bases, se non se fixo xa, que igual xa se fixo e pasóusenos desaparcibido, segundo me informaron esta mañá aínda non, pero que se saquen as bases para esas axudas pola catástrofe de Prestige, que imos atrasados.

Estase colaborando na limpeza de praias, de beiras, a través de persoal, sexa benvido pero temos ociosamente 2.640.000 euros no propio presuposto preventivo, saquemos as bases, fagamos o regulamento das bases e saquémolos, ¿que estamos agardando?, ¿estamos agardando a que veña outro petroleiro, outro monocasco?, porque ata o 2005 van seguir pasando petroleiros da mesma forma por diante das costas, acaba de dictaminalo, penso que onte ou antonte, a Comisión de Medio Ambiente da Unión Europea, da Unión Europea que xa non sabemos se é unión, nin se é Europea.

E penso que nun principio estas reflexións, estas reflexións que esperemos se nos contesten, e que anunciaremos o noso voto unha vez que o voceiro do grupo popular teña a ben contestarnos a este Expediente de modificación de créditos que, parcialmente hai partidas que estamos de acordo con elas, pero hai un grupo que vemos moi etéreo e que non se faga un novo presuposto virtual e que pensemos nos cidadáns da provincia, e non nos comicios do 25 de maio. Moitas grazas.

Sr. Erias Rey

Realmente espero cumprir, en canto a tempo, coa celeridade que lle deron os grupos, e que nós mesmos tamén lle demos, ós 28 puntos anteriores, pero claro está, aquí os señores deputados explanan, imputan, atribúen, desenvolven, claro, cuestións que, certamente, desde a perspectiva do que é un Expediente modificativo de crédito, esixiría

case facer un debate do estado da nación, porque poñen todo en consideración absolutamente todo, e prescinden do máis importante, ¿e que é o máis importante?, pois eu, entendo que se pode discrepar, penso que o máis importante é xestionar os recursos públicos intentando buscar a eficiencia destes, intentando en todos, o que non quere dicir que sempre se consiga, pero polo menos explicitando que iso se intenta é máis sinxelo para os grupos que están na oposición, pór en consideración cales son as desviacións que existen respecto do enunciado.

Por parte deste grupo de goberno, e por iso Sr. Lagares, eu discrepo totalmente, isto non é un presuposto dous, non, pero non discrepo por cuestións ideolóxicas, nin tampouco por denominación, porque non ten moito sentido sobre a base do que lle vou dicir de seguido. Nós sempre enunciámos que os recursos provinciais, e aquí non quero entrar, por iso dígolle que non saquemos as cousas do contexto no que estamos, aquí temos que defender o interese provincial, se quere vostede a definición de deputación como concello de concellos, acéptolla, e sobre a base diso dígolle que cada un de nós representamos o que representamos, e non podemos perder de vista que o Partido Popular ten 62 concellos do total que hai nesta provincia, por iso tampouco sorprende cando di que se atopan máis estradas nos concellos do Partido Popular, claro, é evidente, non vai haber doutros grupos que teñen 10 concellos ou 25 concellos. En todo caso, como o que pretendo é intentar, primeiro dar orde, e en segundo lugar fundamentar, na medida do posible, o por que das cousas e o por que este Expediente se implementa da maneira que os Sres. deputados teñen ante si.

Mire, o primeiro que dixemos, desde o primeiro ano, e non quero facer ningunha excursión histórica, porque cando vostedes fan excursións históricas todos os grupos que as fan queren ter a súa razón, e non é igual a razón do grupo socialista que a razón do Bloque Nacionalista Galego, por unha diferenza, nos últimos sete anos gobernou o Partido Popular, en anos anteriores a eses sete, gobernaba o Partido Socialista, loxicamente vostede non fai referencia a esa etapa. Nós, por unha cuestión histórica, tampouco queremos xa pensar nela, preferimos mirar cara o futuro, preferimos mirar cara o futuro porque iso é bo, Sr. Moreda, sei que lle toca de preto, vostede presidía esta Corporación, ou esas corporacións, e loxicamente non vai dicir que ía facer o contrario do que realmente fixo, non, dirá que estivo moi ben, e os cidadáns así o valoraron de momento.

En todo caso, e volvendo ó punto de partida, quero dicir que sempre sinalamos que iamos presupostar con prudencia, e que iamos ó longo dos mecanismos técnicos que as leis posibilitan, ir suplementando ou xerando créditos extraordinarios cando a razón fora extraordinaria e excepcional. Entón non quere dicir isto que non haxa créditos extraordinarios no Expediente modificativo de créditos, pero a maior parte son suplementos de crédito para atender prioridades que no seu momento non se incluíron no presuposto preventivo, e sobre isto si que falamos, debatido e xerado política, e ata penso que doutrina,

ata hai asuntos que se van converter en doutrina, porque xa algúns son conscientes de que presupostar para non executar, é unha absoluta barbaridade. Polo tanto, é mellor que cando os temas están maduros e hai oportunidade, porque hai que incorporar recursos procedentes certamente da liquidación, iso débese de facer sobre a base duns principios que previamente se explicitaron, e non se está enganando a ninguén cando se actúa desa maneira, claro, cando se actúa caprichosamente, sen ningunha dúbida, os señores deputados que están na oposición non só están no seu lexítimo dereito, senón que están fundamentados, porque oposición non é oporse senón que tamén é, en certo modo, fundamentar o por que desa oposición. Eu escóitoos con moita atención e sempre me fixo naquilo no que hai que aprender, e hai que aprender sempre, e por iso non tomando notas, pero tamén tomo notas para dicirlles que é moi difícil que todos vostedes, e todo o que dixeron, teñan razón. Penso que hai unha parte moi importante porque vostedes atribúen todo á política. Certamente, a política con maiúsculas é o que hai que facer, é dicir, analizar cales son as necesidades, ver cales son as prioridades do grupo de goberno e logo, en cada unha das ordes, ir actuando, este é un dos asuntos prioritarios, a compoñente económica. Se non hai dotación económica, dificilmente pode vostede dicirlle a ninguén que vai desenvolver nada, previamente terá que dotalo economicamente, e se iso non tiña o suficiente contido económico para implementar a acción, loxicamente haberá que suplementalo; se é que non existía, haberá que crear un crédito extraordinario. Pois estes son os principios cos que traballa o grupo de goberno desta deputación. E como vexo que vostedes se achega moito o momento electoral, e iso preocúpaos e queren explicitalo, eu non vou facer causa do que vai pasar o 25 de maio, que iso vanno decidir os cidadáns, afortunadamente, o que nós pensamos que vai pasar, unhas veces pasa, e outras veces pasa o contrario, no seu caso veremos que é o que pasa aí. Pero como vostedes, o único en que o centraron, desde o meu punto de vista, e fundamentalmente, tanto o Sr. Lagarse como o Sr. Rodríguez Doval, foi en que isto era electoralista, en que isto non tiña para nada en conta as necesidades da provincia, eu considero, e permítame que o diga, que é que vostedes non leron co detimento suficiente, porque ás veces, simplificando, dá a impresión de que todo vale, pero non, non, se non simplificamos, e desenvolvemos e proxectamos sobre este documento análise, podemos chegar a outras conclusións. Vallan estes comentarios que vou facer para que vostedes reflexionen, como non decidiu o Sr. Lagares aínda o sentido do voto, para ver se son capaz no seu caso de que, vendo que o que lle digo é sensato, pode ter un voto responsable con esta provincia, e se non o fose, tamén que me convenza do contrario.

Mire, este Expediente ten dous compoñentes, como antes lle comentei, suplementos de crédito por 25.583.000 euros, iso son suplementos de crédito, é dicir, cousas que nós no presuposto preventivo anunciamos que queríamos facer, pero para non endebedar nas arcas do ente provincial, preferimos, que chegara o momento, porque de todos é coñecido que todo ten o seu momento, e que este é un deles, cando se incorporan os remanentes, suplementar para actuar naquilo que tiñamos previsto. Pois mire, isto representa o 94,48%, o 94% deste Expediente, é dicir, 25.583.000 euros son accións previstas, xa debatidas,

consecuentemente, e xa explicitadas, e que polo tanto, agora só queremos facelas, e sabemos que todo non se fai, aínda que un teña moita vontade, de hoxe para mañá, leva o seu tempo, o que se executa inicia un proceso, e vaise desenvolvendo, e todo iso gustaríanos que fose de hoxe para mañá, pero leva o seu tempo, como sabíamos que primeiro había que facer outras cousas, tamén pensamos que suplementando era unha boa política.

Créditos extraordinarios por importe de 1.889.000 euros. Isto vén representar un 5,52% que é a diferenza, loxicamente, entre ese 100 e o 94,48 que lle dicía de suplementos de crédito. Está clara, entón, en canto á estrutura e a accións que se van desenvolver, non hai ningunha improvisación, porque improvisamos escasamente o 5%, o 94% era algo previsto, estámoslle dando financiamento, este é o momento. Dámoslle financiamento e queremos ademais, e temos a vontade de que isto se execute, porque non necesariamente todo o que se suplementa, se vai executar.

Vostede poñía antes un exemplo, no proceso de negociación que haberá coa Comisión de Persoal, e que o deputado correspondente defenderá e tratará de chegar a acordos, como non podería ser doutra maneira, decidírase o que se considere oportuno, pero de antemán, para que sexa crible unha negociación, non me diga vostede que non hai que ter recursos, porque claro está, se non houbera recursos, entón si que estabamos aquí movéndonos nun terreo moi esvaradizo.

Polo tanto, reitérolle que todo estaba previsto e que todo ten e responde a unha lóxica presupostaria, que ten que ver con presupostar o que se vai executar, ser prudente na presupostación, sendo realista e prudente intentar beneficiar a toda a provincia.

¿Como se financia este Expediente modificativo de crédito?, pois finánciase, basicamente, atendendo ó remanente de Tesourería, 20.646.000 euros proveñen do remanente de Tesourería, e o resto, é dicir, 6.410.000 corresponden a compromisos do exercicio anterior, que se incorporaron a este presuposto, e unha pequena parte, escasamente medio millón de euros, corresponde a baixas. Ben, vostede entende perfectamente esta filosofía de que hai unhas baixas, que hai unhas incorporacións, e que hai un remanente de libre disposición, isto ten que ver tamén, e aquí voulle dar a razón, e todos debemos de esforzarnos en canto a responsabilidades que cada un ten de que a execución se sitúe naqueles niveis nos que, non só se vaian pasando as distintas fases, senón que se dispoña das obras, que iso no fondo é o que queren os veciños, iso é o que queren os cidadáns da nosa provincia, pero repito, o esquema responde tamén a esta lóxica.

En definitiva, eu penso que para novos gastos só é unha parte moi pequena dese presuposto, ¿cales son os destinos principais?, e vostede fai referencia unicamente, e xa é a segunda ou a terceira vez que fai referencia a isto, e teño que lembrarlle que, por primeira vez, -fai referencia a isto e non lle dixeran o que-, fai referencia á reparación das estradas

provinciais. Ben, pois esta Corporación, por primeira vez, ó longo dos tres últimos exercicios presupostarios dotou no orzamento inicial cunha cantidade que tentativamente se situou en 800 millóns no primeiro, 4,4 millóns de euros, que se vén reproducindo ano tras ano, atendendo, e neste momento tamén lle digo, todo o do ano 2002, en canto á fase de contratación, está todo contratado o que ten que ver coa circunstancia que vostede anunciaba. Eu digo que se fixaba unicamente nas reparacións, ben pois as reparacións sempre foron xa, para que non houbera dúbida ningunha, ó presuposto preventivo, o que non foi ó presuposto preventivo é as actuacións nas estradas provinciais, pois mire, as estradas provinciais levan 7.2000.000 euros, que 7,4 respondan a estradas, significa que máis do 30%, e se aquí non hai a explicitación e o compromiso cun obxectivo deste presidente de actuar en todas as estradas provinciais das que se dispoña proxecto, porque claro, mentres que non hai proxecto non se pode desenvolver expropiación, e mentres que non se desenvolva a expropiación, non se pode contratar, e mentres que non se contrata, non se poden ver as maquinarias e é absurdo dotar de crédito a esa acción. Polo tanto, que un 30% teña actitude deliberada de dispoñer de financiamento significa que ese 30% se vai poder contratar, e vaise contratar, non van quedar os recursos aí ociosos, e van estar, nas que se teña a oportunidade, as máquinas traballando. Sígolle dicindo, en infraestructuras, 368.000 euros, para o POL, 761.000 euros; para o Plan de deportes, 407.000 euros; para os Parques de bombeiros, 1.030.000 euros; para o plan de turismo, 945.000 euros e para subvencións a programas culturais e deportivos, 2.691.000 euros. Esta é a estrutura de como se proxecta o gasto que pretendemos realizar despois de incorporar os remanentes de Tesourería de libre disposición e actuar politicamente sobre eles. ¿Isto non é política?, ¿isto non son prioridades?, ¿70.000 fronte a 300 millóns non é unha acción deliberada en querer actuar en estradas?, o que pasa é que hai máis necesidades, entón priorízase, xerarquíxase e actúase. Vostedes pódennme dicir, nós actuaríamos doutra maneira, é probable, e se eu non estivese no grupo de goberno, tamén tería que buscar argumentos potentes para desmontar iso que vostedes estarían facendo, se é que non concordaba con iso, eu polo que vexo, o grupo socialista, e por iso me animo, e estímúlame pensar que van votar favorablemente, é que nos pediron no seu día, pedíronnolo vostedes, vostedes pediron que actuáramos na estrada. O presidente xa o dixo en varias ocasións, como coincidíamos nalgúns casos, afortunadamente, eu penso que se lle dá máis potencia á acción coincidindo todos e vendo que a tarefa que levamos a cabo é a axeitada.

En total, para estes grandes capítulos destínanse 13.402.000 euros, que absorben practicamente as dúas terceiras partes do remanente de Tesourería para novos gastos. O tercio restante, loxicamente, destínase a atender aquelas necesidades que os servizos foron detectando como axeitadas para o desenvolvemento das accións de todo o exercicio. É verdade, é verdade que é bo dispoñer das necesidades provinciais, e é verdade que é axeitado presupostar atendendo a esas necesidades, pero é que as necesidades moitas veces van xurdindo, e tamén hai que telas presentes.

¿Cal é a estrutura económica deste Expediente modificativo de créditos?, pois mire, Capítulo I, 1.162.000 euros; Capítulo II, 2.942.000 euros, Capítulo IV 3.118.000 euros; Capítulo VI, 13.802.000 euros, Capítulo VII, 6.030.000 euros, capítulo tamén moi importante, porque esta Corporación, a través do seu grupo de goberno, achegou cada paso máis o fenómeno de contratación ós concellos, e por iso, as transferencias aparecen converténdose nun elemento substantivo e importante de calquera acción orzamentaria. Polo tanto, se nos fixamos, vemos que se destina a gastos correntes menos do 27%, é dicir, o 26,60%, e a gastos de capital o 73%. Outra vez unha estrutura, eu penso que paralela á do presuposto preventivo, e antes dicíallo en canto ó que queríamos facer explicitado e ó non explicitado, respecto a créditos extraordinarios e suplementos de créditos, que é, eu penso que moi axeitada en calquera presuposto, porque vostede o dixo, e eu concordo con vostede, vostede ten suficiente oficio nestes temas e non imos ter discrepancias de tipo técnico, pero o que si é certo é que, concordando nestes asuntos técnicos, que claro, ás veces o gasto corrente eu non sei se non teríamos que rebaixarlle a cantidade que vai destinada a anuncios de expropiacións e a asistencias técnicas, porque é que despois nos din, as asistencias técnicas, ¿porque as fan?, primeiro quéixanse porque non hai estradas, despois queren que dispoñamos dos proxectos, e despois cando os proxectos os contratamos para ter os proxectos e poder executar e materializar as obras, entón vostedes quéixanse. Ben, pois mire, este é gasto corrente, e polo tanto vai englobado dentro desa porcentaxe que eu lle sinalo pero que ten que ver moito, e que ten unha coherencia moi importante co que é o presuposto preventivo.

Polo tanto, Sras. e Sres. deputados, eu penso que esta estrutura é un reflexo sempre do criterio orientador deste equipo de goberno, que podería ser outro, pero que pensamos que é bo, e remitímonos á experiencia que viñemos desenvolvendo.

En segundo lugar dicirlles, e xa en termos así máis de detalle persoal, para que vexan que non son cuestións de tipo agregado, no que o detalle se coida pouco, pero entrando así en cuestións de detalle, a min sorpréndeme, cando se apoia ós mozos porque se lles apoia, e cando non se apoia á xuventude porque non hai compromiso con eles, sorpréndeme, sorpréndeme, Sr. Doval, vostede díxoo, eu non estou inventando, eu non o invento, vostede díxoo, está gravado, remitireime ás actas.

Xa sei que non é Aramis, imos deixar o nome para calquera outro señor e cabaleiro, en todo caso eu teño a impresión de que hai un certo desfase á hora de formular este tema, que é complexo, eu sei que é complexo, que hai que asumir un compromiso de responsabilidade de render contas, e sei que eu tampouco podo render contas do que vaia acordar o Sr. deputado de persoal coa Comisión de Persoal ou cos grupos políticos, se así o acordasen, ese non é o meu papel, a min o meu papel será ver que hai unha dotación presupostaria para atender unha necesidade, se é que realmente esa é unha necesidade e, polo tanto, se desenvolva o compromiso, ou non se desenvolva, que se poida iniciar o

proceso de diálogo, igual que o é que cando calquera dos concellos que, home, eu tampouco son partidario da subvención, teño que dicilo claramente, pero sen embargo son máis partidario da flexibilidade presupostaria, é dicir, todo xustillo é malo, e as señoras deixaron de usalo, e ben, eu penso que os políticos tamén temos que empezar a pensar algo coa cabeza, e ademais que como somos bastantes homes, pois experiencia deste tipo penso que aínda non temos, ben excepto que decidamos desenvolver cinematografía. Niso onte estiven vendo unha película que era adoutrinadora co propósito do que quero sinalar, si, era unha cuestión agradable de ver. En todo caso, o que si quero dicir é que, se houbese máis flexibilidade, é probable que non tiveramos que enunciar no expediente e despois aprobalo na Comisión, e logo levalo a non sei onde, e render contas 40 veces. Eu prefería que, gobernen vostedes ou governe o Partido Popular, eu penso que diso non son moi sospeitoso porque onde estou, que estou en oposición, ás veces digo exactamente o mesmo, porque penso cegamente nisto, eu penso que o orzamento ten que servir para cumprir finalidades, que hai que render contas del, claro que si, pero se o grupo de goberno lle quere facer algo ó Concello de Cuspedriños de Arteixo, que non goberna o mesmo grupo, pois debe de podelo facer sen poñerse colorado para nada, claro, pero é que aquí temos que render catorce contas diso, non o podemos colgar directamente da acción global, hai que explicitalo, non por ser concello da oposición, porque non quería poñer do Partido Popular, porque claro, se fose do Partido Popular iso sería sospeitoso de electoralismo, ou sospeitoso de calquera outra circunstancia non desexada por quen implementa a acción; non atendería nunca unha necesidade, sería algo político. Pois eu dígolle, todas as cousas que van no Expediente están explicitadas, con nomes e apelidos, e o que non, estaba aí pendurado xa con accións.

Os nosos servicios técnicos, ós que hei de felicitar, porque teñen que traballar sempre con présa, e aí si que é verdade, oia, non ten moito sentido, nós fixemos varios expedientes modificativos de crédito ó longo dos últimos anos, e fomos adquirindo o compromiso de reducir o número de expedientes modificativos para ir aclarando a incertidume, e vostedes nolo reclamaban. E agora que collemos e resulta que un mes máis tarde de presentar a liquidación, traemos o Expediente, e un Expediente global, vostedes din que non, que iso é moita présa, ben pois xa está ben de présa, é mellor outro tipo de accións. Polo tanto, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, eu, reclamando a responsabilidade dos grupos, penso que non estaría mal que vostedes reformulasen o sentido do voto, en todo caso nós defendemos este Expediente como algo necesario e algo bo para o conxunto da provincia da Coruña. Nada máis e moitas grazas.

Sr. presidente

Sr. Rodríguez Doval, rógolle que nesta segunda intervención sexan os máis breve posibles todos os voceiros.

Sr. Rodríguez Doval

Vou ser o máis breve posible, vou ser máis breve có Sr. Erias.

Non son eu quen para dicir o que van facer os demais, pero non sei porque sospeito que a súa intervención, penso que non convenceu moito ó grupo socialista, pero ben, estamos no mesmo debate, pero eu tamén quixera que vostede intentara convencerme a min, e a miña grande frustración, Sr. Erias, é que non intentou convencerme nada, podía intentalo polo menos, xa sei que é difícil, pero podía intentalo, e non intentou convencerme de nada, é que non falou de nada dos puntos centrais, dos puntos fundamentais dos que lle falei eu, vostede non me dixo absolutamente nada, o que me leva a pensar que, posiblemente, nesta dialéctica todos dicimos o que queremos, pero o que perseguimos, ó mellor non ten moito que ver co que dicimos.

Coide, Sr. Erias, que eu se tivese que poñer un título dunha película pensando no futuro, poñeríalle “Un Pleno sen o Sr. Erias”, titularíao así, porque ¿que será de nós cando nos falten estes debates aquí?, estes debates nos que tanto falamos e tan pouco concluímos, e nos que eu, ás veces, me marabillo, porque pensei que xa tiñamos pasado o superior. É dicir, cando eu escoitei aquí que “vostedes atribúen todo á política”, e despois dáme unha explicación política de como se fan os presupostos, nós non atribuímos todo á política, estamos aquí por razóns políticas, para facer política, a ver se nos aclaramos, porque xa é a segunda vez que llo escoito, e eu teño certa animadversión por aquelas persoas que rexeitan a política, en conxunto, porque despois son as máis políticas, entón, estamos aquí para facer política, cada un, naturalmente, a que ten atribuída, vostedes de gobernar, e nós de ser oposición, aínda que iso non queira dicir, compártoo con vostede, efectivamente, que teña que ser votar que non a todo, e vostede sabe ademais que non é así, porque nas políticas de oposición hai moito de propostas que son antíteses do que din os equipos de goberno. Vostede facía unha pregunta, que é o máis importante, paréceme que era Gilbert Becaud, non sei se era o que tiña a canción esta de “O importante é a rosa”, non sei se ese era o título exactamente, sóame; ¿que é o importante?, nunha institución como esta xestionar o mellor que se poida, facer a mellor política que se poida para favorecer ós cidadáns que están afectados por esa política. ¿Que é o máis importante?, facer a mellor política da deputación para que o nivel de vida da cidadanía da nosa provincia estea mellor, e iso ¿sabe como se fai, Sr. Erias?, faise cunha cousa que se chama planificación, programación. Ímonos de aquí e levamos catro anos, eu dicíndolle que hai que planificar, e vostede dicíndome que hai que programar, ben pois é igual, imos facer unha cousa intermedia e a botella medio chea ou medio valeira, planificando ou programando. E vostedes non planifican e non programan, e voulle ir a un tema no que está vostede insistindo.

Mire, afirmo rotundamente, porque eu levo aquí quince anos, e algo podo saber disto, primeiro de cando veñen os Expedientes de modificación de créditos antes das eleccións, diso sei algo, porque xa vai o terceiro antes de tres procesos electorais, pero tamén sei que nunha política de planificación, en concreto sobre o tema de materia de estradas, vostedes, se fan esa política medianamente correcta, non teñen por que recorrer en absoluto a axentes externos para que lles fagan os proxectos. Se vostedes, cando entran aquí, fan un plan de estradas planificado a catro ou a oito anos vista, eu afírmolle rotundamente que vostedes non necesitan ningún tipo de empresas externas para que lle fagan eses traballos, porque vostedes planifican, toman a decisión política e desenvolven iso e sóbralles, seguramente, a xente desta casa para facer esa planificación, ¿que pasa?, que non o fixeron.

E, por certo, quérolle lembrar, que tamén o noso grupo, e aí está recollido en votos particulares e en emendas que se presentaron ós debates presupostarios, foi dos primeiros en presentar a necesidade de que as partidas pequenas, non con esta Corporación, coa outra, e coa outra máis, se aumentaran as partidas económicas para a rede de estradas da nosa provincia, igual que quero recordarlle que hai unha moción secuestrada, na que formulamos a necesidade de facer un mapa, si, secuestrada, si, se se acorda debatela, e desaparece e non se debate, está secuestrada, sei que soa mal pero é así, e permítaseme a expresión coma un termo dialéctico, é así. Debateuse aquí, acordouse pasar a unha Comisión e non se debateu en ningún sitio, e esa moción dicía: “Iniciar un plan de estradas da provincia da Coruña, iniciar a coordinación...”, que é o que estaba comentando antes o Sr. Lagares. ¿Onde está ese debate?, porque pode saír a idea do BNG, ou pode saír a idea do PP, ou pode saír a idea de todo o mundo que, efectivamente, eu é polo que avogo porque, a pouco que se leve un tempo aquí dáse conta de que as decisións trascenden dous, catro, oito e, ás veces, doce anos e, polo tanto, eu penso que, efectivamente, é o que non se está facendo aquí, planificación nin programación, por iso nós dicimos que o que vemos aquí con esta intensidade de última hora, é ese interese en que apareza, en que se poña un escenario de algo que na realidade non se estivo facendo. E sorpréndeme, sorpréndeme, o que confirma a sospeita que nós tiñamos, que vostede non tocara nin de pasada o tema do famoso plan, ou plans, ou partidas para a reestructuración de determinados servicios, que chega ós 1.047 millóns de pesetas, é sorprendente, sorpresivo, e tamén clarificador que vostedes non queiran tocar este tema, sendo como é o 25% case da cantidade total deste Expediente de modificación de créditos, pero claro, hai que aparcalo.

E claro que teñen que ter vostedes cartos, Sr. presidente, pero eu pregúntome como veñen vinte partidas cunha cuantificación determinada, será que hai pensada unha determinada reestructuración, ¿e en que determinada reestructuración está pensada se non está debatido coa parte social, nin debatido no seo da Corporación?, entón non é real eses números que puxeron vostedes aí. Eu xa sei que necesitan números, e que necesitan fondos,

iso é o que non se está debatendo, eu xa sei o que precisan vostedes, pero iso obedecerá a unha decisión política que se tome antes.

Mire, eu xa non quero entrar no tema do da xente moza, paréceme un pouco abraiante, porque eu, como ademais son unha persoa que teño moito respecto porque todo o mundo, incluso os que non votan, pensan, e agora si que está clarísimo que pensan, menos mal, agora vese o que pensaban, non votan pero pensan, afortunadamente. Eu non vou debater nada con vostede. Eu non o dixen, por certo, voulle lembrar unha cousa, a oficina de información xuvenil de Ferrol é un compromiso incumplido nos últimos oito anos por parte da Administración autonómica, que o apuntan vostedes, e seguramente aparecerá, hai alguén aquí que o sabe mellor ca min, incumplido por parte de Administración autonómica. Vostedes non resolvan os incumprimentos da Administración autonómica creando un departamento, un cuarto, dentro do Fogar Infantil de Ferrol para crear a oficina de información xuvenil, iso non é facer política, Sr. Erias, iso é parchear, e a nós non nos gusta nada iso. É preferible non ter nada, e que se demande desde onde se ten que demandar, que se faga esa casa da xuventude e que se faga esa oficina de información xuvenil, pero en todo caso, nós témoslle moitísimo respecto á xente nova como para abrir aquí un debate de quen está máis interesado, en que participe, que non participe. De todas maneiras, quero felicitalos a vostedes por facer nos últimos tempos participar tanto á xente nova, quero felicitalos.

E vou rematando, eu penso que este Expediente de modificación, e esa intervención acaba vostede de dar, eu penso que o concreta definitivamente, ten un contido desde o punto de vista do partido que goberna, é debatible, que non se nos poñan os pelos de punta, vostedes pensan que facendo estas actuacións van aparecer, e non sei que..., penso que están equivocados, porque hai quen fixo iso algunha vez e deulle mal resultado, ¿sabe por que?, porque ata somos tan fóra do normal aquí nesta deputación, con todos os meus respectos, normal refírome en como funciona todo isto, é que non nos elixe ninguén, non nos van votar porque non nos elixen, incluso non nos coñecen, e vostede sábeo porque este grupo de goberno manexa unha enquisa onde se sabe cal é o nivel de coñecemento dos membros desta Corporación, e habería auténticas sorpresas, onde a algúns os coñecen, e non precisamente pola súa actividade dentro da deputación, senón por outras cousas. Pero, en calquera caso, esa é a situación, non nos vai votar ninguén, non hai eleccións á Deputación da Coruña, iso é tremendo; poñemos tantos cartos no asador para que todo o mundo saiba o que facemos, e despois cando van votar, non hai papeleta da Deputación da Coruña. Iso é un pouco o esperpento desta institución, e un debate que, colateralmente, tamén me gustaría sacar, porque non sei cando se vai solucionar o tema da elección de deputados provinciais, o tema da representatividade, etc., etc.

Polo tanto, eu penso que non son as necesidades da provincia, Sr. presidente, non son as prioridades que ten a provincia da Coruña, e dubido moito que nalgúns casos, -dubido non, afirmo-, que isto non responda a cousas que vostedes xa tiñan pensadas,

porque a subvención nominativa para a dotación do Club Náutico que non está rematado, non sei se a tiñan pensado vostedes, pero puideron metelo xa, escusaban vir aquí. Igual que falo diso, falo, evidentemente, doutras cousas.

E remato definitivamente. Nunha cousa seguramente que imos saír vostede e eu de aquí coincidindo, que de cada 100 euros que inviste esta deputación, 50 son a metade.

Sr. Lagares Pérez

Intentaremos ser breves, Sr. presidente. Dicia Paul Valery que a historia é un perigoso produto saído do laboratorio da mente humana. Isto vén a conto cunha parte da súa intervención, onde o equipo de goberno provincial estaba rexido por un presidente socialista, e estaba sustentada a maioría polo grupo socialista. Non hai ningún inconveniente, cando queira vostede, en debater e comparar as xestións dos gobernos, non hai ningún inconveniente. O que si non se nos pode dicir é que, claro, que agora vimos aquí, que presupostar non é executar. Mire, presupostar é executar, é facer un traballo preventivo, e executar o orzamento é unha cousa distinta. Se vostedes queren executar ben un presuposto, terán que presupostar ben, pero teñen a ferramenta, fagan vostedes o orzamento base cero. Non dependan do presuposto anterior, fagan un presuposto base cero, empecen de novo un presuposto sen contar con nada do anterior, e verían o que se podería lograr con el. Dígolle que aquí xa houbo intentos de facelo, nalgún momento, de feito, fíxose un ensaio e deu bastante resultado.

(Abandona o salón o Sr. Prado Patiño).

Tamén é evidente que hai cousas que vostede me vén dicir que a xestión é o máis importante. Un equipo de goberno que deixa sen xestionar nun exercicio, polas circunstancias que sexan, 29 millóns de euros, 29 millóns de euros, esa xestión non é boa xestión, algo mala pasa, fagamos unha crítica porque esa xestión non se levou a efecto, que moitas veces non é imputable ós concellos, ou ás institucións que subvenciona ou que asina convenios con esta deputación, pero moitas veces si é imputable á propia deputación, na súa maior parte.

Diciame que estaba executado todo o Plan de conservación de estradas 2002, eu dixen executado, eu penso que non é así, miren vostedes os documentos, miren os documentos e verán como non é así, non está executado ó cen por cen.

Se é un orzamento dous ou non é un orzamento dous, ben eu aquí non me pronunciei, penso, a palabra electoralismo, nin quería facelo, falei só da data do 25 de maio. O 25 de maio é a festa da democracia a nivel local, que imos celebrar eleccións municipais, aí é onde imos someternos, os que participamos nas listas, ou nas candidaturas, ou os que

imos participar, que aínda non é oficial a súa entrega nas Xuntas de Zona, aí é onde se vai demostrar, ben, perfectamente, o pobo ten que falar, e o pobo é sabio, sabe o que ten que decidir, e decidirá, acertadamente, sempre, o pobo nunca se equivoca, o pobo é sabio, nunca se equivoca. ¿Que teñen vostedes a maioría neses bancos?, pois mire, despois do 25 de maio igual xa non a teñen, e por iso se lles dicía, coidado coa metodoloxía de traballo na parte de persoal, teñamos en conta todos os fenómenos que poden confluír, e que en dous meses non se pode facer iso, non é presentable.

Claro, vostede tamén nos dicía, nós temos 62 concellos, pero mire nós gobernamos a máis cidadáns que vostedes, boten a conta. É coma o galego, o galego sempre fai as súas posicións un pouquiño indefinidas, o galego que está en Madrid, que está no elevador, sube ó elevador e preguntanlle ó señor, ¿que vai, ó terceiro ou ó cuarto?, e o galego di, mire, vostede vaia dándolle. Vostedes teñen 62 concellos, non o sei, nós gobernamos a máis cidadáns, iso si o sei,

E indubidablemente falaba tamén doutros conceptos que realmente me sorprende que o sacara hoxe aquí neste debate, falaba de política con maiúsculas, política con minúsculas, e non sei, non entendo moi ben iso de política con maiúsculas e con minúsculas, sigo dicíndolle o mesmo que o galego, como bo galego que son, digo que aquí se fai política, eu penso que será con maiúsculas sempre, que calquera fenómeno político é un fenómeno importante, porque repercute nos cidadáns, repercute nos concellos, repercute en Galicia. Eses 120.000 euros da Fundación Arao repercute nunha gran catástrofe que pasa en Galicia, e temos que mirar con lupa recuperar a catástrofe económica e medio ambiental que está sofrendo a nosa terra, e a deputación ten que participar, e sabemos que está parcialmente participando, pero non axilmente participando. E insistimos, que se mire se esa partida, se a Fundación Arao ten capacidade de investimento, se non, estámonos trabucando, vai pasar como a partida que se dedicaba ó recinto feiral da Coruña, cansámonos de dicir “miren que non ten que ser no Capítulo VI, que son investimentos propios, que ten que ser en transferencias correntes ou de capital”, ó final houbo que cambialo, ó final tiveron que cambialo. Volvo insistir no mesmo.

E, á parte da metodoloxía de traballo que ten que levar a nivel de persoal, cando nos referimos a estradas, eu penso que temos unha seria confusión neste Expediente, ou eu non o entendín ben, porque tamén me dicía que non lesemos..., mire, lémbrolle aquel dito da miña terra, e viva a présa, porque houbo que facelo con présa, houbo que facelo con présa porque tivemos este Expediente un pouquiño tarde, Sr. Erias. Vostede sabe que este é un Expediente de vinteseite millóns e medio de euros, analízalo na súa profundidade require tempo e traballo, e si fixémoslo ás présas, e vivan as présas, despois ó saír dígolle o conto, dígolle o conto de vivan ás présas, se non o sabe, pero o que si lle digo, que isto xa non é un conto, é que non nos di a data concreta de investimentos no Plan VIP, e intento non estenderme moito, Sr. presidente, son 5.100.000 euros, eu aí non inclúo, evidentemente os

proxectos, as expropiacións, etc.; eu falo de investimento, pero tamén temos que dicir que millón e medio de euros longos non van para o Plan VIP, van para o Polígono de Sabón, e do Polígono de Sabón non se nos contestou a nada. O Polígono de Sabón nestes momentos require unha reflexión profunda, require un convenio co Concello de Arteixo, require unha actuación, unha auditoría, chámese como se lle chame, e que pase a xestionalo quen o ten que xestionar.

Segundo aspecto das estradas, mantemento e conservación, que é completamente distinto. Eu sigo insistindo en que a vostedes llo dixemos no presuposto preventivo, sexan vostedes valentes neste aspecto e poñan máis cantidade, eliminémolo do gasto corrente, non o contabilicemos como gasto corrente, aínda que tecnicamente, desde o punto de vista presupostario, ten que ir aí.

E despois non se nos dixo nada das coordinacións interinstitucionais, o desvarío que hai das estradas, que xa os cidadáns non saben cando veñen ós concellos a pedir unha licenza de obras, “agora, téñoa que pedir, ¿a quen lla teño que pedir?”, ¿a quen se ten que dirixir?, ¿á Xunta, á deputación, a Fomento?, xa non se sabe onde cando se require un permiso de obras, unha simple licenza de obras, o permiso do sector correspondente.

Con respecto ó gasto corrente, quero dicirlle que se incrementa notoriamente, que xa a Administración central, na súa política económica fixo unha desfeita co IPC que o están pagando os traballadores e os consumidores, que se proxectou un 2% e chegaron ó 4%, simplemente multiplicouse por dous, co cal: funcionarios, perda do poder adquisitivo, e a idea do gasto corrente, vostede sabe perfectamente que é achegarse o máis posible ó IPC. Ben, xa rebordaron o 4%, haberá que botar contas a ver en que porcentaxe estamos indo neste momento no gasto corrente.

Eu quérome referir a algo que tampouco se nos contestou, as premisas do debate que formula o grupo socialista seguen sendo irrefutables por parte do grupo popular, case nos obrigan a cambiar o voto a un punto maior despois da súa intervención, por iso particularmente recoméndolle que non teña intervencións tan amplas, como se lle escapan algunhas cousas que nos obrigan moitas veces a cambiar de voto. O noso voto vai ser de abstención neste Expediente de modificación de créditos, porque hai cousas, como dixeran, que o grupo socialista valora favorablemente. Pero seguen completándose programas, facéndose reformados, segue subvencionándose indirectamente á Xunta de Galicia, con 385.000 euros, á Consellería de Cultura, en detrimento dos concellos da provincia; séguese sen estudar debidamente a problemática institucional das estradas; o problema de persoal, que invisto ó equipo de goberno a que se sente coa Xunta de Persoal e cos grupos da oposición. E, por último, non quero incidir na Fundación Arao, porque penso que xa fixemos os deberes debidamente neste Expediente de modificación de créditos.

Simplemente para rematar, quero dicirlle que vostede dicía que lle gusta máis a flexibilidade presupostaria que a subvención, que non pode ser un xustillo, falaba que se o xustillo o utilizaban as mulleres, e que vostede vira unha película onte. Eu púxenme a lembrar película que vin eu “Os luns ó sol”, reflexionemos moito porque os luns ó sol van ser moitos cidadáns da costa galega e moitos cidadáns que, economicamente, dentro deste impacto que acabamos de sufrir, á parte doutros peores que están máis alonxados de nós, que estamos sofrendo e que aínda imos sufrir máis.

Polo tanto, o noso voto a este Expediente, Sr. presidente gracias pola súa xenerosidade na intervención, vai ser de abstención. Moitas gracias.

Sr. Erias Rey

Non vou comezar pola teoría da verdade de pé de banco, pero se quere, aplicámoslle a teoría da verdade de pé de banco á política.

As evidencias non é necesario explicitalas, están aí. Pero, en todo caso, penso que despois de escoitar un ás veces intenta ser prudente e, dime de que presumes e direiche de que careces, eu non vou presumir de nada, porque non é aquí o meu cometido presumir de nada, pero política con maiúsculas é unha teoría da política, -se non o sabe, enúnciollo, simplemente, para que tome nota-, con minúsculas é a práctica da política, o que estamos facendo hoxe aquí, hoxe aquí estamos facendo política con minúsculas. Gustaríame que, ás veces tamén houbera a esta práctica unha teoría que lle acompañase para logo poder debater con fundamento, non ocorrencias, senón certamente propostas onde se entende o por que uns chaman planificación, e en que pensan, e porque outros chamamos programación, e en que pensamos. Porque isto non é algo dunha ocorrencia do momento, e quedou aí, ben, pois quedou aí, non sei se vai ser o título da súa política un feito certo proximamente, pero se a súa política vai ser un feito certo, entón é verdade que non imos ter moito espacio para poder continuar neste empeño de poñer en valor todo o que intentamos facer para transformar, se é necesario, ou se non, no seu caso, senón transformar, cando menos manter o que pensamos máis axeitado desde a perspectiva pública.

Eu penso que, Sr. Lagares, se o voto xa estaba decidido, paréceme estupendo pero que vostede decida absterse despois de escoitarme a min, desde logo, que vamos, xa fai falta... Pero, en todo caso, quero seguir porque vostede pregunta cousas, e ben ten certa razón cando as pregunta, ás veces dicilo máis veces contribúe a reafirmarse. Eu non lle vou explicar o Plan de Galicia hoxe aquí, a pesar de que vostede está con envites, envites xa lle dixen que esta praza de touros cada un non damos unha longa cambiada, nin tampouco facemos outras cousas, pero en todo caso quero dicirlle, mire demagogia non, de verdade, dígolle demagogia por algo que tamén ten que comprender vostede que é fundamental. A inflación é un problema de todos, a inflación é un problema de expectativas, e iso non o di

un cidadán normal, dio alguén que coñece a experiencia de que hai detrás de todo iso, as ideas que, con respecto ó futuro, temos sobre como vai comportarse alguén. Cando se cambiou a filosofía de indiciar coa inflacción futura, fronte á inflacción pasada, rompen por parte dos que os desenvolvían e os gobernos que o facían, a espiral inflaccionista. E ademais, cando todos os convenios e todos os asuntos que teñen que ver con temas salariais, indiciáronse segundo a inflacción pasada, viuse que era unha falacia isto de que se perdía poder adquisitivo; hai un certo desfase, non é o momento, e para os que nos escoiten saben perfectamente que sexan os gobernos da cor que sexan, fan unha práctica que é indiciar coa inflacción que se espera para non anticipar que os prezos van subir, porque se vostede anticipa que os prezos no pasado subían é probable que os prezos no futuro suban, non por culpa dos prezos, que son malos, nin dos que venden, nin dos que mercamos, senón por culpa de como nos comportamos xeralmente e de maneira social. Entón, penso que fai vostede un fraco favor á reputación política, utilizar, entre comiñas, demagoxicamente este tipo de elementos tan técnicos que temos que padecer todos, témolos que padecer todos, e todos debemos de ser responsables, e moito máis os políticos para que estas cousas teñan o discorrer que, nun principio, cabe atribuír se as cousas se fan correctamente. Estes discursos, eu entendo, e nalgúns ambientes máis especializados que se debaten, chégase a un determinado consenso, porque non hai un mecanismo explicativo causa-efecto, se non que hai uns resultados que son perversos, e a inflacción é un resultado perverso, pero non vaíamos facer comparacións, non é conveniente, non é conveniente comparar, porque é un método pouco axeitado e pouco científico, eu penso que hai que facer outras cousas. Porque se imos a comparacións, e facemos un repaso dos resultados, entón si que temos, e só expomos os resultados, porque se poñemos como se chegou ós resultados, e vemos que nalgún era froito do que había, a inercia porque non se actuaba, e iso si que era liberalismo, pois claro está, o demais ten un custo. E ten máis custo cando máis certeza se ten do que se está buscando ten moito que ver con algo que nos beneficia a todos, pero non é un capricho, repito, non é un capricho o da inflacción e o da estabilidade. Outra cousa é que despois os resultados se desvíen, e é verdade que se acadou un 4% e é verdade que neste momento a taxa interanual está no 8,8, e é verdade que hai mercados nos que non hai suficiente competencia, e é verdade que se a sociedade avanza, e cada paso os servicios pesan máis, é máis difícil introducir competencia nos servicios que introducila na industria ou na agricultura, e esas cousas que son evidencia, que son teorías da verdade de pé de banco, máis que de estar de acordo en se o 50% é ou non a metade, porque claro, home, eu podo facer calquera cousa, pero tonterías non digo, e con todo o respecto, porque desenvolvín na miña vida e a miña responsabilidade, -si, eu permítome calificala diso ó que enuncie como verdade de pé de banco-, que sempre, sempre, os políticos, non só temos a obriga de facelo, senón a nosa propia responsabilidade de organización, porque non somos kamikaces, estamos nunca organización, e eu pertenzo ó Partido Popular, vostede pertence ó Partido Socialista, e vostede ó Bloque, entón cada un ten unha organización, entre comiñas, que cando fala, vostede está representando. Eu, por respecto, non só ó que son os electores, senó tamén ás organizacións que son a maneira democrática de desenvolver nunha cultura

civilizada a convivencia entre as persoas, eu penso que nunca desenvolvín aquí accións de tipo demagóxico, intentei sempre poñer argumentos, a algúns non lle chegan, por exemplo, dime, Polígono de Sabón, estradas, 1.500 millóns, ten vostede razón, aí hai -non, non son 1.500 millóns, un millón e medio, pásame igual có Sr. Doval que os euros e os millóns xa me montan tal barullo, que ás veces os confundo tamén, porque non vou ser rara avis, son como vostede ou como o Sr. Doval, confúndome de vez en cando, e outras veces, cando me dou conta, rectifico, e cando non, queda na acta-, pero en todo caso ese millón e medio de estradas, e iso que vostede enuncia como algo que sería moi desexable, este grupo de goberno vén estudiándoo nesa comisión, nesa comisión que están todos os técnicos da casa vendo que é o mellor para o Polígono de Sabón, e unha vez que estea iso probablemente o Polígono, a Asociación de Empresarios tamén tivera que dicir sobre isto, e probablemente tamén o concello terá moito máis que dicir que todos os que están aí, claro, pero iso non se pode facer de boas a primeiras. Xa temos un dictame, e ese dictame ímolo pasar á Comisión, e despois imos tomar unhas accións, as que nos parezan máis convenientes sobre a base e a responsabilidade do goberno que se nos conferiu a nós. Sei ben que non se elixen deputados provinciais, e tamén sei ben que cando o Sr. Lagares di que vostedes representan máis, vostedes refírense a que gobernan nas cidades, ou sexa que de momento gobernan nas cidades, quere dicir que son máis habitantes eses, eu non sei se imos elaborar índices territoriais, se nós como gobernamos como partido político nas catro deputacións, representamos a todos os galegos, eu non quero dicir iso, simplemente dicía, para os efectos de coincidencia, que cando se sinalaba aquí, e non era por facer, entre comiñas, ese rizo político. Cando aquí se falaba de que as estradas, e penso que o dicía unha das señoras deputadas do Bloque Nacionalista, que basicamente eran a concellos do Partido Popular, eu dicía, home, é máis frecuente que vaian a concellos do Partido Popular que a concellos do Bloque, porque no total de concellos que nestes momentos están gobernados por unha ou outra forza política na provincia, nós temos máis do 60%, entón o lóxico, se vostedes pensan no que me enuncian, porque claro, din, primeiro identifiquen vostedes as necesidades, fágame vostede un mapa, pois si, fágolle un mapa, fágolle un mapa do Partido Popular, porque somos maioría, claro, claro, pero dígollo, non teño ningún inconveniente en explicitarllo, dígolle, se lle fago un mapa serían 62 alcaldes do Partido Popular que proxectarían as súas ideas, e o resto dos grupos que teñan representación en cada un dos concellos. Pero non se trata diso, eu penso que se trata de atender as necesidades conforme ós recursos e de ir presupostando tamén conforme vaíamos podendo realizar porque de pouco serviría presupostar todo o que vostedes presentan se despois era imposible materializalo.

Sr. Lagares, por favor, mire, non me repita o do PPBS, o do presuposto cero porque mire, iso é a teoría da Facenda Pública, iso si que é teoría da facenda pública, pero na práctica da facenda pública non nos imos meter neste Pleno, porque non é conveniente, non é conveniente para ninguén. Eu penso que é moito máis axeitado empezar a pensar que as cousas na provincia non teñen que ver con concellos, teñen que ver con persoas, e o

interese provincial ten que ver con persoas, e este grupo de goberno no Expediente modificativo de crédito e no presuposto preventivo, tivo en conta a provincia no seu conxunto, as persoas e fomentou determinadas accións, que se poden valorar positivamente, politicamente pensar que non son as correctas, que hai outras alternativas, ou incluso, se chegasemos a estar de acordo sería porque probablemente, técnica e politicamente estabamos no mesmo punto. Agora ben, home, vostede non me negue que se actuou sobre as estradas, non me negue que por primeira vez no ano 99, no orzamento do 2000, aparece por primeira vez 800 millóns, iso si que é correcto, porque é a cantidade en pesetas do exercicio de 2000 para reparación de estradas. Vostede non me pode dicir que non hai tamén para dotar de infraestruturas, para dotar doutro tipo de equipamentos que a provincia necesita.

E certamente, eu non sei se gobernar é elixir, non o sei, non sei se esa visión da totalidade nos pode pasar como o que nos dicía Marx, que se ás clases sociais se lles bota pola porta irrompen pola ventá, e estaba pretendendo dicilo para pór de manifesto que cando nos esquecemos de algo moi importante, iso aparece sempre presente. Eu non sei para que é, pero o que si digo é que se fixo sempre con criterio, que ese criterio se explicitou, que o debatemos, cada un na nosa posición, pero que aquí non subtraímos nunca ningún tipo de cuestións ás que vostedes nos preguntaron e que nós tiveramos a oportunidade, no só de contestarlles, senón tamén de intentar achegarlles que iso é o mellor. É probable que todas estas cousas que fixemos, sirvan de pouca pedagogía, pero home, en todo caso, o que si non podemos sacarnos é o mérito de que levamos unha hora e pico debatendo isto, debe ser importante, debe ser importante. E como debe ser tan importante, se vostede tiña xa o voto decidido, continúe coa abstención, se non pénseo, porque penso que é importante que o repense, pois vote que non, vote que non. Moitas grazas.

Sr. presidente

Os políticos con minúscula son os que simplemente pensan nas próximas eleccións, os políticos con maiúscula son os que pensan no futuro nas novas xeracións, e non son palabras miñas, nalgún sitio as lin. Polo tanto, que penso que dalgún xeito queda claro o dos políticos con maiúscula ou con minúscula.

Sr. Lagares, informándolle algo do que vostede solicitaba, que era o tema das partidas, dos tres millóns de euros que temos para diversas partidas con motivo do Prestige, o das confrarías, se non saíu hoxe no Boletín da Provincia, seguramente sairá o luns ou martes, ou sexa, que iso está cerrado. O Plan de potenciación turística da zona, de dinamización turística que estamos colaborando e poñendo a parte dos concellos, coa Xunta de Galicia e o goberno central, vaise cerrar o martes, o día 1, e estamos co de recuperación do litoral, que sairá en breve, pero simplemente para a súa información.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: 9 deputados (8 do PSOE; 1 do PP - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación -art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada segundo o establecido no art. 37 do R.D. 500/90, do 20 de abril, e que ten o detalle seguinte:

- Memoria da Presidencia.
- Detalle das partidas orzamentarias que se han suplementar ou habilitar crédito, e o medio de financiamento previsto para iso.
- Propostas das distintas unidades, que detallan o carácter específico e determinado do gasto que se ha realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- Informe da Intervención Xeral.

E de conformidade co artigo citado, adóptase o seguinte acordo:

1º.-Consonte co que establece o artigo 26 do R.D. 500/90, do 20 de abril, recoñécense obrigas de pagamento por importe total de 141.916,83 euros a favor das persoas físicas e xurídicas que a seguir se detallan:

A favor de *Terrauga Proyectos y obras S.L.*, correspondente á fra. núm. 089 do 22.11.02, por importe de 66.016,89 euros á certificación núm. 3 da obra “Recuperación de canteira de extracción a ceo aberto de caolinita, para creación de lago fluvial, aula de natureza-cento de demostración rural, museo etnográfico tecnolóxico tradicional de auga e zona verde perimetral”. II Premio Breogán.

A favor de José Luis Varela Fernández, correspondente á fra. 13/02 do 22.11.02 por importe de 1.475,52 euros por honorarios D.O. da certificación núm. 3 da obra “Recuperación de canteira de extracción a ceo aberto de caolinita, para creación de lago fluvial, aula de natureza-cento de demostración rural, museo etnográfico tecnolóxico tradicional de auga e zona verde perimetral”. II Premio Breogán.

A favor de *Construcciones López Cao, S.L.*, correspondente á fra. núm. 09.0065/02 do 25.09.02 por importe de 11.885,00 euros relativa á certificación núm. 5 de

“Liquidación obra edificio para cafetería e servicios de salvamento e socorrismo na praia de Balarés”.

A favor de *IFECGAS PEREIRA, S.L.*, correspondente á fra. núm. 000001329/C do 20.09.00 por importe de 4.682,56 euros relativa á certificación número un e única da obra de “Reforma da instalación eléctrica do I.H. Puga Ramón”.

A favor de *Photo Copy, S.L.U.* correspondente á fra. núm. B-709 de 29-10-02 por importe de 14.515,45 euros relativa á impresión en color de documentación destinada ás xornadas TECNIMAP.

A favor de Instalacións Eléctricas Coruñesas, S.L., correspondente á fra. núm.13.403 do 25.06.01 por importe de 5.850,95 euros, relativa á substitución urxente do grupo electrógeno do Fogar Infantil Emilio Romay.

A favor de Instalacións Eléctricas Coruñesas, S.L., correspondente á fra. núm. 13.465 do 09.08.01, por importe de 8.217,56 euros, relativa á certificación número un e única da obra “Reforma da instalación eléctrica do I.H. Puga Ramón e megafonía biblioteca”.

A favor de *Asogal Construcciones S.L.*, correspondente á fra. núm. AG-2002047 do 28.11.02 por importe de 12.991,47 euros, relativa á certificación de liquidación da obra “Reforzo de firme na E.P. 6110: A Venta a Ortigueira por Cabalar e Luama (p.k. 0,000 deica o 4,700).”

A favor de *Obras y Conducciones Hidráulicas, S.L.*, correspondente á fra. núm. X-0023 do 31.07.02 por importe de 15.578,47 euros relativa á liquidación da obra “Novo depósito de abastecemento en Espiñaredo (Laxe).”

A favor de *Trazos Coruña, S.A.L.*, correspondente á fra. núm. 1228/02 do 10.10.02 por importe de 702,96 euros relativa a traballos de rotulación en 2 locais de Santiago (centro socio cultural A Rocha e Frei Rosendo Salvado).

2º)Aprobación inicial do Expediente de modificación de créditos núm. 1/03 de competencia do Pleno, en trámite dentro do vixente orzamento xeral, por importe de 27.472.422,84 euros e que ofrece o seguinte resumo:

AUMENTOS:

CE. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	1.889.060,84
SC. SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	25.583.362,00
<u>TOTAL DE AUMENTOS</u>	27.472.422,84

BAIXAS: (Financiamento)

BA. BAIXAS POR ANULACIÓN	416.000,00
RX. R.T. GASTOS XERAIS	27.056.422,84
<u>TOTAL DE BAIXAS</u>	27.472.422,84

3º.-Expor ó público o dito expediente no BOP polo prazo de quince (15) días hábiles, para efectos de reclamacións contra el, a teor do establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado R.D. 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, considerárase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar novo acordo. De presentárense reclamación, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.-O resumo por capítulos do dito expediente, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, a teor do establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril.”

29.-APROBACIÓN DE ESPECIFICACIÓNS DO PLAN DE PENSIÓN DENOMINADO “PERSOAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. PLAN DE PENSÍONS.”

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Conforme co prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para adxudicar mediante concurso con procedemento aberto dos servizos consistentes na implantación, posta en marcha e xestión dun plan de pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2002 e adxudicado a BIA GALICIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A., NIF: A 15140387 (núm. de inscrición de rexistro de entidades xestoras G0002), como entidade xestora e a Caixa de Aforros de Galicia (Caixa Galicia) con CIF: 15028947 e núm. de inscrición no rexistro de entidades depositarias D0094, como entidade depositaria, por acordo do Pleno da Corporación con data do 30 de decembro de 2002. En cumprimento deste último acordo polo que se aprobou promover un plan de pensións en modalidade de sistema de emprego de achega definida e visto o acordo adoptado pola Comisión Promotora mediante o cal se aprobaron as especificacións do plan de pensións PROCEDE:

1.-Aprobar as especificacións do plan de pensións denominado “Persoal da Excma. Deputación Provincial da Coruña, Plan de Pensións”, co texto íntegro que figura seguidamente.

2.-Aprobar a modificación do contrato no senso de que a cláusula 3.b) do prego quede redactada de acordo co establecido no art. 20 das especificacións, polo que se refire ás achegas do promotor, debendo formalizarse esta modificación en documento administrativo.

3.-Facultar ó presidente para designar os membros que lle corresponda designar á corporación como integrantes da Comisión de Control.

**ESPECIFICACIÓNS DO PLAN DE PENSIONES
“Persoal da Excma. Deputación Provincial da Coruña, Plan de pensiones”.**

ÍNDICE

I.DENOMINACIÓN, MODALIDADE E ADSCRICIÓN.

II. ÁMBITO PERSOAL.

III. DEREITOS E OBRIGAS DO PROMOTOR, DOS PARTICIPES E DOS BENEFICIARIOS.

IV. RÉXIME DE ACHEGAS E PRESTACIÓNS.

V. ORGANIZACIÓN E CONTROL

VI. MODIFICACIÓN E LIQUIDACIÓN.

“Este Plan de pensiones regularase por estas especificacións, polo texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensiones, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro (BOE núm. 13.12.2002), polo Real decreto 1307/1988, do 30 de setembro, que aproba o Regulamento de plans e fondos de pensiones e por cantas disposicións de calquera rango que, actualmente ou no futuro, poidan serlle de aplicación.

**ESPECIFICACIÓNS DO PLAN DE PENSIONES “PERSONAL DA EXCMA.
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. PLAN DE PENSIONES”**

**CAPÍTULO I.
DENOMINACIÓN, MODALIDADE E ADSCRICIÓN.**

Artigo 1.-Denominación

Estas especificacións do Plan de pensiones denominado “Persoal da Excma. Deputación Provincial da Coruña, Plan de pensiones”, do que é promotor a Excma.

Deputación Provincial da Coruña, regulan as relacións entre o mencionado plan, o promotor del, os seus partícipes e os seus beneficiarios, do que a condición leva implícita a aceptación de tódalas normas nel contidas.

Artigo 2.- Modalidade

Este Plan de pensións configúrase como unha institución de previsión de carácter voluntario e libre que, en razón dos seus suxeitos constituíntes, encádrase na modalidade de sistema emprego e, en razón das obrigas estipuladas, na modalidade de achega definida xa que contempla achegas definidas para as continxencias de xubilación, falecemento e invalidez.

No presente plan de pensións establécense dous colectivos:

Colectivo A no que se integran tódolos funcionarios de carreira e persoal laboral fixo do cadro de persoal desde o momento en que adquiran tal condición.

Colectivo B no que se integran os funcionarios de emprego (persoal eventual e interino) e persoal laboral temporal desde o momento en que adquiran tal condición.

Artigo 3.- Adscrición a un fondo de pensións

1. O presente Plan de pensións integrarase no Fondo de pensións Caixa Galicia VII, Fondo de pensións, inscrito na Dirección Xeral de Seguros co núm. F-1015.

2.-As achegas do promotor e se é o caso dos partícipes integraranse inmediata e obrigatoriamente no mencionado fondo de pensións. As ditas achegas, xunto cos seus rendementos netos e os incrementos patrimoniais que xeren, aboaranse na conta de posición que o plan manteña no fondo. O pagamento das prestacións correspondentes, así como os gastos adicionais que se produciran, efectuarase con cargo á dita conta.

CAPÍTULO II AMBITO PERSOAL

Artigo 4.- Suxeitos constituíntes.

Son suxeitos constituíntes deste Plan de pensións:

a) A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, como promotor do plan.

b) Os partícipes, en interese dos cales se crea o plan.

Artigo 5.-Elementos persoais

Son elementos persoais deste Plan de pensións:

- a)Os suxeitos constituíntes.
- b)Os beneficiarios

Artigo 6.- Partícipes

Poderán ser partícipes do Plan de pensións o persoal do promotor pertencente a algún dos colectivos contemplados no artigo 2 destas especificacións que manifeste ó promotor a súa vontade de integrarse nel, desde o momento da súa constitución, e teñan capacidade de obrigarse nos termos establecidos no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, e disposicións complementarias ou substitutorias, sempre e cando acepten na súa totalidade e sen limitación ningunha as especificacións deste plan e as normas de funcionamento do seu correspondente fondo.

Poderán incorporarse en calquera momento posterior aqueles que reúnan eses mesmos requisitos e manifestar ó promotor a súa vontade de integrarse no plan.

Artigo 7.- Partícipes en suspenso.

1.-Consideraranse partícipes en suspenso aqueles que non efectúen achegas directas nin imputadas ó plan.

2.-As situacións que determinarán a suspensión das achegas do promotor en prol de partícipes pertencentes ó colectivo A son as seguintes:

O promotor non realizará achegas a favor daqueles partícipes pertencentes ó colectivo A que se acha nas seguintes situacións:

- Extinción de relación funcional ou laboral co promotor.
- Servicio noutras Administracións públicas.
- Excedencia voluntaria por:
 - Prestación de servicios no sector público.
 - Interese particular.
 - Incentivada no marco dun plan de emprego para a redistribución de efectivos.

- Suspensión de funcións, tanto provisional como firme, como consecuencia de condena criminal ou sanción disciplinaria. No caso en que se rexeite a suspensión de funcións, o promotor procederá a rehabilitar as achegas do partícipe, con efectos retroactivos ó momento da suspensión.

3. Non se suspenderán as achegas do promotor en favor de partícipes pertencentes ó colectivo A nas seguintes situacións:

- Servicios especiais
- Servicio activo
- Expectativa de destino
- Excedencia forzosa
- Excedencia por coidado de fillos (incluído por acollemento).

4. Ningún dos supostos de permisos, licencias nin vacacións suspenderán tampouco as achegas do promotor en favor de partícipes pertencentes ó colectivo A.

5. No caso de que o promotor non realice achegas a favor dun partícipe pertencente ó colectivo A por encontrarse nalguna das situacións recollidas no apartado 2) deste artigo, a dito partícipe suspenderánselle de forma automática as achegas de carácter voluntario que se lle descontan en nómina pero poderá seguir efectuando achegas voluntarias a través de cargo en conta.

Só no caso de que non realice ningunha achega pasará a partícipe en suspenso.

No caso no que se rehabiliten as achegas obrigatorias do promotor a un partícipe pertencente ó colectivo A trala suspensión delas, activaranse de forma automática as achegas de carácter voluntario a través de desconto en nómina que o partícipe establecera no seu día.

Non obstante, en caso de extinción da relación laboral co promotor o partícipe estará obrigado a mobilizar o seu dereito consolidado a outro plan de pensións nun prazo máximo de 3 meses.

6. Os partícipes en suspenso manterán os seus dereitos no plan.

Artigo 8.- Beneficiarios.

Serán beneficiarios do plan aquelas persoas físicas que, sendo ou non partícipes del, teñan dereito á percepción de prestacións.

Artigo 9.- Alta dun partícipe no plan

1. Quen estea en condición de acollerse ó plan conforme ó disposto no artigo 6 destas especificacións, poderá exercitar o seu dereito de adhesión causando alta no plan desde o momento en que se lle comunique por escrito ó promotor que exercita o mencionado dereito.

As adhesións producirán efecto o día en que se realice a primeira achega (directa ou imputada) ou en que se realice un traspaso de dereitos consolidados desde outro plan de pensións.

2. Os dereitos dos partícipes no plan consideráanse desde a data efectiva da adhesión, é dicir, na data en que, tras comunicar a súa vontade de adhesión ó plan, realícese a primeira achega (directa ou imputada) ou se efectúe un traspaso de dereitos consolidados.

Non obstante o anterior, en relación coas achegas do promotor destinadas ós partícipes pertencentes ó colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo do cadro de persoal) que se adheriran ó Plan de pensións nun intre posterior á constitución del, a Deputación provincial non realizará achegas por eses novos partícipes, ata o ano natural inmediato seguinte á data en que este manifeste o seu desexo de incorporación.

3. Ó partícipe expediráselle certificado acreditativo da súa pertenza e integración ó Plan de pensións. Este certificado, que expedirán conxuntamente a entidade xestora e a entidade depositaria, non será transferible.

Artigo 10.- Baixa dun partícipe no plan

Os partícipes causarán baixa no plan:

- a) Cando se produza algunha das continxencias previstas no plan.
- b) Cando cesa definitivamente a relación funcional e laboral co promotor e traslada os seus dereitos consolidados. En tanto non se produce o dito traslado mantense de alta no plan como partícipe en suspenso.
- c) Por terminación do plan, debendo procederse a transferir os seus dereitos consolidados a outro plan de pensións.
- d) Cando, nos supostos de enfermidade grave e desemprego de longa duración regulados no Regulamento de plans e fondos de pensións, a totalidade do dereito consolidado fágaselle efectivo ó partícipe.

Artigo 11.- Alta dun beneficiario no plan

Adquirirán a condición de beneficiarios:

a) Os partícipes que exerzan o dereito a percibir a prestación que lles corresponda por algunha das seguintes continxencias:

-Xubilación

-Invalidez: incapacidade laboral total e permanente para a profesión habitual, incapacidade absoluta e permanente para todo traballo ou gran invalidez, ou outras situacións equivalentes, determinadas conforme ó réxime correspondente da Seguridade Social.

b) As persoas físicas que exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez, orfandade ou en favor doutros herdeiros ou persoas designadas por falecemento dun partícipe, segundo a última designación de beneficiarios efectuada por este.

Por falta de designación expresa por parte do partícipe, serán beneficiarios, por orde preferente e excluínte:

1. O cónxuxe do partícipe.
2. Os fillos do partícipe por partes iguais.
3. Os pais do partícipe por partes iguais.
4. Os irmáns do partícipe por partes iguais.
5. Os herdeiros legais.

c) As persoas físicas que, por falecemento dun beneficiario, exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez, orfandade ou en favor doutros herdeiros ou persoas designadas cando o beneficiario falecido estivera cobrando unha modalidade de prestación reversible.

Artigo 12.- Baixa dun beneficiario no plan

Os beneficiarios que cobren prestacións en forma de renda causarán baixa no plan en caso de falecemento ou cando esta se esgote no caso de rendas temporais ou cobramento en forma de capital.

CAPÍTULO III

DEREITOS E OBRIGAS DO PROMOTOR, DOS PARTÍCIPIES E DOS BENEFICIARIOS

Artículo 13.- Dereitos do promotor

Correspóndenlle ó promotor do plan os seguintes dereitos:

a) Ter a súa representación na Comisión de Control do Plan de Pensións nos termos que se establecen no capítulo V das presentes especificacións.

b) Solicitar dos partícipes os datos persoais e familiares necesarios para determinar as súas achegas ó plan.

Artigo 14.- Obrigas do promotor

Serán obrigación do promotor:

a) Efectuar o desembolso das achegas imputables ós partícipes, dispostos nas presentes especificacións na forma, prazos e contía comprometidas.

b) Así mesmo, deberá facilitar os datos que, sobre o persoal, séxanlle requiridos co obxecto de realizar as correspondentes valoracións actuariais.

c) Ademais, deberá detraer nas nóminas as achegas periódicas voluntarias que os partícipes estableceran baixo este sistema de achegas e transferidas á conta que o fondo manteña na entidade depositaria.

d) Comunicar as altas e baixas dos partícipes e as variacións que se produzan e afecten ó funcionamento do Plan de pensións.

e) Asumir os gastos de funcionamento imputables ó plan mediante o desembolso de achegas extraordinarias nas contías que correspondan.

Artigo 15.- Dereitos dos partícipes

Son dereitos dos partícipes do plan os seguintes:

a) A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, materialícese e instruméntese o Plan de pensións.

b) Os seus dereitos consolidados individuais constituídos pola súa cota parte do fondo de capitalización que teña o Plan no fondo de pensións correspondente. Este fondo de capitalización estará formado polas achegas e rendas xeradas polos recursos investidos menos os crebentos e gastos que se produciran.

Os dereitos consolidados só se efectuarán nos casos establecidos nestas especificacións para a súa integración noutro Plan de pensións, ou nos casos recollidos no apartado h) deste artigo.

c) Mobilizar a outro Plan de pensións os seus dereitos consolidados, minorados, ou se é o caso, nos gastos que permita a normativa vixente en cada momento, nas seguintes circunstancias:

- Por cesamento definitivo da súa relación de emprego co promotor.
- Por terminación do plan.

A solicitude de mobilización deberalle ser notificada por escrito á entidade xestora do fondo no que estea integrado o plan, indicándose o novo Plan de pensións no que se integra e adxuntarse certificación emitida pola entidade xestora do fondo de pensións ó que pertenza este novo plan, na que conste que se acepta a dita integración.

A transferencia dos dereitos consolidados do partícipe ó novo plan efectuarase nun prazo non superior ó legalmente establecido, desde a recepción pola entidade xestora de toda a documentación anterior.

En caso de cesamento definitivo da relación funcional ou laboral a mobilización será obrigatoria nun prazo máximo de 3 meses. Se neste prazo o partícipe non comunicou o plan ó que quere mobilizar, a entidade xestora, trala comunicación e requirimento da dita entidade cunha antelación mínima de 15 días ó prazo mencionado, trasvasarao ó Plan de pensións establecido na disposición adicional única destas especificacións.

d) Participar, a través da Comisión de Control do Plan, na supervisión do funcionamento e xestión deste, mediante a elección dos seus membros e, se é o caso, asumindo a condición de presidente, secretario ou vocal da dita comisión.

e) Designar beneficiarios para o caso de que se produza a continxencia de falecemento. Así mesmo poderá cambiar a dita designación en tanto sexa partícipe do plan.

f) Estar informados sobre a evolución do plan. A información mínima que recibirá cada partícipe, de balde, será:

1. Unha certificación anual das achegas directas e imputadas ó partícipe durante o ano.
2. Unha certificación anual do valor dos seus dereitos consolidados con data do 31 de decembro de cada ano.
3. Unha libreta individualizada do Plan de pensións ou outro soporte informativo similar.
4. Un folleto trimestral de evolución do Plan de pensións.

Así mesmo, garantirase o acceso gratuíto á información individualizada correspondente a cada partícipe sobre a evolución, situación e valoración diaria dos seus dereitos consolidados e as súas achegas ó Plan de pensións.

Alomenos trimestralmente, ademais do anterior, información sobre a evolución e situación dos seus dereitos consolidados, así como sobre outros extremos que poidan afectarlles, especialmente as modificacións normativas, cambios das especificacións do plan, das normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos e das comisións de xestión e depósito.

g)Recibir, á súa incorporación ó plan, un exemplar das presentes especificacións, como documentación acreditativa dos seus dereitos e obrigas nel. Posteriormente, recibirá as modificacións que se produzan nelas.

h)Solicitalle ó fondo no que esté integrado o seu Plan de pensión, a través da súa entidade xestora, que se efectúen os seus dereitos consolidados na súa totalidade ou en parte, con carácter excepcional, nos supostos de enfermidade grave e desemprego de longa duración de acordo co establecido na lexislación vixente.

i)Realizar calquera consulta individualizada sobre o plan e fondo de pensións.

Artigo 16. Obrigas dos partícipes

Son obrigas dos partícipes:

a)Comunicarlle á entidade xestora do fondo os datos persoais e familiares que lle sexan requiridos para causar alta no plan e para determinar o cobramento das prestacións. Así mesmo, deberalle comunicar calquera modificación que se produza en ditos datos.

b)Efectuar o desembolso das achegas voluntarias establecidas a través da modalidade de cargo en conta na forma, prazos e contía comprometidos.

c)Permitir, que o promotor detraia da súa nómina as achegas voluntarias ó Plan de pensións correspondentes, se é o caso, ó partícipe.

Artigo 17.- Dereitos dos beneficiarios

Correspóndelles ós beneficiarios do plan os seguintes dereitos:

a)A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, materialícese e instrúntese o seu Plan de pensións.

b)Ter a súa representación na Comisión de Control do Plan de Pensións nos termos establecidos nas disposicións legais e o capítulo V das presentes especificacións.

c) Percibir as prestacións que lles correspondan ó producírense continxencias establecidas no plan.

d) Recibir da entidade xestora unha certificación das prestacións cobradas, así como das retencións practicadas a conta.

Artigo 18.- Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Notificarlle á entidade xestora do fondo no que se encontre integrado o plan de pensións o acaecemento das continxencias que outorgan dereito ás prestacións, nun prazo máximo de 6 meses, ou outro inferior se así se establece legalmente, desde que se producira a continxencia, indicando expresamente a forma en que desexa percibir as prestacións, agás que a prestación estea previamente definida por derivarse do falecemento dun beneficiario de rendas actuariais con reversión.

b) Notificarlle á entidade xestora os datos persoais e familiares que lle sexan requiridos para xustificar o dereito á percepción das prestacións e do seu mantemento ó longo do tempo.

CAPÍTULO IV RÉXIME DE ACHEGAS E PRESTACIÓNS

Artigo 19.- Sistema de financiamento do plan.

1. O sistema financeiro-actuarial que adoptará o presente plan será a “Capitalización financeira individual”.

2. O valor dos dereitos consolidados determínase como, a cota parte do fondo de capitalización, constituído polas achegas definidas para xubilación, falecemento e invalidez, directas e imputadas, dos partícipes e os rendementos netos de gastos que estes xeren. Igual definición se aplicará para os dereitos consolidados dos partícipes en suspenso.

3. O Plan de pensións non asume a cobertura de ningún risco relacionado coas prestacións previstas, nin tampouco garante un interese mínimo ós partícipes.

Cando se devenguen prestacións en forma de renda que supoña a asunción dalgún tipo de risco contratará o aseguramento de ditas prestacións cunha entidade aseguradora,

mediante a correspondente póliza, o tomador será o Plan de pensións representado polo presidente da Comisión de Control.

Artigo 20.- Achegas ó plan

1.As achegas ó Plan de pensións serán efectuadas:

- Polos partícipes
- Polo promotor.

Estas achegas terán carácter irrevogable desde o momento do seu pagamento.

As achegas efectuadas ó plan integraranse necesariamente na conta que o fondo manteña na entidade depositaria na data do seu pagamento.

2.Achegas dos partícipes:

As achegas dos partícipes terán carácter voluntario e poderán ser:

a)**ACHEGA INICIAL VOLUNTARIA.** Cada partícipe, xa sexa do colectivo A ou B, fixará de forma individual, a achega voluntaria inicial que desexe efectuar ó Plan de pensións ingresándoo, neste suposto, na forma que conveñan coa entidade xestora.

O importe desta achega será como mínimo de 60 euros.

b)**ACHEGAS PERIÓDICAS VOLUNTARIAS A TRAVÉS DE DESCONTO MENSUAL EN NÓMINA:** O partícipe, xa sexa do colectivo A ou do colectivo B, determinará de forma individual e voluntaria a achega mensual que desexe realizar ó Plan de pensións. Esta achega seralle detraída da nómina mensualmente polo promotor, quen efectuará o aboamento dela na conta que o fondo manteña na entidade depositaria. Para isto, con carácter anual, deberalle comunicar ó Servicio de Persoal da Deputación provincial antes do 5 de decembro de cada exercicio e con efectos do 1 de xaneiro o 31 de decembro do exercicio seguinte a contía da achega elexida.

c) **ACHEGAS PERIÓDICAS VOLUNTARIAS A TRAVÉS DE CARGO EN CONTA DO PARTÍCIPE TITULAR DO PLAN.** O partícipe, xa sexa do colectivo A ou do colectivo B, determinará de forma individual a achega que desexe realizar o Plan de pensións así como a periodicidade con que desexa efectuala (mensual, trimestral, semestral ou anual).

Esta achega, con importe que será como mínimo equivalente a 360 euros anuais, será realizada directamente polo partícipe a través do cargo na conta que designe (PODERÁ SER UNHA CONTA ABERTA NA ENTIDADE DEPOSITARIA OU EN CALQUERA OUTRA ENTIDADE FINANCEIRA).

d) **ACHEGAS EXTROARDINARIAS ADICIONAIS.** Son aquelas que o partícipe, xa sexa do colectivo A ou do colectivo B, pode realizar á súa vontade, de forma única ou non, e sen necesidade de acollerse a ningunha frecuencia ou contía preestablecida. A decisión de efectuar o pagamento de achegas extraordinarias seralle comunicada polo partícipe á entidade xestora do fondo mediante o correspondente boletín, e o ingreso da cantidade correspondente na conta do fondo. O importe mínimo da achega extraordinaria será de 150 euros.

3. Achegas do promotor

O promotor contribuirá ó Plan de pensións coas seguintes achegas:

a) **ACHEGA INICIAL:** o promotor efectuará unha achega inicial correspondente ó orzamento do exercicio 2002, pola cantidade que figura na partida orzamentaria correspondente a distribuír a partes iguais entre tódolos partícipes pertencentes ó colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo do cadro de persoal) que manifestaran a súa vontade de adhesión ó plan desde a súa constitución.

b) **ACHEGAS REGULARES ANUAIS:** para anualidades sucesivas o promotor efectuará:

b.1.) Achegas anuais regulares que se han distribuír a partes iguais entre os partícipes pertencentes ó colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo do cadro de persoal) que se achan en activo a 31 de decembro do ano anterior ó exercicio correspondente. O dito pagamento efectuarao, a entidade promotora, dentro dos tres primeiros meses de cada exercicio.

A contía desta contribución anual regular do promotor virá determinada polo crédito consignado no orzamento do exercicio correspondente e os incrementos que mediante modificacións de crédito aprobe o órgano competente da Corporación provincial. Todo isto, sen prexuízo da revisión á alza das ditas cantidades por acordo do Pleno da corporación ou órgano competente da Corporación provincial.

O importe inicial do crédito consignado no orzamento do exercicio correspondente destinarase á realización das achegas anteriores.

b.2) En relación cos partícipes pertencentes ó colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo do cadro de persoal) que adquiran tal condición nun momento posterior á constitución del, a Deputación provincial non realizará achegas, por eses novos partícipes, ata o ano natural inmediato seguinte á súa data de adhesión ó plan.

A Deputación provincial realizará as modificacións de crédito necesarias para a realización e pagamento das achegas anteriores, que terán carácter adicional ás indicadas no apartado b.1) anterior.

c) **ACHEGAS EXTRAORDINARIAS ADICIONAIS:** o promotor efectuaralle ó Plan de pensións as achegas extraordinarias mencionadas no apartado e) do artigo 14 destas especificacións ou outras que acorde o Pleno da Deputación provincial ou órgano competente da Corporación.

As achegas extraordinarias adicionais da Deputación provincial repartiranse a partes iguais entre tódolos partícipes do Plan de pensións pertencentes ó colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo do cadro de persoal) mencionado no artigo 2 das presentes especificacións. Non obstante, o reparto das achegas extraordinarias mencionadas no apartado e) do artigo 14 das presentes especificacións, destinadas á asunción de gastos de funcionamento imputables ó plan polo promotor, efectuarase entre tódolos partícipes do Plan de pensións pertencentes ó colectivo A e B do plan, en proporción á contía dos dereitos consolidados medios individualizados de cada partícipe no exercicio anterior.

A contía das achegas anuais sucesivas da Deputación provincial, mencionadas no apartado b) anterior, garantirán unha achega mínima por cada partícipe nunha contía non inferior á que resulte do reparto individual da achega inicial da Deputación provincial mencionada no apartado a) anterior.

4. O cumprimento dos anteriores compromisos de achegas por parte do promotor queda supeditado á existencia e dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente e á súa aprobación polo órgano competente.

No proxecto de orzamento da Deputación provincial da Coruña figurarán os créditos necesarios para garantir o pagamento das achegas do promotor nas contías mínimas indicadas nos parágrafos anteriores.

5. Os partícipes poderán combinar, tanto ó causar alta no plan como durante a súa permanencia nel, os ditos sistemas de achegas.

6. O traspaso ó Plan dos dereitos consolidados doutros plans de pensións non teñen carácter de achega, mantendo, non obstante, a súa natureza de dereito consolidado.

Artigo 21.- Contía máxima das achegas

1. Dentro de cada ano natural, a contía máxima das achegas ó plan tanto directas como imputadas a un partícipe non poderán superar os respectivos límites máximos legais de achegas a un Plan de pensións vixentes en cada momento. O límite máximo legal para as achegas directas do partícipe ó plan non afecta ó traspaso de dereitos consolidados provenientes doutro Plan de pensións.

2. Se a acumulación das achegas directas ó plan realizadas polo partícipe con outras realizadas polo propio partícipe a outro ou outros plans de pensións superase o límite máximo legal para achegas directas, o partícipe terá que retirar os excesos de achegas do outro plan ou plans.

Para tal fin, o partícipe comunicarlle á entidade xestora as achegas realizadas por el a outros plans de pensións con entidade xestora que non sexa a mesma cá deste fondo de pensións.

3. A entidade xestora queda autorizada a suspender para un partícipe, dentro de cada ano natural, o réxime de pagamento das achegas periódicas que se han vencer ou a non tramitarlle modificacións ou novas participacións extraordinarias cando co novo pagamento, xunto coas achegas xa efectuadas por el no ano natural, supérese o mencionado límite, informando disto ó partícipe.

Artigo 22.-Modificación, suspensión e rehabilitación de achegas.

1. Modificación: Mediante comunicación escrita dirixida á entidade xestora con quince días naturais de preaviso antes da data habitual do cargo en conta, o partícipe poderá modificar o seu sistema de achegas voluntarias a través do cargo en conta en canto a importe, periodicidade ou crecemento delas, sen efecto retroactivo.

As achegas voluntarias establecidas a través de desconto en nómina establecidas para un determinado exercicio só se suspenderán en caso de que o promotor suspenda as achegas a favor dun partícipe pertencente ó colectivo A por algunha das situacións recollidas no artigo 7.2 destas especificacións ou exista algún suposto que impida a correspondente detracción de nómina.

2.Suspensión: cando o promotor suspenda as achegas a favor dun partícipe pertencente ó colectivo A por algunha das situacións recollidas no artigo 7.2 destas

especificacións a dito partícipe suspenderánselle de forma automática as achegas de carácter voluntario que se lle descontan en nómina pero poderá seguir efectuando achegas voluntarias a través de cargo en conta. Só no caso de que non realice ningunha achega pasará a partícipe en suspenso mantendo os seus dereitos consolidados no plan.

En caso de extinción da relación funcionario ou laboral, o partícipe deberá solicitar o traslado dos seus dereitos a outro plan nun prazo máximo de 3 meses. Se neste prazo o partícipe non comunicou o plan ó que quere mobilizar, a entidade xestora, trala comunicación previa e requirimento da dita entidade cunha antelación mínima de 15 días ó prazo mencionado, trasvasarao ó plan de pensións establecido na disposición adicional única destas especificacións.

3. O partícipe pode rehabilitar en calquera momento o pagamento das achegas voluntarias a través de cargo en conta, precisamente suspendido, mediante trámite similar ó establecido para incorporación de altas ó plan. No caso de que non se rehabiliten as achegas obrigatorias do promotor a un partícipe pertencente ó colectivo A trala suspensión delas, activaranse de forma automática as achegas de carácter voluntario a través de desconto en nómina que o partícipe establecera no seu día.

Artigo 23.- Falta de pagamento de achegas.

No caso de falta de pagamento das achegas do promotor, a entidade xestora do fondo comunicarllo á Comisión de Control do Plan para que realice os trámites que considere oportunos.

Artigo 24.- Devolución de achegas

A entidade xestora do fondo poderá devolverlle ó partícipe parte das achegas xa pagadas, aboándollas na conta respectiva, nos seguintes casos:

a)Cando o conxunto das achegas directas dun partícipe a Plans de pensións supere nun ano natural o límite máximo legal para achegas directas.

O partícipe deberá xustificarlle á entidade xestora a superación do citado límite mediante as certificacións emitidas por aquelas entidades xestoras de fondos de pensións nos que se produciron as achegas que en conxunto orixinan a superación do límite.

En ningún caso o pagamento da devolución de achegas terá data de valor retroactiva. Por tanto os rendementos xerados polo exceso de achegas reverterán no fondo de pensións se son positivos ou no dereito consolidado do partícipe, de resultaren negativos.

b) Por erros no proceso de cobramento de achegas:

Cando como consecuencia de erros no proceso administrativo de cobramento de achegas, ou de modificación ou suspensión delas, resultaran indebidamente cargadas achegas nas contas dos partícipes, trala solicitude previa destes, a entidade xestora tramitará a devolución delas, nun prazo máximo de cinco días, unha vez acreditada a existencia de ditos erros.

Artigo 25.- Continxencias cubertas polo plan

As continxencias cubertas polo presente Plan de pensións, que dan orixe ó pagamento de prestacións, son as seguintes:

a) *Xubilación*. Para determinar esta continxencia estarase ó establecido no réxime de seguridade social correspondente.

Cando non sexa posible o acceso dun partícipe á xubilación, a continxencia entenderase producida a partir da idade ordinaria de xubilación no Réxime xeral da Seguridade Social, no momento no que o partícipe non exerza ou cesara na actividade laboral ou profesional, e non se ache cotizando para a continxencia de xubilación para ningún réxime da Seguridade Social. Non obstante, poderá anticiparse a percepción da prestación correspondente a partir dos 60 anos de idade, nos termos que se establezan regulamentariamente.

b) *Invalidez*: Incapacidade laboral total e permanente para a profesión habitual, incapacidade absoluta e permanente para todo traballo ou gran invalidez, ou outras situacións equivalentes, determinadas conforme ó réxime correspondente da Seguridade Social.

c) *O falecemento do partícipe* por calquera causa. Esta continxencia acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.

d) *O falecemento dun beneficiario* por calquera causa que, en función da modalidade de prestación que previamente se definise, xere o dereito a prestación a favor do seu cónxuxe, fillos, herdeiros ou persoas designadas polo beneficiario. Esta continxencia acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.

Artigo 26.- Prestacións do plan

As prestacións establecidas polo plan para cada unha das continxencias cubertas por este, serán as seguintes:

- a) Para a continxencia de xubilación: prestación de xubilación.
- b) Para a continxencia de invalidez: prestación de invalidez.
- c) Para a continxencia de falecemento: prestación por falecemento.

Artigo 27.- Prestación de xubilación e equivalente.

O importe desta prestación será igual á cota parte que ó partícipe, na data da súa liquidación, correspóndalle do fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes especificacións máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

Artigo 28. Prestación de invalidez

O importe desta prestación será igual á cota parte que ó partícipe, na data da súa liquidación, correspóndalle do fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes especificacións, máis ou rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

Artigo 29.- Prestación por falecemento.

O importe desta prestación causada por un partícipe será igual á cota parte que ó partícipe, na data da súa liquidación, correspóndalle do fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes especificacións, máis os rendementos, netos de gastos, que estes xeran no fondo.

No caso de falecemento de beneficiarios con modalidade de renda financeira temporal, o importe do fondo de capitalización pendente de liquidar.

Artigo 30.- Prestacións dos partícipes en suspenso.

Os partícipes en suspenso terán dereito ás seguintes prestacións:

a) Prestación de xubilación ou equivalente: a partir do día en que teña dereito de acordo co artigo 25.a), o propio partícipe en suspenso cobrará un capital, ou renda equivalente, cun importe igual á capitalización financeira dos seus dereitos consolidados á data do cesamento, á taxa real de rendibilidade que obteña o plan no fondo desde esa data ata a data de liquidación da prestación.

b) Prestación de falecemento: en caso de falecemento do partícipe en suspenso antes de acadar a súa data de xubilación, os seus beneficiarios cobrarán un capital ou renda equivalente con importe igual á capitalización financeira dos seus dereitos consolidados na

data do cesamento, á taxa real de rendibilidade que obteña o plan no fondo desde esa data ata a data de liquidación da prestación.

c) Prestación de invalidez: a partir do momento en que o partícipe cause baixa por invalidez, este cobrará un capital ou renda equivalente cun importe igual á capitalización financeira dos seus dereitos consolidados na data do cesamento, á taxa real de rendibilidade que obteña o plan no fondo desde esa data ata a data de liquidación da prestación.

Artigo 31.- Modalidades de pagamento das prestacións

1. As prestacións ás que os beneficiarios teñen dereito, como consecuencia das continxencias indicadas no artigo 25 anterior, poderán ter as seguintes modalidades:

a) *Capital*. O seu importe será igual ó valor dos dereitos consolidados do causante no intre do devengo da prestación.

b) *Renda*. O seu importe devengará do valor dos dereitos consolidados, do causante no intre de acreditar o dereito á prestación, do tipo de renda a cobrar e das tarifas que a Comisión de Control do Plan pactara coa entidade aseguradora do pagamento das ditas rendas.

c) *Capital-renda*. É unha combinación das dúas modalidades anteriores.

2. O beneficiario do Plan de pensións ou o seu representante legal deberalle comunicar o acaecemento da continxencia á entidade xestora, sinalando se é o caso a forma elixida para o cobramento da prestación, e presentar a documentación acreditativa que proceda segundo o previsto na normativa vixente, no prazo non superior a 6 meses desde que se producira a continxencia ou desde o seu recoñecemento pola autoridade ou organismo correspondente. No caso de falecemento, o prazo contarase desde que o beneficiario ou o seu representante legal tivesen coñecemento da morte do causante e da súa designación como beneficiario, ou desde que poida acreditar a súa condición por disposición testamentaria ou outros medios.

A comunicación e acreditación documental poderá presentarse ante a entidade xestora, depositaria ou promotora do Plan de pensións, vindo obrigado o receptor a realizar as actuacións necesarias encamiñadas ó recoñecemento e efectividade da prestación.

3. Para os beneficiarios que decidan cobrar a súa prestación baixo a modalidade de renda, o plan prevé os seguintes tipos:

a) Rendas financeiras temporais, sen ningún tipo de garantía.

- b) Rendas actuariais temporais coa garantía de interese mínimo.
- c) Rendas actuariais vitalicias con garantía de interese mínimo. Estas rendas poderán ser puras ou reversibles nunha determinada porcentaxe.

4. Respecto das rendas do apartado 3 anterior:

- Nas rendas de tipo a), o propio beneficiario asume o risco da obtención da rendibilidade agardada e o plan non precisa reservas patrimoniais nin marxe de solvencia.
- As rendas dos tipos b) e c) necesariamente estarán aseguradas polo que o plan tampouco precisará constituír por elas reservas patrimoniais nin marxe de solvencia. A elección dunha renda deste tipo comporta a renuncia do partícipe ou beneficiario a revogar ou alterar a designación de beneficiarios.

5. Os dereitos económicos dos beneficiarios non poderán mobilizarse agás por terminación do Plan de pensións.

6. As prestacións do plan de pensións terán o carácter de dinerarias.

Artigo 32.- Procedemento e recoñecemento do pagamento de prestacións.

1. Producida a continxencia determinante dunha prestación, o titular beneficiario poñerá en coñecemento da entidade xestora do fondo, debendo acompañar a información necesaria e a documentación acreditativa do seu dereito á prestación.

2. O prazo establecido da comunicación non poderá ser superior ó prazo máximo legal desde que se producira o recoñecemento da continxencia pola autoridade ou organismo correspondente sinalando a forma e momento elixidos para o cobramento da prestación.

3. A documentación referida será examinada pola entidade xestora, a cal poderá solicitar cantos datos complementarios estime necesarios.

4. A entidade xestora notificaralle ó beneficiario o recoñecemento do seu dereito á prestación, ou a súa denegación se é o caso, no prazo máximo legal desde a recepción de toda a documentación. A denegación deberá ser motivada. Igual notificación cursará de forma simultánea á Comisión de Control do Plan, a quen lle corresponde a supervisión do cumprimento das normas deste plan.

5. O pagamento dunha prestación en forma de capital, ou o primeiro pagamento dunha prestación en forma de renda, será efectuada dentro do prazo máximo legal establecido desde a recepción pola entidade xestora de toda a documentación necesaria para acreditar o dereito ó seu cobramento.

6. Para calquera reclamación que os beneficiarios poidan formular, dirixiranse á Comisión de Control do Plan, a través do seu secretario, quen a incluíra na orde do día da reunión que se celebre. Esta reunión deberá celebrarse nun prazo máximo de vinte días desde a recepción da reclamación e o acordo correspondente adoptarse no prazo máximo dun mes desde a recepción da reclamación. Do acordo adoptado ó respecto da reclamación presentada darase traslado ó beneficiario, así como á entidade xestora do fondo, nun prazo de dez días.

7. Unha vez comunicada polo promotor á entidade xestora o acaecemento dunha continxencia que poida dar lugar ó cobramento dunha prestación, e non comunicado este feito por ningún titular beneficiario, a entidade xestora daralle conta á Comisión de Control do Plan esta circunstancia para o seu coñecemento.

Artigo 33.- Certificados de percepción de prestacións

1. Ó peche de cada ano natural, a entidade xestora do fondo remitiralle ós beneficiarios un certificado no que indicará o importe da prestación percibida durante o ano, así como as retencións practicadas a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Así mesmo, se o beneficiario opta polo cobramento dunha prestación en forma de renda, a entidade xestora do fondo entregarlle un certificado acreditativo da súa condición no que se especificarán as características (duración, forma de cobramento, revalorización,...) e contía da renda. Se a renda está asegurada indicárase tamén a denominación da entidade xestora e o número de contrato de seguro que garanta ó plan a cobertura da prestación.

CAPÍTULO V ORGANIZACIÓN E CONTROL

Artigo 34.- A Comisión de Control do Plan

1. O funcionamento e execución do Plan de pensións serán supervisados por unha Comisión de Control, formada por representantes do promotor, partícipes e, se é o caso dos beneficiarios, de forma que se garanta a presenza de tódolos intereses, respectándose en todo momento unha representación paritaria do promotor (do 50%).

Os representantes dos partícipes desempeñarán a representación dos beneficiarios do Plan de pensións.

2. A Comisión de Control e, se é o caso, a Comisión Promotora, estará composta por 10 membros, consonte co seguinte reparto:

- Polo promotor: 5 membros
- Polos partícipes: 5 membros

3. O cargo de membro da Comisión de Control será gratuíto.

Artigo 35.- Funcións da Comisión de Control

A Comisión de Control do Plan terá as seguintes funcións:

a)Supervisar o cumprimento das cláusulas do plan en todo o que se refire ós dereitos dos partícipes e beneficiarios.

b)Seleccionar o actuario ou actuarios que deban certificar a situación e dinámica do plan e seleccionar a entidade aseguradora para o aseguramento das prestacións que se devenguen en forma de renda, ás que se refire o artigo 19.3 destas especificacións.

c)Nomear os representantes da Comisión de Control do Plan na Comisión de Control do Fondo de Pensións ó que está adscrito.

d)Propoñer as modificacións que estime pertinentes sobre achegas, prestacións e outras variables, derivadas das revisións actuariais requiridas pola presente normativa. Deberá seguirse o procedemento establecido nas especificacións do propio plan.

e)Supervisar a adecuación do saldo da conta de posición do plan, no seu respectivo fondo de pensións, ós requirimentos do réxime financeiro do propio plan.

f)Representar xudicial e extraxudicialmente os intereses dos partícipes e beneficiarios do plan perante a entidade xestora do fondo de pensións.

g)Propoñer e, se é o caso, decidir nas demais cuestións sobre as que a lexislación vixente lle atribúa competencias.

Artigo 36.- Elección dos membros da Comisión de Control e da Comisión Promotora

1. Os representantes do promotor na Comisión de Control e na Comisión Promotora do Plan serán designados directamente por este, podendo ser removidos en calquera momento, realizándose a oportuna comunicación á Comisión de Control ou á Comisión Promotora respectivamente.

2. Os representantes dos partícipes na Comisión de Control e na Comisión Promotora do Plan serán elexidos polos órganos de representación do persoal da Deputación provincial (Xunta de Persoal e Comité de Empresa), garantíndose a presenza dos cinco sindicatos máis votados nas eleccións ós citados órganos.

Estes representantes poderán ser removidos en calquera momento, así como a resultas de procesos electorais dos citados representantes dos traballadores realizándose a oportuna comunicación á Comisión de Control ou á Comisión Promotora respectivamente. En todo caso as ditas designacións terán unha duración máxima de catro anos.

Artigo 37.- Duración do cargo de membro da Comisión de Control.

A duración do cargo electo de membro da Comisión de Control será dun máximo de catro anos, podendo ser reelixido.

Artigo 38.- Funcionamento da Comisión de Control

1. A Comisión de Control designará un presidente a quen lle corresponderá convocar as súas sesións, dirixir as deliberacións e asumir a representación dela. O voto do presidente será de calidade en caso de empates.

2. Así mesmo, designará un secretario que redactará acta das sesións e levará os libros de actas.

3. A Comisión de Control quedará validamente constituída cando, debidamente convocada, estean presentes alomenos a metade máis un dos seus membros. A representación dun membro na Comisión de Control só poderá ser delegada noutro membro dela.

4. Os acordos da Comisión de Control adoptaranse, alomenos, por maioría absoluta (a metade máis un) dos membros da Comisión de Control presentes ou representados. Non obstante os acordos e decisións que afecten á política de investimento do fondo de pensións incluírán, alomenos, o voto favorable da metade dos representantes dos partícipes na Comisión de Control.

5. A Comisión de Control reunirase: a) alomenos, unha vez cada trimestre, b) cando así o soliciten, como mínimo, o 25% dos seus membros e, c) cando o establezan estas especificacións.

6. As convocatorias das reunións da Comisión de Control serán realizadas polo secretario coa conformidade do presidente e notificadas ós demais membros da comisión con ó menos unha semana de antelación á data prevista para a reunión por medio de carta ou calquera outro medio de comunicación con notificación de recepción, agás que a reunión teña carácter moi urxente, suposto en que se efectuará con vintecatro horas de antelación. A dita convocatoria deberá conter a orde do día prevista para a reunión.

Non obstante o anterior, a comisión entenderase convocada e quedará validamente constituída para tratar calquera asunto, sempre que estean presentes todos os seus membros e estes acepten por unanimidade a celebración da reunión.

7. En caso de ausencia do presidente, actuará como suplente del, o membro presente da comisión de maior idade. En caso de ausencia do secretario, actuará como suplente del, o membro presente da comisión de menor idade. As ditas suplencias quedarán reflectidas na acta da reunión correspondente.

8. A orde do día será proposta polo secretario e presidente ou, se é o caso, polos membros ou entidades que soliciten legalmente a convocatoria. Non obstante, a orde do día de cada reunión poderá ser alterada, o día previsto para reunión, se conta que tódolos membros estiveran de acordo.

9. A Comisión Promotora terá o mesmo funcionamento e réxime de acordo que o establecido para a Comisión de Control.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 39.- Modificación do Plan de pensións

1. A modificación do presente Regulamento do Plan de pensións poderá realizarse a instancias de, alomenos, o 25% dos membros da súa Comisión de Control.

2. A proposta de modificación requirirá

a) Dictame previo favorable dun acordo, sempre que a dita modificación afecte ó sistema financeiro do plan.

b) Que o acordo sexa tomado por maioría dos dous tercios (2/3) dos membros da Comisión de Control.

3. En todo caso, calquera cambio ou modificación que afecte ás bases económicas do plan ou á contía da contribución e outras obrigas do promotor non terá efecto ata que o dito acordo sexa ratificado polo promotor.

4. Nos demais supostos en que a normativa vixente o esixa.

Artigo 40.- Terminación do Plan de pensións.

1. Serán causas para a terminación, e posterior liquidación, do presente Plan de pensións:

a) O acordo de liquidación do plan tomado por alomenos o 75% dos membros da Comisión de Control.

b) Calquera causa legalmente establecida.

2. En todo caso serán requisitos previos para a terminación do plan a garantía individualizada das prestacións causadas e a integración dos dereitos consolidados dos partícipes noutro plan de pensións.

Artigo 41. Normas para a liquidación do Plan de pensións.

Decidida a terminación do Plan de pensións, a súa liquidación definitiva realizarase de acordo coas seguintes normas:

a) A Comisión de Control do Plan, por medio da entidade xestora, comunicaralles a terminación do plan a tódolos partícipes e beneficiarios cunha antelación de tres meses.

b) Durante o dito período de tres meses os partícipes deberánlle comunicarlle á Comisión de Control do plan, a través da entidade xestora, a qué plans desexan trasladar os seus dereitos consolidados.

c) Durante o mesmo período, os beneficiarios deberán comunicarlle á Comisión de Control do Plan, a través da entidade xestora, a que plans desexan trasladar os seus dereitos derivados das prestacións causadas.

d) Se chegada a data de terminación, algún partícipe ou beneficiario non tivera comunicado á Comisión de Control o indicado nos anteriores apartados b) e c), a entidade

xestora procederá ó traslado dos seus dereitos consolidados ou derivados a outro Plan de pensións que fora seleccionado pola Comisión de Control.

e) Unha vez trasladados os dereitos consolidados de tódolos partícipes e os dereitos derivados dos beneficiarios, a Comisión de Control do Plan comunicarlle á entidade xestora do fondo ó que estaba adscrito a terminación definitiva do plan.

f) Finalmente, a Comisión de Control do Plan procederá á súa disolución.

Disposición adicional única.-

Durante a duración do contrato de xestión do Plan de pensións para o persoal da Deputación provincial adxudicado a BIA GALICIA de Seguros e Reaseguros, S.A., como entidade xestora, e a Caixa Galicia, como entidade depositaria, aprobado por acordo plenario do 30.12.2002 desta Deputación Provincial da Coruña, e de acordo co establecido no artigo 15.c) destas especificacións, en caso de cese definitivo da relación funcional ou laboral, o Plan de pensións destinatario de mobilización, en caso de que o partícipe non comunicara á xestora do plan ó que o quere mobilizar, será CAIXA GALICIA PLUS 30, Plan de Pensións.

Disposición transitoria única.-

O pagamento das achegas do promotor, mencionadas no artigo 20.3 destas especificacións, e referentes á achega inicial correspondente ó exercicio 2002 (artigo 20.3.a) e á achega regular anual (artigo 20.3. b) correspondente ó exercicio 2003, realizarase dentro do primeiro semestre do exercicio 2003, e en relación cos partícipes pertencentes ó colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo do cadro de persoal) que se encontren en activo o 31 de decembro do ano 2002 e manifestara a súa vontade de adhesión ó Plan de pensións desde a súa constitución.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. presidente

Hai tres mocións, unha moción do Partido Socialista, unha moción ou declaración institucional, do Bloque Nacionalista Galego e unha moción do Partido Popular sobre o conflito de Iraq. Creo que están de acordo todos os tres grupos, aprobamos a súa urxencia, se queren xa por unanimidade as tres, por non andar votando unha por outra, aprobamos a urxencia, e eu aquí rogaría tamén que fagamos un debate unificando das tres

mocións, cada grupo que faga o seu debate, se o teñen a ben, reunirse con este presidente no despacho da Presidencia para chegar a unha transaccional se é posible. Apróbase a urxencia das tres mocións, ábrese o debate, e ó terminar rogaríalles iso que digo de intentar chegar a unha transaccional entre os tres grupos políticos.

Sr. Rodríguez Doval

A proposta que presenta o BNG é unha declaración institucional que recolle literalmente un documento aprobado polo conxunto de forzas políticas, sindicais, veciñais, de defensa da natureza, de crentes, en fin, eu creo que todo o amplo panorama social que neste momento, no noso país, en Galicia, igual ca no resto do Estado e no mundo, están manifestando a súa oposición a este ataque inxustificado, e que están ademais pondo o dedo na chaga das terribles consecuencias que no aspecto humanitario, económico e mesmo social, e sobre todo tamén político, vaise derivar de cara ó futuro.

Polo tanto, non me vou estender eu en explicar o contido de algo que obedece, non ó que pensa o BNG, senón ó que pensa, nosoutros pensamos, o que é o conxunto da cidadanía, agás do Partido Popular, e hai que dicilo así, porque senón, parece que non o imos aclarar.

Eu lamento moito, Sr. presidente, que vostedes non tiveran a habilidade, e vou retirar a palabra habilidade, senón que vostedes non tiveron a intelixencia e a coraxe de, sabendo que había dúas propostas que foron presentadas en tempo e forma, convocarnos para antes deste debate e suscitar a posibilidade dun acordo, dunha negociación, entre os tres grupos. Parece un pouco alucinante, que despois do que leva chovido, o grupo popular da Deputación da Coruña teña que agardar a que outros dous grupos presenten unha proposta para manifestarse sobre o tema da guerra, cando está chovendo o que está chovendo, e dígasenos que nos vaíamos un momento deste Pleno para ver se negociamos unha posición de consenso. A min, desde logo, paréceme tremendo que a estas alturas esteamos así porque iso pode ser indicativo de que vostedes pensen que non hai guerra, que vostedes pensen que a guerra non é importante, ou de que vostedes pensan que ten que buscar unha saída de última hora para ver se como hai dous, agora a ver se hai tres.

Eu adiántolle que nosoutros non temos ningún problema en reunirmos con vostede e con quen faga falta, non temos ningunha presa, e non temos prexuizos de ningún tipo, pero tamén lle adianto que se a filosofía que vai defender o Partido Popular e a que escribiron neste papel, nosoutros non imos apoiar ningunha proposta da que fagan vostedes, porque vostedes literalmente o que nos están a dicir, e leo os tres puntos porque son clarificadores, da proposta do PP, propónselle ó pleno que acorde o seguinte:

“1º.- Que o Pleno desexa por riba de todo que se acade a paz e que a actual situación de conflito bélico terminase o antes posible, cunha especial preocupación polas vítimas civís.

2º.- Manifestar o total apoio ás accións conducentes a axudar ó pobo iraquí.

3º.- Que ó final do conflito se respecte a soberanía nacional do pobo iraquí e dos seus recursos naturais.”

Claro, escribir isto a estas alturas, co que está pasando e pretender construír unha alternativa de consenso sobre este documento, ía dicir unha cousa que non vou dicila, pero supoño que todo o mundo a entende, eu creo que non é de recibo, agora, non temos ningún problema en que nos sentemos aí.

E tamén adianto, a nosa posición é clara, si a súa filosofía vai ser esta, nosoutros dificilmente imos chegar a un acordo, porque efectivamente, nosoutros pensamos que xa a estas alturas, se vostedes o que queren é discutir sobre isto, non vivimos en mundos iguais, non vivimos en mundos iguais.

E, polo tanto, nosoutros o que cremos que hai que facer é pedir inmediatamente a paralización desa guerra, desa guerra ilexítima, pedir a retirada do Estado español, como parte que está actuando no conflito bélico e, dende logo, recompor ese rompecabezas que vostedes, como parte dese triunvirato que se reuniu para dinamitar a Unión Europea, vai ser difícil que a estas alturas poidan facelo, pero se estamos a tempo, aínda poderemos facelo. Baixo esas bases nos reunimos e estamos aquí, nosoutros non temos ningunha presa, pero indudablemente tamén lle digo, non sexamos hipócritas, situémonos cada un onde nos corresponda, vostedes están onde están e nosoutros estamos onde estamos, e non pasa absolutamente nada, nosoutros correremos coas nosas responsabilidades, que tamén as temos pola posición que estamos mantendo, e vostedes coas súas, e non pasa nada. Agora parece pouco de recibo e, desde logo, axilidade, cero, e intelixencia á hora de formular este tema, perdoéme que llo diga así con toda claridade, cero; eu non diría isto se estiveramos ante un tema de debate desta deputación, pero eu teño 44 anos neste momento e síntome como parte dun debate, ou dunha decisión que nunca tiven que tomar na miña vida, dígollo sinceramente, e tomei outras máis complicadas. Agora, isto é moi serio para presentalo a pelo e, desde logo, bastante pouco formal. Fagan vostedes o que queiran, nosoutros imos votar, adiante, no caso de que se manteña as mocións, imos votar a favor da que presenta o grupo socialista, imos naturalmente, a votar a favor da declaración que nosoutros propoñemos e, no caso de que non se chegue a un acordo, imos votar rotundamente en contra da proposta que presenta o Partido Popular.

Dito isto, se queren cinco minutos, dez, quince, vinte, falamos e chegamos ó acordo que sexa posible chegar.

Sr. Presidente

Sr. Rodríguez Doval, entendo que as transaccións non son para impor ningunha moción de ningún grupo, senón para entre os tres chegar a un acordo. Cando hai unha transacción, ou se intenta chegar a ela, non é para que ninguén imponha a súa moción ou proposta.

Polo tanto, creo que queda claro.

Sr. Fernández Moreda

Falaban no debate que se produciu con motivo do punto anterior na orde do día, de política con maiúsculas e política con minúsculas. Eu non sei se vou falar de política con maiúsculas ou de política con minúsculas, en calquera caso eu quero falar de dereitos humanos, de legalidade xurídica, de seguridade internacional; eu quero falar de xustiza e quero falar de senso común desde o senso común.

Estes días estase escribindo unha páxina negra na historia da humanidade. Cada bomba, cada disparo que se fai na guerra de Iraq é un atentado ós valores e os principios da democracia e da orde xurídica internacional manifestada na declaración universal de dereitos humanos e na Carta de Nacións Unidas. Estes días, con cada bomba sémbrese o odio en millóns e millóns de cidadáns.

Millóns de españois tamén manifestaron reiteradamente a súa oposición a esta guerra e a maioría sentimos indignación e tamén e, sobre todo, sentimos tristeza. Toda guerra é un fracaso, cando se realiza á marxe da legalidade internacional, é unha ignominia.

Lamentamos o sufrimento do pobo iraquí que durante moitos anos foi vítima dun sátrapa, cruel e sanguinario, e hoxe síntese vítima tamén dos que se chaman a si mesmo os seus libertadores. Parécenos inaceptable que desde gobernos democráticos e en nome de valores democráticos se desautorizara o Consello de Seguridade de Nacións Unidas. Non se pode construír ningunha orde internacional nova fundándose na desorde e non se pode, en nome da seguridade, xerar a maior inseguridade que se lembra no mundo nas últimas décadas.

Esta é unha guerra que se desatou á marxe da legalidade internacional, na que España non debe involucrarse, non debe pois autorizarse o uso de bases nin enviar soldados

ó escenario do conflito e débese, si, pór a disposición de Nacións Unidas tódolos medios que sexan solicitados para as accións humanitarias que se desenvolven baixo o seu amparo.

Consideramos que esta guerra, que este ataque militar, é un ataque que carece de calquera tipo de xustificación; consideramos, igualmente, que este ataque militar non ten ningún tipo de cobertura legal e supón, polo tanto, unha guerra preventiva, ilexítima e contraria á legalidade internacional.

A resultas disto, o grupo provincial socialista proponlle ó Pleno da deputación a adopción do seguinte acordo:

“Instarlle ó Goberno de España a non participar de ningún modo, de forma directa ou indirecta, nas operacións militares que se levan a cabo en Iraq, nin conceder autorización de uso de bases no territorio español en apoio destas.

Instarlle ó goberno a realizar as accións precisas en tódolos ámbitos bilaterais e multilaterais, para que se adopten as medidas necesarias para que esta guerra cese o máis rápido posible. En concreto o goberno promoverá a convocatoria dunha reunión do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, e a adopción por este órgano dunha decisión dirixida á solución pacífica da crise mediante o impulso e o reforzo do proceso de inspección, e a formulación dun programa de traballo polo equipo de inspección e verificación.

Igualmente, o goberno promoverá a convocatoria dun Consello de Europa extraordinario, co obxectivo de recompor unha posición común da Unión Europea sobre o conflito de Iraq e a súa solución pacífica.

Comunicarlle este acordo ó goberno da nación e ó Congreso dos Deputados e á Unión Europea.”

Esta é a moción que presenta o grupo socialista. Imos votar que si á declaración que propón o Bloque Nacionalista Galego, porque creo que todos compartimos o que eles propoñen.

E con respecto á moción que presenta o grupo popular, que se nos presentou ó longo deste pleno, diríamos que é unha moción que podería complementar a moción do grupo socialista, pero que baixo ningún concepto podería substituír a moción do grupo socialista.

Efectivamente, os tres puntos que aquí din compartímolos todos, porque todos desexamos por riba de todo, que se consiga a paz e que a situación de conflito bélico

termine canto antes, todos desexamos e apoiamos as accións conducentes a apoiar ó pobo iraquí e todos queremos que ó finalizar o conflito se respecte a soberanía nacional do pobo iraquí e dos seus recursos naturais, e nosoutros engadiríamos algo máis, que se respecte a soberanía e a integridade territorial de Iraq. Polo tanto todos compartimos esta proposta pero consideramos que é insuficiente, nosoutros queremos algo máis.

Non vai ser doado chegar a un acordo, aínda que estamos dispostos a falar e a buscar un consenso, pero non vai ser doado buscar un consenso en torno a este documento, porque consideramos que é insuficiente, e nosoutros non queremos facer aquí, nin política con maiúsculas, nin política con minúsculas, nin queremos facer nada, queremos expresar a nosa opinión, queremos expresar a nosa posición, e que cada un, libremente e democraticamente, exprese a súa.

Imos votar que si á moción do Bloque, imos votar por suposto á nosa moción e, se someten a súa a votación nestes termos, nosoutros absteríamonos, porque non queríamos que co noso voto, e por maioría aquí se aprobase algo que compartimos todos e que está implícito nos nosos escritos, nas nosas mocións, pero que consideramos claramente insuficiente, dada a gravidade do conflito, a nosa posición debe ser máis rotunda e máis contundente da posición que expresa a moción do grupo popular.

Sr. Varela Rey

En principio, para solicitar da Presidencia, se entendo ben, se vai ter lugar o receso na sesión para chegar a un consenso, ou se non cómpre. Creo entender que por parte do PSOE, entendín que non era necesario suspender a sesión e que por parte do Bloque, tampouco.

Sr. presidente

Entendín o BNG que está, á parte dos seus comentarios que fixo e críticas, que está disposto a transacionala e a facer o que sexa posible, e o Partido Socialista non o confirmou, pero creo que non.... ¿Pola súa parte temos un receso ó terminar?, Sr. Varela, non hai inconveniente ningún. Polo tanto, interveña vostede o máis brevemente posible e reunímonos no despacho da Presidencia.

Sr. Varela Rey

En principio o que propoño, polo tanto, é facer un momento para vernos, para ver se se fai unha moción conxunta, e de non ser así, solicitaremos a intervención posterior nese senso para defender a nosa postura. Gracias.

Sr. presidente

Entón, suspéndese a sesión durante cinco ou seis minutos.

Os Sres. deputados abandonan o salón durante dez minutos e reanudan a sesión ás quince horas e trece minutos.

Sr. presidente

Os Sres. deputados saben que non se permite ningún tipo de manifestación nesta cámara, e rógolles que retiren eses carteis. Eu creo que non está permitido ningún uso de manifestación de calquera tipo. Polo tanto, para continuar o Pleno, rógolles que os retiren.

Doulles as gracias a todos pola súa comprensión.

Intentada esa transaccional, como lle dicía, e non sendo posible, pídolle a cada grupo que explique a súa postura o máis brevemente posible.

Sr. Rodríguez Doval

Son intres difíciles, pero non debemos de perder a serenidade, e quérolle dicir que en ningunha parte do regulamento desta institución figura que non poida haber igual este cartel aquí ó meu lado, que este cartel no meu peito, dá igual, non pasa nada, non estamos embadurnando as paredes, non se preocupe, o peor é a guerra, Sr. presidente.

Nosoutros, xa llo dixen, eu sabía que non iamos chegar a un acordo porque é evidente e claro que hai dúas posicións definidas neste momento respecto do que está pasando no mundo. Hai unha posición definida que é a que recolle o conxunto, e imos cinguirnos ó que pasa no Estado español, é o que recolle esa enquisa do CIS de hai pouco tempo, por certo, antes de que se producira o ataque, nunha palabra, hai o que pensa o conxunto da sociedade, menos o Partido Popular, e hai o que pensa o Partido Popular, máis nada hai esas dúas posiciones. Difícil sería que nosoutros neste momento, non por un problema ideolóxico, senón por un problema real do que está pasando, alinearámonos en defender a posición do Partido Popular e, polo tanto, aprobar a súa moción.

O debate aquí non é se estamos pola paz ou non, isto non é un debate etéreo, este é un debate concreto. Hai un ataque, unha invasión militar, en concreto feita á marxe de toda legalidade internacional, en contra da legalidade internacional, deixando a legalidade internacional tocada da ala, que se fai por parte dos Estados Unidos, coa colaboración do Reino Unido e do Estado español, e por outro lado hai o que hai. É evidente que estamos ante unha situación que nunca se dera ata este momento e que, ademais, lévanos naturalmente a ter posicións como as que se están formulando, concretamente, neste debate hoxe aquí.

Claro, eu dígolle o mesmo que lle dixen ó principio, oxalá o debate desta institución, oxalá que o que puideramos facer desde aquí dependera de que dixeramos que todos estamos pola paz en contra das guerras, pero é que non é iso o que está en debate, o debate neste momento, e a mensaxe que me dá a impresión que vostedes seguen sen entender cunha cidadanía que está presionando como está presionando, que está presionando a través de mobilizacións, é que non queremos, primeiro, non queremos que haxa guerra, non queremos que iso se faga como se fixo á marxe da legalidade internacional, e ademais que non queremos que o Estado español participe niso, porque hai razóns máis que fundadas para pensar que tamén é ilegal a participación do Estado español porque viola a carta básica, que é a Constitución española. Todo pode ser debatible, pero que hai guerra e que está morrendo xente, iso non é debatible, e eu non quero ser demagogo, eu leo os periódicos e abro os periódicos, e sei o que pasaba hai tres ou catro anos, e sei o que pasa agora, e sei o que pasou cos inspectores de Nacións Unidas. Polo tanto, aquí todos temos os datos, non sexamos hipócritas, e pensando que isto se resolve cun queda ben de dicir todos á paz, e que ben quedamos, ¡non, señor! O que hai que facer e o que ten que facer esta deputación é obrigar ó Estado español a que na parte que lle corresponde se retire e que procure que esa guerra pare canto antes, e despois obrigar ó Estado español a que recompoña na parte que lle corresponde, a legalidade internacional, empezando pola legalidade que el mesmo pisoteou, este é o debate, se non, debatemos sobre esas cousas.

Que isto ía pasar, eu creo que todos o sabiamos, hai unha decisión política que está tomada desde hai moitísimo tempo por parte de quen ten a chave deste tema, que son os Estados Unidos, e o que está en xogo aquí non é nin máis nin menos, non soamente a batalla polo petróleo e polos recursos daquela zona do planeta, senón fundamentalmente a creación dunha nova orde internacional, e esa creación, non é unha creación, é unha imposición. Estamos ante unha nova orde internacional imposta polos Estados Unidos de América, e isto non é ideoloxía, parece que soa a discurso político, pois isto que parece que soaba a discurso político hai dous ou tres meses, agora soa a realidade, xa todo o mundo pódoo ver, todo o mundo pode ver que hai unha imposición dunha nova legalidade. E, por certo, estamos moi preocupados nosoutros que ese proxecto que se chama Europa, por certo co cal, dos grupos políticos que hai aquí nosoutros somos os que máis discrepamos

pola forma en que se fixo, que ese proxecto que se chamaba Europa, está totalmente dinamitado, e é evidente que os Estados Unidos sabían moi ben o que facían. O que é tremendo non é que os Estados Unidos dinamiten o proxecto de construción desa nova, que agora lle chaman vella Europa, senón que o tremendo é que os aliados, para dinamitar esa situación, estean precisamente no caso de Gran Bretaña, que por certo co tema da construción da Unión Europea tivo a posición que tivo, que non foi precisamente de participación e de sumirse aí para perder algo e gañar algo, e que estea, efectivamente, o propio Estado español nas condicións nas que está, e desde logo unha serie de argumentación, eu estiven lendo hoxe pola mañá este papeliño famoso de “Pola paz, pola nosa seguridade”, e ten unha raia debaixo de seguridade, e eu pensaba se, ó mellor, o da raia era mellor de “nosa” coa raia debaixo e o de “seguridade” sen a raia, parece que o Partido Popular está máis preocupado polo de “nosa” que polo de “seguridade”. Léolles parágrafos: “O goberno traballa para a paz” -indo á guerra-, “algúns deses terroristas foron detidos aquí mesmo”, -supoño que se referían ós que colleron con aquel material raro que tiñan”, “non son os inspectores da ONU os que teñen a obriga de encontrar esas armas. O goberno de España non defende ningún tipo de ataque preventivo”, ¿cómo vostedes escribiron isto e a fío seguido fixeron o que fixeron?, non se volveu louco o presidente do goberno español, tomouse unha decisión, evidentemente, política.

Non vou intervir máis, quero ler simplemente unha pequena frase dun escrito que fixo o escritor portugués Paulo Coelho, xusto o día antes de que se ía producir o ataque, e é un escrito, que non o vou ler enteiro, simplemente unhas últimas frases, que di: “Gracias, presidente Bush, gracias, gran líder George Bush. Gracias por facernos sentir de novo que aínda que as novas palabras non sexan oídas, polo menos son pronunciadas, e isto daranos máis forza para o futuro. Gracias por ignorarnos, por marxinar a todos aqueles que tomamos a actitude contra a súa decisión, pois o futuro da terra é dos excluídos. Gracias porque sen vostede non teríamos coñecido a nosa capacidade de mobilización, quizais non serva para nada no presente, pero seguramente será útil máis adiante. Agora que os tambores de guerra parece soar de maneira irreversible, quero facer miñas as palabras que un antigo rei europeo dirixiu a un invasor: Que a súa mañá sexa fermosa, que o sol brille nas armaduras dos soldados, porque durante a tarde eu vou derrotalo. Gracias por permitírnos a todos, un exército de anónimos que se manifestan polas rúas intentando parar un proceso xa en marcha, coñecer a sensación da impotencia, aprender a lidar con ela e transformala. Polo tanto, Sr. Bush, aproveite a súa mañá e a gloria que aínda lle poida traer. Gracias por non escoitarnos e por non tomarnos en serio, pero saiba que nosoutros habémolo de escoitar e nunca esqueceremos as súas palabras.”

E quero terminar coa miña asunción total e absoluta das declaracións do Sr. Félix Pastor Ridruejo, membro do Comité Executivo do Partido Popular nos periódicos de hoxe. Bush é unha amizade perigosa, é un personaxe lamentable no mundo moderno; a guerra é

inadmisíble para calquera cidadán conscente, e cando parece inevitable, o que hai que facer, é evitala.

Nosoutros imos votar a favor da moción que presentou o PSOE, a favor da proposta do BNG, desa declaración, e imos votar en contra da moción do Partido Popular.

Sr. Fernández Moreda

Brevemente, este non é o lugar para facer un debate sobre política internacional, porque nin temos as competencias, nin eu persoalmente teño os coñecementos para falar de xeopolítica, xeoestratéxica, simplemente veño en falar de sentimentos, dos meus propios sentimentos e dos sentimentos do grupo, e dos sentimentos dunha gran parte da sociedade.

Presentamos esta moción porque entendemos que é unha obriga como representantes políticos de levar ás institucións onde estamos presentes a nosa opinión para que a nosa opinión sexa coñecida polos responsables políticos que teñen que por fin a esta desfeita. E é difícil, eu agradezo a vontade de chegar a consensos, pero é difícil porque partimos de situacións diferentes. Nosoutros simplemente non nos conformamos con condenar a guerra, non nos conformamos con dicir que se manteña a soberanía do pobo iraquí, iso, como din os entendidos, *va de soi*, queremos algo máis. Nosoutros consideramos que a guerra carece de xustificación, nosoutros consideramos que a guerra é ilexítima e contraria á legalidade internacional, nosoutros queremos que o goberno de España, que España non participe de ningún modo, nin directa nin indirectamente nese conflito, nosoutros queremos que o goberno da nación faga todo o que teña que facer en tódalas instancias internacionais para pór fin a este conflito, e pór fin canto antes.

E é difícil chegar a acordos cando o que se pretende é, dalgunha forma, desnaturalizar esta posición e pór outra posición, que compartimos todos, pero que é unha desnaturalización dos sentimentos que a nosoutros nos embargan e dos sentimentos que entendemos que ten a maioría da sociedade española. Polo tanto, brevemente, imos votar que si á nosa moción, imos votar que si á moción do Bloque Nacionalista Galego, e imos votar que non á moción do Partido Popular.

Sr. Varela Rey

Para facer unha intervención en nome do grupo popular que vou procurar que sexa breve, que sexa breve e que sexa clarificadora tamén.

Hoxe creo que aparecía unha información nun medio de comunicación, onde dicía que o 90% da poboación rexeita a guerra, eu creo que non, eu estou seguro de que a esa información lle falta un pequeno dato, que é o 10%. Non me cabe ningunha dúbida de que

non hai absolutamente ninguén que non estea en contra da guerra, pero tamén aínda que o cen por cento estea en contra da guerra, houbo guerras, houbo conflitos, o único conflito que está habendo nestes momentos non é unicamente o de Iraq, e posiblemente tampouco se resolva a través dos tempos por toda a boa vontade que poidamos ter, e que non haxa situacións conflictivas de presente, e tamén de futuro.

Ninguén quere a guerra, e ningunha guerra ten xustificación, o que si parece claro é que toda guerra termina sempre por onde debía empezar, que é pola paz, e para iso é polo que hai que traballar permanentemente, pero non temos que esquecermos de cál é a situación, non soamente en Iraq, senón noutros puntos do planeta onde hai conflitos, e onde hai situacións difíciles. E a esta situación, formulada nestes momentos, chégase despois de esgotar tódolos intentos de facer creíble a presión diplomática.

Desde novembro pasado, Sadam Hussein seguía sen atender nin cumprir a derradeira oportunidade que se propuxo desde Nacións Unidas, e non que lle formulou un país, nin dous, nin cinco, que se formula desde o conxunto dos países para evitar a intervención. A intervención prodúcese precisamente para facer respectar a legalidade nun caso de urxente e grave ameaza internacional, contemplado e recoñecido como tal polo Consello de Seguridade. En Nacións Unidas tamén se discutiu o momento concreto de actuar, e nunca se puxeron en cuestión dentro do propio Consello de Seguridade as razóns desa intervención.

Doce anos despois, doce anos, porque falamos do conflito do ano 91, a Resolución 1.441 constataba de novo o incumprimento das súas obrigas de desarmamento, e daba, hai máis de cinco meses, unha derradeira oportunidade de cumprir obrigatoriamente, sen exporse a graves consecuencias, que estamos contemplando.

Esta é a situación na que nos estamos movendo, e a partir de aí reiterar que ese cen por cento da poboación, non española, senón mundial, non quere a guerra e está pola paz, mesmo poderíamos ir máis alá e dicir que nin sequera estaríamos polo exército, ou nin sequera estaríamos polo armamento, e seguramente que non habería situacións conflictivas, ó mellor nin sequera serían necesarias moitas situacións de avogados, pero estaríamos falando do mundo de Adolf Huxley, dun Mundo Feliz, e non estaríamos falando do mundo imperfecto que temos, e que loxicamente temos que tomar decisións. E ó mellor tampouco estaríamos falando do 0,7 que poden destinar os países senón que poderíamos estar falando do 4,5%.

A situación de hoxe, non hai tanto tempo estremecía a todo o mundo a situación de Kosovo, a situación dos Balcáns. A situación dos Balcáns prodúcese dunha maneira exactamente igual á que se está producindo en Iraq. Naquel momento houbo un apoio sobre

esa intervención, que termina incluso co dictador nos tribunais internacionais, e que seguramente que todo o mundo está nesa situación co resultado final favorable.

E cando se fala das bases españolas, hai un tratado asinado, o que non sei, me imaxino que o tratado que se asina é para respectalo, de utilización conxunta das bases. Trasladémonos tamén ó ano 92 e os B-52, en pleno goberno socialista, de alí despegaban, bombardeaban en Iraq, e volvían a España, esa era a situación naquel momento.

¿Cal foi a postura do Partido Popular naquel momento? apoiar e entender que era un mal necesario, pero que era imprescindible dar ese apoio, pero os B-52 despegaban no ano 91 das bases conxuntas que había, e seguramente que nin o grupo socialista se alegraba naquel momento de tamén estar participando nun conflito, e evidentemente o grupo popular tampouco, e nunca utilizou esta situación en absoluto só para mostrar o apoio, desde o noso país, para que non haxa ameazas de carácter internacional. Eu creo que o que estamos vendo e a situación de guerra, que a todos nos estremece, que o máis importante é o respecto á vida e, polo tanto, que hai que por medios. A dificultade está en saber cáles son os tipos de medios e cáles son os imprescindibles que hai que por. Eu reitero, na utopía podemos incluso intentar que non haxa exércitos, nin armamentos, pero seguramente que o teremos difícil de conseguir.

Non querendo utilizar ningún tipo de demagogia, senón todo o contrario, e sendo realistas, mesmo tampouco nos importaría que tamén se puideran condenar desde os grupos da oposición neste caso, desde o Bloque e desde o PSOE, algunhas situacións que estamos xa vendo estes días, Ruíz Gallardón nun acto público que, por querer utilizar a palabra, hai unha situación de violencia; onde o candidato á alcaldía de Barcelona, Fernández Díaz, eu creo que non son unhas imaxes constructivas, e tamén por querer defender a situación de democracia tamén incluso nos gustaría, ou o propio presidente da Xunta nalgún acto, eu lembro en Noia hai poucos días, onde tamén había esa situación de violencia. E nosoutros condenamos calquera acto de guerra, estamos pola paz, condenamos calquera acto de violencia e condenamos calquera situación de ameaza, prodúzase onde se produza, en calquera situación e en calquera momento.

Entendemos que a nosa posición é tan ampla e tan ambiciosa como a de calquera grupo político, e o que é seguro é que calquera cidadán do Partido Popular nunca está por buscar situacións de conflito nin situacións de violencia.

E a nosa moción, que é a que solicitamos o apoio desta institución, desta cámara, desta Corporación, e que primeiro desexamos, por riba de todo cando dicimos por riba de todo, cando dicimos por riba de todo nesa amplitude, que se alcance a paz, e que a actual situación de conflito bélico se termine o antes posible cunha especial preocupación polas vítimas civís; segundo, manifestar o total apoio ás accións conducentes ó pobo iraquí, e

terceiro, que ó final do conflito se respecte a soberanía nacional do pobo iraquí e dos seus recursos naturais.

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Presidente

Sometemos a votación, eu creo que está debatido, Sr. Rodríguez Doval, damos por cerrado o tema.

Sr. Rodríguez Doval

Isto é un tema novo.

Sr. presidente

Xa ben, pero eu creo que abrimos un debate novo, por favor, eu creo que está...

Sr. Rodríguez Doval

Pois que non fale el, presidente, que non abra debates novos, porque senón despois queremos falar.

Sr. presidente

Despois doulle unha reprimenda.

Sr. Rodríguez Doval

Eu non permito que el introduza aquí discusións que non veñen ó caso. Ou sexa, a lei é para todos e leva todo o tempo provocando, e non o vou consentir, así de claro.

Sr. presidente

Creo que está cerrado o debate, Sr. Rodríguez Doval, imos someter as mocións, imos someter primeiro por orde de entrada, a do grupo socialista.

VOTACIÓN

Votan a favor: 12 deputados (8 do PSOE e 4 do BNG)
Votan en contra: 15 deputados (PP)
Abstéñense: ningún deputado

A continuación sométese a votación a declaración presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

VOTACIÓN

Votan a favor: 12 deputados (8 do PSOE e 4 do BNG)
Votan en contra: 15 deputados (PP)
Abstéñense: ningún deputado

Finalmente sométese a votación a moción do Partido Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)
Votan en contra: 12 deputados (8 do PSOE e 4 do BNG)
Abstéñense: ningún deputado

En consecuencia, apróbase a moción do grupo popular co seguinte texto:

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE O CONFLICTO EN IRAQ

1º.-Desexa por riba de todo que se acade a paz e que a actual situación de conflito bélico se remate o antes posible, cunha especial preocupación polas vítimas civís.

2º.-Manifestar o total apoio ás accións conducentes a axudar ó pobo iraquí.

3º.-Que ó final do conflito se respecte a soberanía nacional do pobo iraquí e dos seus recursos naturais.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as quince horas e corenta minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.